

FERMÍN BOUZA BREY XUIZ E GALEGUISTA

FERMÍN
BOUZA
BREY



XUIZ E

GALEGUISTA

GALEGUIZAR GALICIA



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística



IRMANDADE
XURÍDICA GALEGA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Xustiza



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



DEPARTAMENTO DE
PONTEVEDRA

FERMIN BOUZA BREY
Xuíz e galeguista

© dos textos: os autores

© da publicación: Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística

Coordinación: Xosé González Martínez e Carme Pérez Vaquero

Deseño, maquetación e fotografía portada: Pío García

Edición:



PIO GARCIA
EDICIONES

Imprime:

Depósito Legal:

GALEGUIZAR GALICIA

PROLOGOS

A Irmandade Xurídica Galega e D. Fermín Bouza Brey

O obxectivo central que xustificou no seu día a creación da Irmandade Xurídica Galega foi a de promover e asentar o galego como lingua de traballo nos ámbitos xurídicos e administrativos en condicións de normalidade e na dirección que sinalaba o Plan xeral de normalización do uso do galego de 2004.

Desde o ano 2004 ata hoxe rexistráronse moitos acontecementos, de diverso alcance, que obrigan ás persoas e ás asociacións defensoras da normalización do galego a revisar as ideas e os presupostos do noso labor.

Esa revisión pode ser nos distintos colectivos de máis ou menos calado en función da coherencia coa que cadaquén participa no proceso de normalización: con toda modestia entendemos que, no noso caso, a revisión non leva máis que a afondar nos presupostos que serviron de alicerce ao noso traballo porque nunca presentamos a promoción do galego no eido xurídico como unha imposición contra ninguén, nin en substitución da outra lingua oficial –o castelán-, e sempre tivemos claro que o respecto aos dereitos e á dignidade das persoas era un dato inesquecible.

O clima de respecto e mesmo de cortesía no que sempre quixemos que medrase o uso profesional do galego levounos hai moito tempo a desterrar e a evitar o uso e o abuso da palabra conflito lingüístico: non é admisible defender o galego como lingua xurídica e administrativa desde unha perspectiva de conflito co castelán e cos castelánfalantes e por iso tampouco podemos admitir que se invoque contra o uso do galego o demagóxico argumento da imposición lingüística.

A harmonía lingüística e os dereitos dos galegofalantes continúan a esixir dos poderes públicos unha acción política clara, planificada e coherente na que se fomente de xeito equitativo o uso da lingua minorizada e se lles garanta aos cidadáns o acceso en galego, en condicións de igualdade e sen discriminacións, a todos os ámbitos da vida social e aos servizos públicos ou de interese público, nomeadamente á xustiza, a educación, a sanidade, aos aparellos administrativos e aos medios de comunicación públicos.

En coherencia co obxectivo central da Irmandade ao que acabamos de aludir, outra das ideas que nos moven é a de recobrar a memoria de homes do dereito de Galicia que se significaron pola defensa da súa lingua e da súa cultura. Por iso organizamos en outono do ano 2007 as xornadas de Castro Caldelas en honor dos xuristas D. Manuel Casado Nieto, D. Orencio Pérez González e D. Claudio Movilla. No acto fundacional do Mosteiro de San Rosendo, en Celanova, no verán do 2008, xuntámonos arredor da figura do xuíz e avogado D. Sebastián Martínez Risco. Ao

ano seguinte, no Pazo de Fonseca de Santiago de Compostela, correspondeulles aos nosos compañeiros, o maxistrado D. Daniel García Ramos e o notario D. Vitorino Gutiérrez Aller. E este último ano, no salón de actos da Deputación Provincial de Lugo, homenaxeamos ao ilustre avogado D. Pedro González López.

Aproveitamos esas ocasións para divulgar textos daqueles xuristas e tamén, na medida do posible, para erguer un pequeno monumento na súa lembranza: os bustos dos tres xuristas caldeás presiden hoxe unha praza daquela localidade ourensá, o de Daniel campá no xardín central da súa Baña natal, e un fermoso relevo de D. Pedro agasalla a vista dos paseantes nun canto da cidade de Lugo.

Aínda temos pendentes moitos actos para sacar do pozo do esquecemento a xuristas que mantiveron un compromiso co país, como por exemplo, entroutros, D. Amadeo Varela, avogado demócrata e republicano de Ourense, dinamizador da mobilización contra as expropiacións e o asulagamento das terras do Ribeiro no val de Castrelo de Miño; D. Roberto González Pastoriza, prestixioso avogado de Vigo que sufriu cadea e desterro en 1947 pola súa militancia galeguista; ou D. Ramón Carballal Pernas, maxistrado e impulsor do dereito civil galego.

Neste ano 2011 dedicamos o acto central da Irmandade na cidade de Pontevedra á figura de D. Fermín Bouza Brey.

Case todo o mundo sabe que Bouza Brey foi un brillante poeta, historiador e arqueólogo, así como un home dunha grande erudición. O que poucos coñecen é que tamén foi xuíz e avogado, faceta da súa vida na que se centran as valiosas colaboracións do infatigable investigador D. Clodio González Pérez e dos ilustres letrados D. Antonio Platas Tasende, decano do Colexio de Avogados da Coruña, e D. Xesús Palmou Lorenzo, membro do Consello de Contas de Galicia.

Da traxectoria vital de D. Fermín interézanos salientar dúas cuestións:

Primeira, o feito de sumarlle á súa formación e práctica xurídica unha forte vocación humanística, na tradición dos máis destacados xuristas. Como dixo un dos comentaristas da súa obra, dedicou o seu otium á literatura, á investigación histórica e etnográfica, e o seu nec otium ao dereito.

A vocación humanística levouno a unha actividade cultural constante ao longo da súa vida: xa no ano 1923, aínda estudante universitario, forma parte do grupo que constitúe o Seminario de Estudos Galegos en Santiago de Compostela (ao que se suman de contado Cotarelo Valledor, Castelao, Losada Diéguez, Lugrís Freire e o apoio do arcebispo Lago González), intégrase nas seccións

de Prehistoria, Historia, Etnografía e Folklore e ata 1936 publica innumerables artigos e traballos sobre esas materias nas revistas Arquivos, órgano do Seminario, e Nós.

Con posterioridade á guerra civil, forma parte da directiva do Instituto Padre Sarmiento, creado en 1943, xunto con Antonio Fraguas, Xesús Carro, Ramón Otero Pedrayo, López Cuevillas e Vicente Risco, onde dirixiu as seccións de Prehistoria e Arqueoloxía e publicou innumerables artigos sobre Galicia, sobre os escritores galegos do S. XIX e nomeadamente sobre Rosalía de Castro.

En segundo lugar, son rechamantes as penosas circunstancias nas que Bouza Brey desenvolveu o seu traballo como xurista: a guerra civil estala cando é xuíz de primeira instancia e instrución da Estrada e xa nas primeiras semanas da contenda ten un grave incidente cos falanxistas da localidade e coas autoridades militares, cuxas consecuencias o perseguirán ao longo da súa etapa como funcionario. Nun tempo en que era imperativo que se cumprise o lema “inter armas, silent leges” en prexuízo dos “roxos”, republicanos, sindicalistas e calquera sospeitoso de desapego aos principios do “alzamiento”, Bouza Brey porfiou na medida das súas posibilidades en que a xustiza civil non fose varrida pola represión violenta dos militares e dos falanxistas.

As agonías e padecementos daquela xeración de galeguistas e de xuristas –dos que morreron e dos que sobreviviron, dos que sufriron o exilio e dos que penaron no interior– constitúen un bo contrapunto para valorar na súa xusta medida o estado do dereito e a democracia conquistados non hai tanto tempo pero cuxo custo se esquece de contado.

Conclúo cunha palabras do profesor D. Xosé Manuel Enríquez:

“Membro dunha brillante e esperanzadora xeración de intelectuais galegos masacrada, dispersada e silenciada pola guerra civil, Bouza Brey procurou manter acceso, sen estridencias, nese tempo de cautelas e temores, o facho dos seus ideais e da súa devoción por Galicia e as súas xentes. O seu compromiso tivo lugar... nuns tempos en que a escuridade dominante convertía homes e países en ignorantes de si mesmos e da súa historia, recuperando para o futuro a memoria do pobo.”

Xoaquín Monteagudo Romero
Presidente IXUGA

Por máis que se insista na repetición de determinados aforismos, xamais o mazo do batán da conversa cotiá lles achandarán a verdade que revelan. É o que ocorre co orteguiano “eu son eu e a miña circunstancia e se non a salvo a ela non me salvo eu”, aforismo que non por insistentemente frecuentado nos deixa de vir á memoria unha e outra vez cando a continxencia dunha adversidade transforma en imposible calquera realización, sexa persoal ou allea.

Galeguista desde moi novo na época do protogaleguismo, membro fundador do Seminario de Estudos Galegos, publicista precoz, poeta renovador e innovador, prehistoriador, arqueólogo e xuíz recto, Fermín Bouza Brey móstrasenos, antes de 1936, como o paradigma de cidadán galego empeñado en collerlle o pulso á historia intervindo nela con entusiasmo.

O que se conta en Fermín Bouza Brey e Trillo: xuíz e maxistrado é, no entanto, cousa ben distinta. Aquí relátase moi documentadamente a historia real dun ser humano ao que, a partir dun momento dado da vida, a “circunstancia” lle foi severamente adversa, mais que, malia todo, tentou salvara para ben del e dos que, a carón del, compartían infortunio. Algo que fixo sempre con valentía e determinación.

Porque foi persoa boa e porque foi persoa comprometida coas causas xustas, constitúe un acto de xustiza dedicarlle este volume colectivo a Fermín Bouza Brey. As maxistras contribucións dos colaboradores representan a mellor das homenaxes a un home que tivo como proxecto de xuventude ser “nao senlleira”, pero que ceo, astros e vento lle furtaron en boa medida.

¡Quén dera ser nao senlleira
[...]

Sen ceo, sen astros, sen vento,
sempre â toa pol-as ondas
deitado no esquecemento,
nin andar nin desandar,
nin ter outro coido acedo
que leijarse ir pol-o mar...
¡Quén dera ser nao senlleira!
Sen fito -estrela nin porto-
iser eu a propia ribeira!
(De Nao senlleira, 1933)

Anxo M. Lorenzo Suárez
Secretario Xeral de Política Lingüística

Un pontevedrés ilustre e universal que aportou extraordinarios froitos científicos e literarios ó xardín de Galicia

Para a Deputación de Pontevedra é unha honra colaborar na edición deste libro sobre a vida e obra de Fermín Bouza Brey e nos actos cos que a Irmandade Xurídica Galega homenaxea a súa figura.

Sobre todo porque a institución provincial ven contribuíndo nos últimos anos á recuperación da memoria da nosa provincia con publicacións e audiovisuais adicados, entre outros, a personalidades como Castelao, Portela Valladares, Bóveda, Osorio Tafall, Rajoy Leloup, Filgueira, Laxeiro ou Manuel Torres. Pero tamén a moitos outros que, sin o protagonismo, a sona ou a proxección dos anteditos, contribuíron decisivamente ó progreso, á mellora e ó desenvolvemento en diversos campos dos seus pobos e vilas.

Xentes, todas elas, que perviven en nós e que quedaron na memoria colectiva e na realidade actual da nosa provincia e de Galicia. Personaxes e ideas e de pensamento pero tamén de execución e de acción. Traballadores a favor de Galicia, das súas xentes, da súa cultura e da súa creatividade. Galegos insignes que tiveron unha inmensa fe no pasado de Galicia, unha firme esperanza no seu futuro e un indiscutido amor polo seu presente.

Fermín Bouza Brey foi un deles. Un galego bó e xeneroso que aportou extraordinarios froitos científicos e literarios ó xardín de Galicia.

Fundador do Seminario de Estudos Galegos, deu un pulo decisivo ó emprego do galego nos estudos científicos con traballos sobre a Prehistoria e a Arqueoloxía de Galicia, a epigrafía, a numismática ou a etnografía. Contribuíu a abrir novos horizontes para a nosa lingua e a integrar a nosa cultura no contexto europeo. Desenvolveu boa parte da súa carreira profesional na Estrada, como xuíz de primeira instancia, e en Pontevedra, como maxistrado. E iniciou, como poeta, a corrente do neotrovadorismo que transitaron tamén Alvaro Cunqueiro ou Alvarez Blázquez.

Bouza Brey fixo boa a concepción de Galicia como célula. É dicir, como unidade fundamental, como corpo, como estrutura viva sempre en conexión, en relación e en diálogo co mundo.

Por iso é unha honra para a Deputación de Pontevedra publicar este libro e colaborar nos actos de homaxe a un pontevedrés ilustre e universal que naceu en Ponteareas, tivo a súa patria da infancia en Vilagarcía, estudou na nosa cidade e desenvolveu boa parte da súa vida e da súa obra na nosa provincia. Sempre pensando e traballando por Galicia.

Rafael Louzán Abal
Presidente da Deputación de Pontevedra

Homeaxeamos a un dos grandes da cultura galega, e iso sempre será motivo de loubanza para os que nunca cansaremos de erguer a bandeira da nosa dignidade nacional e recoñecer a quen tantas mostras deu de amor á patria, tanto do punto de vista literario, como a través da súa erudición literaria ou xurídica.

E se a homenaxe procede das persoas que comparten unha visión profesional desde o mundo da Xustiza, o acerto non podía ser máis atinado, xa que demostra que o Dereito é un ámbito no que tamén abrollan iniciativas que aprofundan na nosa raigame cultural.

Temos en don Fermín Bouza Brey un gran exemplo de cidadán ilustrado en toda a extensión da palabra. Unha persoa vencellada profesionalmente á Xudicatura que enche os seus intereses vitais a través dun destacado papel como científico relacionado coa historia, a arqueoloxía, a etnografía e a literatura do país, relacionado con ese crisol de enerxía nacional que foi o Seminario de Estudos Galegos e practicando en todo momento unha auténtica resistencia intelectual ao franquismo, época na que lle tocou desenvolver a maior parte da súa actividade.

O seu vencello con Pontevedra é un orgullo para esta cidade, berce de tantas páxinas de gloria para a Galiza máis viva e resistente, para esa profunda e intelixente visión do país polo que con tanto trafego continuamos a loitar cada día. O noso agradecemento colectivo á Irmandade Xurídica Galega por esta publicación homenaxe ao mestre, ao erudito, ao creador, ao incansábel reactivador da cultura galega nun momento histórico de resistencias e esperanzas.

Miguel Anxo Fernández Lores
Alcalde de Pontevedra

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ

MUSEO DO POBO GALEGO
ASOCIACIÓN "ÁLVARO DAS CASAS"

FERMÍN BOUZA BREY E TRILLO:
XUÍZ E MAXISTRADO
EXPEDIENTE 153/1951

ANTOLOXÍA DE 100 DOCUMENTOS

ANTECEDENTES: LICENCIADO EN DEREITO E ASPIRANTE Á XUDICATURA

O 7 de novembro de 1924, o rei Alfonso XIII, e no seu nome o subsecretario encargado do Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes, expide o título de Licenciado en Dereito de Fermín Bouza y Brey¹, obtido o 12 de xuño anterior na Universidade de Santiago de Compostela coa cualificación de Sobresaliente e Premio Extraordinario, *que autoriza al interesado para ejercer, con arreglo á las leyes y reglamentos vigentes, la profesión de Abogado*².

Contaba 23 anos, pero non se decide acceder ao Corpo de Aspirantes á Xudicatura ata 1928, tomando parte nas oposicións convocadas o día 2 de xaneiro. No expediente persoal que obra no Arquivo Xeral do Ministerio de Xustiza consérvase toda a documentación que tivo que presentar, ademais da solicitude: copia da partida de nacemento asinada polo xuíz municipal de Ponteareas, do título de Licenciado en Dereito, certificado do Rexistro Central de Penados e Rebeldes, dous de boa conducta (un do tenente alcalde de Vilagarcía de Arousa e outro do Presidente da Audiencia Provincial de Pontevedra (**Doc. 1**), e declaración xurada de non se atopar comprendido en ningunha das incapacidades establecidas pola lei.

O 9 de xullo, o Ministro de Gracia e Xustiza, Galo Ponte y Escartín, asina o seu nomeamento de Aspirante á Xudicatura, figurando na proposta do tribunal de

¹ Como se verá ao longo do libro, os seus apelidos aparecen de diferentes formas, mesmo nos documentos asinados por el: Bouza Brey (registro de Ponteareas, 1901), Bouza Brey Trillo (certificado de penados e rebeldes, 1928), Bouza Brey (instancia ao Director de Xustiza, Culto e Asuntos Xerais, pero na sinatura tamén engade Trillo, 1928), Bouza Brey-Trillo (nomeamento de aspirante á Xudicatura, 1928), Bouza Brey y Trillo (solicitude para verificar as prácticas no xulgado de Cambados, 1928), Bouza Brey-Trillo (nomeamento de xuíz de Vielha, 1928), Bouza Brey y Trillo (solicitude de traslado de Vielha, 1929), Bouza Brey-Trillo (nomeamento de xuíz en propiedade de Vielha, 1929)... Nas súplicas dirixidas ao Ministro de Xustiza e ao Xefe do Estado no mes de marzo de 1955, que son os derradeiros documentos que asina como maxistrado, escribe "Fermín Bouza Brey y Trillo".

² Arquivos e abreviaturas empregadas no libro:

- Archivo Histórico de Asturias - Audiencia Territorial de Oviedo: Expedientes de magistrados, Bouza Brey Trillo, Fermín (AHA-ATO: Bouza Brey)
- Archivo Histórico de Asturias - Audiencia Territorial de Oviedo: Informes reservados de magistrados (AHA-ATO: Informes).
- Ministerio de Asuntos Exteriores - Dirección General de Relaciones Culturales: Bouza Brey Trillo, Fermín (MAE-DGRC: Bouza Brey).
- Ministerio de Justicia - Archivo General: Cruz de San Raimundo de Peñafort, Bouza Brey Trillo, Fermín (MJ-AG - San Raimundo de Peñafort: Bouza Brey).

oposición co número nove, e nesta mesma data solicita que, tendo en conta que reside en Vilagarcía de Arousa, *el Juzgado para verificar las prácticas establecidas* sexa o de Cambados, que comeza o inmediato día 13. Por último, o 12 de setembro diríxese ao Director Xeral de Xustiza, Cultos e Asuntos Xerais, para *manifestar su deseo de servir alguno de los Juzgados de Verín, Ribadavia, Ribadeo, Barco de Valdeorras, Caldas de Reyes o cualquiera otro de la región gallega* (Doc. 2).

II

XUÍZ DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN DE VIELHA

Non será destinado a ningún dos nosos xulgados, senón ao de Vielha (Lleida), o 13 de novembro, *con carácter interino, en el turno 3º de los establecidos en el artículo 40 de la Ley adicional a la orgánica del Poder Judicial*. O seguinte 29

expídese o correspondente título de nomeamento, e o 18 de xullo de 1929 pasa a ser *en propiedad para el cargo de Juez de Primera instancia de entrada* (Docs. 3 e 4).

O seu labor no Val d'Arán non se cingue estrictamente ao xudicial, senón que, a semellanza do que estaba a facer en Santiago de Compostela, dedica as horas de lecer a coñecer aquelas fermosas terras pirenaicas e os seus costumes, tirando do prelo ese mesmo ano 1929 na revista barcelonesa *Arxiu de Tradicións Populares* dous artigos relacionados co territorio onde fica destinado, "Juegos y costumbres infantiles del valle de Arán" e "Folklore aranés", e un en *Nós* (núm. 66, 15 de outubro), "Galiza no val de Arán";



Nomeamento para o xulgado de Vielha (MJ-AG)

- Ministerio de Justicia - Archivo General: Expedientes personales, Bouza Brey Trillo, Fermín (MJ-AG: Bouza Brey).
 - Museo do Pobo Galego, Legado: Fermín Bouza Brey Trillo (MPG: Bouza Brey).
 - Tribunal Superior de Xustiza de Galicia - Audiencia Territorial da Coruña: Expedientes de maxistrados, Bouza Brey Trillo, Fermín (TSXG-ATC: Bouza Brey).
- Todos os documentos nos que non consta a procedencia pertencen ao seu expediente persoal: Ministerio de Justicia - Archivo General: Expedientes personales, Bouza Brey Trillo, Fermín. En diante: MJ-AG: Bouza Brey.

e anos despois, xa en 1932, outro tamén na dita revista catalana, "El miracle del Penjat y les aus resucitados".³

O 11 de abril de 1929 solicita traslado para algún dos xulgados seguintes, por esta orde: A Estrada, Redondela, Padrón, Caldas de Reis, Lalín, Noia, Ordes, Verín, Celanova, Muros, Ribadavia, *Señorín de Carballino*, Allariz, Xinzo de Limia, A Caniza, Betanzos, Arzúa, Corcubión, Carballo, Santa Marta de Ortigueira, Proba de Trives, Pontedeume, Bande, Ribadeo e Viveiro, verbo do que o inmediato 16, o presidente da Audiencia Territorial de Barcelona informa que non existe incompatibilidade e *teniendo hasta ahora el informante referencias favorables de su actuación en el Juzgado que actualmente desempeña* (Doc. 5).

III

XUÍZ DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN DA ESTRADA

O 18 de xullo de 1929 é nomeado *en propiedad para el cargo de Juez de Primera Instancia de entrada* de Vielha, pero a súa estadía foi curta, xa que o primeiro de agosto o Director Xeral de Asuntos Xudiciais e Eclesiásticos comunica ao presidente da Audiencia Territorial da Coruña, que Fermín Bouza Brey Trillo fora nomeado para *el Juzgado de primera instancia de La Estrada de entrada en la provincia de Pontevedra* (Doc. 6).

De novo podía traballar no Seminario de Estudos Galegos, sen esquecerse, como sempre tivo por norma, de estudar a historia, a arqueoloxía e os costumes da terra onde desempeña o cargo.

A finais de agosto de 1930 solicita permiso para ausentarse *a causa de enfermedad de este Partido a la Villa de Verin, en cuyo manantial minero-medicinal de Cabreiroá precisa seguir el método curativo que le*



Nomeamento para o xulgado da Estrada (MJ-AG)

³ Debeu facer bos amigos en Cataluña, pois a finais de 1929, o trinta de decembro, cando xa estaba destinado na Estrada, solicita licencia para ausentarse a Barcelona por asuntos propios, permiso que se lle concede o seguinte tres de xaneiro.

está asignado. Segundo a certificación que achega, asinada o 28 de agosto polo médico da Estrada, José Araujo Luces, era para *combatir diversas manifestaciones de "artritis" que padece*⁴.

Na VII Asemblea das Irmandades da Fala de 1931, as agrupacións nacionalistas acordan aglutinarse no Partido Galeguista (PG), do que Bouza Brey figura entre os primeiros membros. En 1933, contaba 32 anos, casa en Cortegada de Miño (Ourense) con Emilia Álvarez Álvarez, que coñecera dous anos antes en Santiago de Compostela, e na Estrada nace en 1935 a primeira filla, que fina aos cinco días, e logo as outras tres, en 1936, 1940 e 1942, respectivamente.

Deuse a coincidencia que o 31 de outubro de 1933 foi destinado para o novo "Colegio Subvencionado - Estatal" da Estrada⁵, o amigo e compañeiro do Seminario de Estudos Galegos, Antonio Fraguas Fraguas, elixido secretario do centro dende o principio. Inmediatamente comeza cos alumnos a catalogación dos xacementos castrexos, depositando os materiais das escavacións e catas no Museo Histórico creado por el no propio instituto, tarefa na que tamén participa o Xuíz.

Non nega a súa militancia no Partido Galeguista, do que é secretario na Estrada o amigo Fraguas, duramente atacado por *La Palanca. Periódico quincenal*, que se edita na vila a partir de 1931, ultraconservador católico dirixido polo avogado Javier Luces Gil, no que colaboran os individuos máis reaccionarios da comarca e tamén algúns curas, asinando co nome ou baixo pseudónimo (*Españita, Martiño, Palanquín, Varalapo...*). Como mostra abundan os seguintes parágrafos do artigo de Laurentino Espinosa, "Nacionalismo Gallego y Nacionalistas Gallegos", publicado o 31 de xullo de 1934:

Tres clases de personas figuran bajo la bandera del Nacionalismo, nuevo partido que entró en nuestra desgraciada política vociferando el manido tópico de ¡SALVACIÓN!, los galopines, los tontos y los ilusos.

La primera fracción está compuesta de todos los hombres de mala fe que abundan en todos los partidos [...] El segundo grupo lo compone esa masa anónima, incongruente y accidental que cree todo lo absurdo [...] Por último, el tercer factor del nacionalismo gallego, está formado por los ilusos de buena fe. Gente bien, como decimos ahora; respetables por su posición; empleados de varias categorías; todos jóvenes, soñadores paladines

⁴ TSXG-ATC: Bouza Brey.

⁵ A partir do curso 1934-35 pasa a denominarse Instituto Elemental de Segunda Enseñanza e dende o seguinte, Instituto Nacional de Segunda Enseñanza.

de la idea; inquietos, descontentadizos, caballerosos; en pleno siglo XX románticos, enemigos de lo mediano, campeones del superlativo; radicales avanzadísimos en su terreno; religiosos a su manera...

Tanto o Xuíz coma o profesor pertencían, como ben se pode comprender, á terceira fracción.

Poucos días despois, o 16 de agosto, noutro artigo, "Más sobre nacionalismo y separatismo", escribe o mesmo colaborador:

Predicar hoy el nacionalismo gallego, es la difusión de la mentira, es el vil engaño del pueblo tapándole con rosas el precipicio en que fatalmente se despeñaría; es llevar las energías de un país a la consecuencia de una utopía; es agudizar la principal enfermedad social moderna que padecemos, creando otra nueva meta imposible de alcanzar.

[...] Dejémonos de utopías y abstracciones que a nada conducen, como no sea a aumentar el caudal de pasiones desbordadas y quiméricos ensueños, enemigos de todo orden y progreso. Sembremos la semilla católica, única capaz de dar sazonados frutos, única capaz de llevar al corazón del hombre la satisfacción y la hartura, porque los remedios puramente humanos en vez de mitigar el hambre la exasperan, la hacen inestinguible.

Os militantes galeguistas estradenses sufrirían a partir do 18 de xullo toda clase de vexacións, principalmente o profesor e secretario do instituto Antonio Fraguas, que será expulsado do ensino oficial⁶.

Intervén na folga xeral ou revolución do mes de outubro de 1934 por denuncia da Garda Civil contra varios veciños socialistas, acusados de se poñer de acordo para atacar os cuarteis da contorna, pero non a atopa fiable e decide deixalos en liberdade. Mais no intre en que se declara o Estado de Guerra, volven ser detidos para que se instrúa o sumario pola vía militar, pero como os feitos tiveran lugar antes do día 6, pasou de novo a Bouza Brey, que decreta a prisión incomunicada dos acusados, ao tempo que instrúe a causa con todas as garantías, deixándoos outra vez en liberdade por ser falsa a acusación. Aínda non remataría así o asunto, pois por terceira vez foron procesados pola xustiza militar, pero ante o sumario remitido polo Xuíz, decidiron sobreser o caso⁷.

⁶ GONZÁLEZ PÉREZ, C.: "Vida e Obra, 1905-1999", *Antonio Fraguas Fraguas, 1905-1999. Un home que traballou sempre por e para Galicia*, Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela, 2006; GARRIDO COUCEIRO, X. C. (Comisión pola memoria "Siñor Afranio"): "A interrupción trágica do galeguismo", <http://www.blogoteca.com/autoestrada-da-memoria>.

O 20 de decembro solicita quince días de licencia por mor de padecer *enterocolites aguda*, segundo certifica o médico estradense José Araujo (Doc. 7).

Malia a todo, non abandona o seu labor de investigador no Seminario de Estudos Galegos, do que este ano 1934 é nomeado secretario xeral da Comisión Directora.

O 16 de decembro de 1935 opta a desempeñar algún dos xulgados de Santiago de Compostela, e, de non poder ser, calquera dos das seguintes cidades: Vigo, A Coruña, Lugo, Pontevedra, Ourense, Tui, Valladolid, Salamanca, León, San Sebastián, Toledo, Sevilla, Valencia, Alicante, Palencia, Córdoba, Granada, Málaga, Cádiz, Bilbao, Padrón e Noia; pero o 21 de febreiro do ano seguinte ten un trasacordo e solicita a anulación de parte da relación anterior, deixando unicamente os galegos de Compostela, Vigo, A Coruña, Pontevedra, Ourense e Lugo.

Evita asistir ás manifestacións do triunfo da Fronte Popular, o 16 de febreiro de 1936, da que formaba parte o Partido Galeguista, e logo ás organizadas co gallo da aprobación do plebiscito do Estatuto de Autonomía, o 28 de xuño, porque, segundo a súa muller, *non quería que o vencellaran a ningunha opción política concreta*⁸.

IV

O COMEZO DA FIN: A GUERRA CIVIL

Mario Blanco Fuentes, amigo seu –el foi quen lle presentou en Santiago de Compostela a que sería a súa muller-, testemuña directa dos sucesos que narra, describe coas seguintes verbas o comezo da Guerra Civil de 1936 na vila da Estrada:

Amaneció el sábado 18 de julio como un día cualquiera, si bien desde la muerte de Calvo Sotelo el día 13, había en el ambiente tensión y se esperaba algo.

A media mañana empezaron los rumores de que el ejército de África se había sublevado y se notó movimiento en el Ayuntamiento. Después de mediodía empezaron a verse por la villa hombres con escopetas que patrullaban

como en vigilancia y ya por la tarde estos hombres aumentaron así como el movimiento de los pocos coches que entonces había en el pueblo, entre ellos los “requisados” es decir tomados a sus dueños con o sin su permiso. Los “escopeteros” así llamados eran más bien objeto de curiosidad que de miedo.

[...] Los primeros días después del 18 de julio fueron de escuchar las radios –habría entonces en la villa unos veinte receptores en total-, de esconderse los de izquierdas algo y de la proliferación de los falangistas [...] Hasta finales de julio no se radicalizaron las posturas [...] Los falangistas que campaban por sus respetos empezaron a detener a gentes de izquierda y llevarlas al cuartelillo de Falange [...]

Estaba muy reciente la propaganda que se había hecho en favor del Estatuto, y entre ella se había pintado un letrero en tela que decía: Votade ó Estatuto, pintado en los soportales del ayuntamiento con pintura de aceite. Esta traspasó la tela y quedó grabado en el suelo la frase.

El partido galleguista era dirigido en La Estrada por un profesor [Antonio Fraguas] de Historia y Geografía del Instituto de Enseñanza Media y de él formaban parte varios jóvenes y alguna persona madura.

Un grupo de estos galleguistas escoltado por varios falangistas, una noche fueron llevados por todo el pueblo cantando el Cara al sol y portando la bandera de Falange el mencionado profesor, para limpiar y hacer desaparecer –lo que no se consiguió– el Votade ó Estatuto, aún habiendo obligado a los que lo hicieron a emplear sosa cáustica, con lo que algunos tuvieron que sufrir quemaduras en las manos. Viven aún varios que lo recordarán.

A otros galleguistas se les cortó el pelo al cero, hecho que también hicieron con varias mujeres entre ellas una joven que entonces era de las chicas más bonitas y mimadas de todos. Y también otro de los inventos que se les ocurrió, como hiciera Mussolini en Italia, fue dar de beber aceite de ricino, que, en algunos casos llevaba mezclado aceite de coches. Y esto era lo menos, pues las palizas y golpes en la cocina que, en el bajo, tenía el cuartel de Falange eran plato del día, especialmente a las gentes de las aldeas, pues dentro del disparate con los conocidos había alguna consideración.

[...] Se retiraron los aparatos de radio a todas las personas que no tenían una acreditada historia de derechas y se suspendió a todos aquellos funcionarios que no hiciesen, por escrito, acatamiento de la nueva situación.

⁷ GARRIDO COUCEIRO, X. C. (Comisión pola memoria “Señor Afranio”): “1934, o prólogo do 1936”, ídem.

⁸ F. Bouza-Brey, 1901-1973. *Unha fotobiografía*, 1992, p. 121.

O 20 de xullo o comandante do posto da Garda Civil, Manuel Deza Bello, toma o mando da poboación e inmediatamente destitúe a corporación municipal e nomea delegado gubernativo a Pedro Gil Crespo, capitán de infantería retirado pola “lei Azaña” de 1931, e alcalde ao capitán do corpo de inválidos, Alfonso Constenla. Antes da sublevación os únicos falanxistas que había na contorna eran varios dos irmáns Castro Pena da parroquia de Tabeirós, dos que Manuel chegou a xefe provincial de Pontevedra, e *unos pocos señoritos*, pero a comezos de agosto xa eran varias ducias⁹.

O xuíz recibe unha orde da superioridade o inmediato 3 de agosto, de que tanto el coma todo o persoal do xulgado deben gardar *la mas absoluta fidelidad a la situación que representa la Junta de Defensa Nacional de España*, e, de non facelo, *a destitución o sustitución inmediata de los que merezcan desconfianza* (Doc. 8).

Centra o seu labor en salvar case da morte segura ou, cando menos, de moitos anos de cadea, a varios veciños, decretando o seu procesamento para evitar que fosen “paseados” ou facendo por non lles aplicar a leis militares. Tamén testemuña a favor doutros, como no xuízo sumarísimo de Manuel Vázquez Cruz, pasado polas armas en Pontevedra o 2 de decembro de 1936: ... *que conoce al procesado debido a que por poseer un garaje deposita en él el automóvil de sus padres políticos cuando éstos van a visitarle y por ello sabe que los días del movimiento y sucesivos no anduvo huído el Vázquez, pues lo ha visto en el garaje y aun le dijo al declarante que los revolucionarios habían querido requisar el coche por ser este magnífico Hispano Suizo diciendo que ‘les gustaría darle al pedal’ a lo que se opuso [...] Que el declarante por razón del cargo le consta que el procesado no es dirigente del elemento obrero ni se ha distinguido como elemento revolucionario, si bien no puede asegurar si perteneció o no a algún partido político...*¹⁰

O alcalde e cinco estradenses máis son fusilados logo dun consello sumarísimo de guerra celebrado na capital da provincia, o 5 de xuño de 1937: Jesús Puentes Fontanes (agrario, xastre e veciño de Guimarei, elixido alcalde pola Comisión Xestora Municipal o 5 de maio de 1936)¹², Cándido Tafalla Froiz (dono do hotel “La Estrella”), Ramón Fernández Rico (afiliado a Unión Republicana, coñecido por “Ramón o Torneiro”, primeiro tenente alcalde e industrial do moble)¹³, José Gómez Rico (concelleiro, da parroquia de Oca), José Rodríguez Sangiao (comunista, “o

⁹ BLANCO VALDÉS, J. L.: “A Estrada, 18 de xullo de 1936. Dous testimonios”, *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, 2003, pp. 110 e ss.

¹⁰ Ídem, p. 113

¹¹ GARRIDO COUCEIRO, X.C. (Comisión pola memoria “Señor Afranio”): “Quen levará flores a unha foxa común?”, <http://www.blogoteca.com/autoestrada> da memoria.

¹² Ídem: “O delito de ser alcalde”.

ferreiro de Guimarei”, concelleiro) e José María Pena López (concesionario de Campsa na Estrada). A outro, Senén Goldar Rodríguez, conmutóuselle a pena capital por varios anos no campo de concentración da illa de San Simón, por onde pasaron, cando menos, 52 estradenses¹⁴.

As atrocidades cometidas aqueles días polos sublevados fascistas non quedaron aí, como segue a referir Blanco Fuentes:

*Una tarde calurosa del mes de agosto, llegó la noticia o “chivatazo” de que en su casa de Somoza estaba escondido Higinio Carracedo Ruzo, guardia municipal. Rápidamente se organizó un grupo de falangistas para ir a detenerlo, capitaneados por un guardia civil, andaluz, muy conocido en la demarcación. El guardia municipal defendió su libertad primero y luego su vida como un león, a tiros de pistola, pero cayó muerto al atravesar la era de su casa. Todos los que fueron a dar la batida, al regreso decían y se vanagloriaban de haber sido los que dieran muerte al pobre infeliz. Se conocieron estos individuos como “los héroes de la Somoza”. Tres o cuatro años después, alguno negaba haber formado parte de la expedición*¹⁵.

Houbo máis estradenses que foron condenados en consellos de guerra, pero ningún chegou a ser pasado polas armas, aínda que

*algunos fueron asesinados en los trágicos “paseos”, así como individuos de fuera que fueron muertos en nuestro territorio. Así seis hombres que aparecieron muertos unos metros más alla del Puente do Regueiro, yendo hacia Pontevedra*¹⁶.

Os inimigos tamén lle tería en conta que se atrevese a solicitar á Garda Civil explicación sobre estes “paseados”, dos que se daba o caso que algún -Severino García Teijeiro- fora xulgado nun consello de guerra uns días antes e resultara absolto. O comandante do posto respondeulle o 3 de decembro de 1936, dicindo que relacionado *con la defunción de Severino Garcia Teijeiro, Jose Dominguez*

¹³ Sobre el e, en xeral, a Guerra Civil na Estrada, publicou Ruy FARÍAS o artigo: “Sucumbir a merced de la calumnia y la infamia: represión, pauperización y muerte entre la Guerra Civil española y la década de 1940”, *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, 10, 2007.

¹⁴ GARRIDO COUCEIRO, X. C. (Comisión pola memoria “Señor Afranio”): “Estradenses presos en San Simón”, <http://www.blogoteca.com/autoestrada> da memoria.

¹⁵ BLANCO VALDÉS, J. L.: “Art. cit.”, p. 118. Máis información sobre este crime, GARRIDO COUCEIRO, X. C. (Comisión pola memoria “Señor Afranio”): “A caza de Carracedo”, <http://www.blogoteca.com/autoestrada> da memoria.

¹⁶ BLANCO VALDÉS, J. L.: “Art. cit.”, p. 118-119; IGREXAS, M.: “Seis republicanos paseados n'A Estrada”, [onaranxo.org](http://www.onaranxo.org).

[sic, Domingo] *Gonzalez Boullosa y Juan Bacariza Sanchez; tengo el honor de participar a la digna autoridad de V. que a dichos individuos en unión de Ramón Muiños Lorenzo, Manuel Guillan Abalo y Jesus Frois Gomez, eran conducidos la madrugada del 9 del mes de Octubre retro-proximo desde la carcel de Lalin a la de Pontevedra por fuerzas de la Guardia Civil; pero al llegar al Kilometro 23 de la carretera de Chapa a Carril aquéllos emprendieron veloz carrera tratando de huir de la fuerza conductora que tuvo necesidad de hacer fuego sobre los mismos y resultando los seis relacionados con lesiones por los proyectiles que le produjeron la muerte instantanea, cadaveres que segun informes fueron trasladados al cementerio de esta localidad donde se encuentran enterrados, desconociendose mas detalles en este puesto sobre el particular.*

Non eran estes os primeiros “paseados”, antes, o 20 de agosto, aparecera no Montouto o corpo de Ramiro Salgueiro Señarís, o 23 de outubro en San Xurxo de Bea o de Daniel Caamaño Eiras de Padrón; en Orazo o de Jaime Fernández Neira de Ribadulla, o 29 de novembro, non se sabe do paradiro dos de Clementino Louzao e José Figueira Cabaleiro, e o 4 de setembro morrera dunha tunda propinada polos falanxistas o mestre Bernardo Mato Castro¹⁷.

Durante este tempo, a xefatura provincial da Falanxe reside na Estrada e non en Pontevedra, baixo as ordes do estradense Manuel Castro Pena, destacado fascista que resultara ferido o primeiro de maio de 1936 ao enfrontarse á manifestación obreira, polo que permanecera na cadea sobre un mes. O día 6 de xullo estivo con outros máis na prisión da Caniza, onde trataron do próximo golpe militar, resultando tamén elixido xefe da organización. Inmediatamente despois de se alzar os militares co poder, xa se presentou como xefe provincial da Falanxe e ordenou a construción da estrada de Arnado ata a súa casa en Parada, obra que tiveron que facer obrigados os veciños nalgúns casos a punta de escopeta. O seu secretario era Antonio Puig Gaité, xefe provincial do Movemento de Pontevedra ata 1974¹⁸.

Os falanxistas levaron a cabo impunemente toda clase de barbaridades e vexacións (cortes de pelo ao cero, aceite de ricino, só ou mesturado con aceite de coche, paseos dos detidos atados ao rabo de cabalos, etc.), sen faltar roubos e extorsións a veciños con medios económicos. Pero as relacións entre eles tampouco eran boas, principalmente dende que se descobre o desfalco do recadado co gallo de sufragar o “rescate” de José Antonio Primo de Rivera, que remata no xulgado,

¹⁷ GARRIDO COUCEIRO, X. C. (Comisión pola memoria “Siñor Afranio”): “Rexeitando esquecementos” e “Os ‘paseados’ de Ponte do Regueiro”, <http://www.blogoteca.com/> / autoestrada da memoria.

¹⁸ Ídem: “As requisas, incautacións e outros roubos”.

ordenando o xuíz a detención dos principais dirixentes e de varios falanxistas, por asasinatos, roubos, malleiras, etc., ata que, para evitar o escándalo de que se coñecese toda a barbarie que levaban cometido, acordan que o litixio pase á xurisdicción militar que ordena sobreeser a causa o 23 de abril de 1938, ao tempo que decreta a posta en liberdade dos detidos. A correcta e dura actuación de Bouza Brey non gustou aos falanxistas, ao deixar ao descuberto as atrocidades que perpetraran sobre todo ao comezo da sublevación¹⁹.

O amigo Antonio Fraguas foi expulsado da docencia e o museo do instituto saqueado, desaparecendo a maior parte dos materiais achegados²⁰. Mentres isto ocorría na Estrada, en Santiago de Compostela fechaba as portas para sempre o Seminario de Estudos Galegos, do que fora un dos fundadores no Castro de Ortoño (Ames), o 12 de outubro de 1923, perdéndose boa parte do traballo de trece anos, ao tempo que fuxiran para o exilio varios membros (Castelao, Luís Tubío, Sebastián González...) e outros eran expulsados dos seus destinos (Otero Pedrayo, Antonio Fraguas...) ou sancionados (Xaquín Lorenzo Fernández, X. Ramón Fernández-Oxea...)

Tamén son de ter en conta os sufrimentos familiares: a condena do pai a pagar 10.000 pesetas por ser tenente alcalde de Vilagarcía de Arousa, e a estadía de seu irmán Luís no campo de concentración da illa de San Simón, do que sae grazas ás manobras e recomendacións de Fermín, que en pago redacta o limiar do libro *La medicina popular en Galicia* de Víctor Lis Quibén (1949), xefe da Guardia Cívica, fato de criminais autores dos máis dos “paseos” e outras atrocidades cometidos en boa parte da provincia de Pontevedra.

A situación era abraiante para todos, pero máis para un xuíz obrigado a facer cumprir as leis dos vencedores coas que estaba en total desacordo, e, polo seu ben, tamén a tomar parte nas manifestacións fascistas que se organizaban na Estrada, como nunha de finais de 1936, que vai en primeira liña entre bandeiras da Falange, falanxistas, militares, cregos e gardas civís. Non sabemos se deixou algunha memoria destes malfadados días, pero de facelo, puido dicir o mesmo que outro ilustre maxistrado, Sebastián Martínez-Risco:

Júzguese el hondo abatimiento moral, la sensación de impotencia que experimentaría un juez, obligado al cumplimiento de la ley, que oyendo a veces los lamentos de las víctimas inocentes no podía valerles por falta de medios coactivos para libertarles²¹.

¹⁹ Ídem: “O invento do secuestro express” e “O ‘imposto revolucionario”.

²⁰ REY CASTIÑEIRAS, J. / RODRÍGUEZ CALVIÑO, M.: “Novas imaxes da arqueoloxía castrexa estradense a través das coleccións Bouza-Brey e Fraguas Fraguas do Museo do Pobo Galego, *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, A Estrada, 2001.

SANCIONADO POR NON APLICAR A LEI MILITAR

Algúns dos “escopeteiros” dispostos a defender a República os primeiros días do alzamento militar, tamén se dedicaron a requisar armas, principalmente a aquelas persoas de destacada militancia da dereita, que con moita probabilidade se porían a favor dos sublevados, como así ocorreu. Segundo os informes da Garda Civil, o 20 percorreron as parroquias de Vinseiro e Cereixo esixindo a entrega de todo tipo de armas de fogo, José Vila Carbón²², Eduardo Rodríguez Bermejo, Gumersindo Valiñas (alcumado “Sardiñeiro”) e José Ferreiro Brea; e o 19 fixeran outro tanto nas de Codeseda, Souto, Sabucedo e Arcos, Manuel Fernández Rivas, Manuel Gómez Andrade, Ramiro Penela Quiveo e Jesús Tarrío Gragaño.

Os sumarios non se abriron ata varios meses despois de ter ocorrido os feitos, por denuncia da Garda Civil. Ambos os dous no mes de novembro de 1936, o 4 e o 11, respectivamente.

No primeiro caso, o xuíz considera que *la pena asignada al delito, y por recaer los hechos en las prescripciones de la Ley de Orden Público, es procedente decretar, dado el estado de alarma declarado a la sazón, la prisión incondicional de los procesados* e unha fianza de 2.000 pesetas. Como varios estaban fuxidos, ordena librar *telegramas á los Juzgados de Instrucción de Pontevedra y Corcubión, para la prisión de los procesados Rodríguez y Ferreiro, y otros ordinarios para indagatoria de los mismos y se libró oficio á la Guardia Civil, para busca y captura de los otros dos procesados.*

Por esta actuación, que non era máis que para libralos dun xuízo de guerra sumarísimo ou de seren “paseados”, é duramente amoestado por parte do fiscal militar o 14 de xullo de 1937, *no solo porque los hechos notorios recogidos en su único resultando por la fecha y forma de su comisión, debieron haber determinado la inmediata inhibición en favor de la jurisdicción de guerra, como lo hace en este momento la Sala á propuesta del Fiscal de la Audiencia en cuanto tiene conocimiento de los mismos, sinó también por la legalidad que se invoca. En cuatro de Noviembre del pasado año, varios meses después de publicado el bando de guerra, dictado por la única Autoridad legítima á la sazón, la Junta de*

²¹ FERNÁNDEZ, C.: *El alzamiento de 1936 en Galicia. Datos para una historia de la Guerra Civil*, Eds. do Castro, 1982, p. 91.

²² Acusado de ser un dos *más o menos responsables* do ambiente social da comarca que, *sin llegar a la procacidad y al desenfreno, era de marcadísima licencia*, segundo escribe o cóengo Silva Ferreiro nese monumento á infamia que é o seu libro *Galicia y el Movimiento Nacional*, 1938, p. 399.

Defensa Nacional, en hechos que caen de lleno dentro del mismo, se silencian como si no se conociese tal disposición, calificándose hechos de clara evidencia revolucionaria como sendos delitos de robo, y haciéndose citas legales a todas luces impertinentes, tales como la Ley de Orden Público, y el estado de Alarma, declarado por el gobierno faccioso.

De contado o fiscal militar, Joaquín Otero Goyanes, ordena que o sumario pase con carácter de causa ao xulgado militar eventual da praza de Pontevedra, e engade: *Tomando en consideración el pronunciamiento final del anterior dictamen y estimando que aparecen méritos bastantes para reputar que la conducta del funcionario aludido implica manifiesta desafección al Movimiento Nacional, é inobservancia de lo mandado en el bando de la Junta de Defensa Nacional (Doc. 9).*

O 26 de xullo de 1937, o xeneral xefe do Oitavo Corpo de Exército, remite os antecedentes a Burgos ao presidente da Comisión de Xustiza da Xunta Técnica do Estado, para que resolva e comunique ao presidente da Audiencia Territorial da Coruña, *la depuración y sanción definitiva que en justicia debe imponerse, al Sr. Juez de Instrucción de La Estrada, Don Fermín Bouza Brey-Trillo (Doc. 10)*. O seguinte 31, a devandita comisión notifica ao xeneral xefe do Oitavo Corpo de Exército que se informa ao presidente da Audiencia da Coruña que *ha sido suspendido por V.E. en el ejercicio de sus funciones el Juez de 1ª Instancia e Instrucción de La Estrada Don Fermín Bouza Brey-Trillo (Doc. 11)*. Días despois, o 12 de agosto, a dita Xunta Técnica tamén informa que foi suspendido pola autoridade militar e que se acorda *la formación del correspondiente expediente para depurar la conducta de dicho funcionario (Doc. 12)*.


Da mesma forma actúa cos que requisaran armas o 19 de xullo nas parroquias de Souto, Codeseda, Sabucedo e Arcos, e o 20 obrigarán a varios traballadores das canteiras de Souto a abandonar o traballo e ir á Casa Consistorial, *en calidad de detenidos*. Os acusados eran: Manuel Fernández Rivas, Manuel Gómez Andrade, Ramiro Penela Quiveo e Jesús Tarrío Gragaño. A Audiencia Provincial de Pontevedra inhibiuse para que o sumario pasase á xurisdicción de guerra o 17 de agosto de 1937, e o Fiscal, Gonzalo G. Bravo, como no caso anterior, engade *que examinado el auto de procesamiento del Señor Juez de Instrucción de La Estrada (folio 155), en el cual se califican de robo de armas, allanamiento de morada y coacción, hechos que tal y como se recogen en los resultados, determinan el delito de rebelión militar, del artículo 237, del Código de Justicia Militar, criterio que ha mantenido reiteradamente aquél citado Señor Juez, en distintos procedimientos, por casos semejantes al actual y que motivó el que se llamara la atención de la Superioridad, me creo obligado a insistir de nuevo en*

hacer fijar también la atención de V.S.I. sobre el particular á los efectos que crea procedentes en justicia (Doc. 13).

O 22 de agosto, o xeneral encargado do despacho do Oitavo Corpo de Exército, con sé na Coruña, remite a Burgos ao presidente da Comisión de Xustiza da Xunta Técnica do Estado, copia de testimonio referente a la causa 1.118, del corriente año, sobre robo de escopetas, e o 27, o xulgado de Primeira Instancia e Instrucción de Pontevedra acusa recibo ao presidente da Audiencia Territorial da Coruña da orde do 25 anterior, referente ao roubo das escopetas, para su unión al expediente que por orden de esa Superioridad instruyo al Juez de primera instancia de La Estrada (Doc. 14).

Como se pode ver, Bouza Brey xa fora suspendido pola autoridade militar uns días antes, o 31 de xullo, por mor do proceso anterior.

Acode persoalmente a Burgos de onde volve con novas de que axiña será repostado no cargo, comentario que dá lugar a que no mes de setembro a Xefatura reciba un informe confidencial, enviado dende a Estrada ou Pontevedra, que remite inmediatamente ao presidente da Comisión de Xustiza, denunciando a actuación



Excmo. Sr. Presidente de la Comisión de Justicia

BURGOS

Informe confidencial remitido a Burgos, en 1937 (MJ-AG: Bouza Brey)

pública do xuíz, por galeguista e simpatizante coas esquerdas, e tamén por que declarasen ao seu favor persoas de dereitas, como José Araujo Lucas, médico forense. Remata afirmando que *sería de pesimo efecto su reposición por entender, que el Movimiento de la Nueva España, los cargos de la importancia del que nos referimos, deben hallarse en manos de quienes ni siquiera sean dudosos para la renovación de nuestra España* (Doc. 15).

Non se tivo en conta a denuncia, e o primeiro de decembro de 1937 a Comisión de Xustiza propón ao presidente da Xunta Técnica do Estado o sobresemento do expediente, a reposición no cargo e, ademais, o abono *de los sueldos que hubiese dejado de percibir* (Doc. 16). O 14, o presidente da Audiencia Territorial da Coruña participa ao presidente da Comisión de Xustiza que *en el día de ayer volvió a encargarse de su jurisdicción el Juez de 1ª instancia de La Estrada Don Fermin Bouza Brey-Trillo* (Doc. 17).

Ante tan complicada situación, de inmediato ao tomar posesión, o día 16, o primeiro que fai é dirixirse ao devandito presidente comunicándolle o seu vehemente desexo de ser destinado a outra localidade, por esta orde, Ourense, Lugo, Vigo, A Coruña ou Tui (Doc. 18). Ao se recibir en Burgos a petición de traslado, un “compañero”, que non asina pero sabemos que se trata de José María González, escríbelle o 28 de decembro dende a capital castelá, e, á vez que o felicita pola resolución do expediente, tamén di que comprende que queira deixar a Estrada, *donde no ha de serle grata la estancia después de lo ocurrido*, e que como nas poboacións que nomea non existen vacantes, proponlle que pida outras (Doc. 19). Consello que ten en conta, xa que o 21 de xaneiro de 1938 solicita o xulgado de Santoña, ao tempo que lle roga ao amigo que *interponga sus buenos oficios para que me lo despachen pronto y para que me concedan un mes de término posesorio* (Docs. 20 e 21).

Estaba tan desesperado que o seguinte 3 de febreiro solicita o de Tui, por traslado a Melilla do titular, pero tampouco llelo conceden (Doc. 22).

VI

TAMÉN XUIZ DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN DE LALÍN

A situación, xa de si complicada, aínda se embaraza máis a partir do 3 de xaneiro de 1939, en que a petición dos avogados e procuradores con exercicio no xulgado de Lalín, por levar catro meses sen titular, o Ministerio de Xustiza *acorda prorrogar*

*la jurisdicción del Juez de 1ª Instancia e Instrucción de La Estrada, D. Fermín Bouza-Brey Trillo, al referido Partido Judicial de Lalín para que se encargue del despacho de los asuntos del mismo simultaneándolo con el del Juzgado del que es propietario, hasta tanto que otra cosa se disponga (Doc. 23)*²³.

O 3 de abril de 1943 vólvea prorrogar o presidente da Audiencia Territorial da Coruña, a fin de que la administración de Justicia de aquel Partido no sufra retraso, e aínda a partir do 20 de decembro do devandito ano, sen se decatarse que nesta data Bouza Brey xa está destinado en Santiago de Compostela.

VII

OFICIAL PRIMEIRO HONORÍFICO DO CORPO XURÍDICO MILITAR

Non sabemos se foi por vontade propia, o caso é que ten que abandonar a Estrada por algún tempo, dende o 8 de febreiro de 1939 en adiante, ao ser designado para os servizos de xustiza militar como oficial primeiro honorífico coa graduación de capitán (Doc. 24). O primeiro destino foi Lleida, a auditoría de guerra da 4ª Rexión Militar, para onde sae o seguinte día 10: *Concede libre y seguro pase al Oficial 1º honorario del Cuerpo Jurídico Militar DON FERMIN BOUZA BREY TRILLO, para que desde La Estrada marche a LERIDA a incorporarse a la Auditoria de Guerra de la 4ª Region, cumpliendo órdenes del Excmo. Sr. General Subsecretario del Ejército, haciendo el viaje por F.C. a cuenta del Estado (Doc. 25).*

A estadia nesta cidade foi curta, pois o 18 de marzo o auditor comunicalle que fora destinado como xuíz militar á praza de Igualada (Barcelona) (Docs. 26 e 27), onde permanece ata o primeiro de abril en que *se autoriza al Oficial 1º Honorífico del Cuerpo Jurídico Militar DON FERMIN BOUZA BREY, para que regrese a la Plaza de Orense, por haber quedado sin efecto su destino a esta Auditoría [de Guerra de Cataluña], ordenándose ao día seguinte que faga entrega del aparato de radio que se le dejó para usarlo durante su estancia en esta*²⁴.

A misión dos oficiais primeiros honoríficos (ou honorarios) do Corpo Xurídico Militar era prestar servizo en organismos oficiais que *no intervienen directamente en funciones propias de la Jurisdicción penal castrense*. Malia que Bouza Brey

²³ O 3 de abril de 1943 vólvea prorrogar o presidente da Audiencia Territorial da Coruña, a fin de que la administración de Justicia de aquel Partido no sufra retraso, e aínda a partir do 20 de decembro do devandito ano, sen se decatarse que nesta data Don Fermín xa está destinado en Santiago de Compostela.

²⁴ MPG: Bouza Brey.

xa se incorporara antes ao xulgado da Estrada, estes oficiais manteríanse ata o 23 de outubro de 1940 (*Boletín Oficial* do 24), en que se dispón que os que non se encuentren prestando servizo en la Asesoría de este Ministerio, Consejo Supremo de Justicia Militar, Auditoría de Guerra y Fiscalía Jurídico-Militares, y que no pertenezcan a reemplazos actualmente en filas, causarán baja como tales *Oficiales Honoríficos y pasarán a la situación militar que le corresponda*.

Ao consultar a documentación descubriron que se lle incoara un expediente, pero non debía constar que concluíra, polo que o xeneral subsecretario do Exército acorda dirixirse ao subsecretario de Xustiza, con sé en Vitoria, pedíndolle *se sirva participar a este Ministerio, la resolución dictada en el expediente, que al efecto se instruyera, contra el Juez de Instrucción, Don Fermín Bouza Brey Trillo*. Respondeu que fora sobresido pola Xunta Técnica do Estado, o primeiro de decembro de 1937 (Docs. 28 e 29).

VIII

DE NOVO NA ESTRADA

A súa permanencia no Exército como xuíz xurídico-militar xa rematara o 20 de setembro do mesmo 1939, pois nesta data xa se atopa de novo na vila da Estrada, dende onde unha vez máis asina unha solicitude ao Ministro de Xustiza para que sexa destinado a calquera dos xulgados seguintes, por esta orde de preferencia: A Coruña, Lugo, Ourense, Santiago de Compostela, León, Valladolid, Salamanca, Burgos, Palencia, Zamora, Ávila e Segovia, *toda vez que el hecho de haber cumplido en el mes de Agosto último diez años al frente del que actualmente ocupa, determina en el Juez que suscribe necesidad imperiosa de otorgar justicia en parte distinta (Doc. 30).*

A enorme tensión que vén sufrindo dende o comezo da Guerra Civil tamén lle afecta gravemente á saúde, como testemuña a solicitude de licencia por quince días de baixa por enfermidade, que pasará en Cortegada de Miño, debido, segundo o certificado facultativo de José Araujo, *a que se halla padeciendo de múltiples manifestaciones de depresión nerviosa (Doc. 31).*

O primeiro de xuño de 1940, o Ministro de Xustiza, Esteban de Bilbao y Eguía, de conformidade co establecido no Decreto de 15 de xuño de 1939, *ha tenido a bien promover en el turno de 3º a la categoría de Juez de 1ª instancia de ascenso a Don Fermín Bouza Brey, que es Juez de 1ª instancia de entrada (Doc. 32).*

A xenreira que lle tiñan certos sectores conservadores da Estrada xa dende antes da sublevación militar de 1936, tampouco amainou nos anos da dura posguerra, reflectindo a aversión na denuncia que fai o falanxista Manuel Pasero (así consta na copia da mesma que se atopa no seu expediente persoal, pero ou está mal copiado ou el castelanizou o apelido, xa que era Paseiro), ao Director Xeral de Seguridade o 30 de outubro de 1940, e que este remite ao Director Xeral de Xustiza, da que os denunciados non tiveron coñecemento. Delata os antecedentes e actitude do xuíz de Primeira Instancia e Instrucción da Estrada e neste tempo tamén de Lalín, por atoparse vacante, e do xuíz municipal de Lalín, Laureano García Guitián. Do primeiro, entre outras cousas, di que antes do Glorioso Movimiento Nacional pertencía ao Partido Galeguista, *y su papel no era pasivo, sino, por el contrario, de toda actividad, tanto que publicó una obra editada en esa Capital encomiástica del Frente Popular*, tamén que *los sujetos rojos que eran encarcelados para luego seguirsele el correspondiente sumario, resultaban especialmente atendidos y protegidos por el mismo*, e que saíra airoso do expediente a que fora sometido, *quizá, por compañerismo é informes inexactos expedidos por autoridades subordinadas al mismo durante varios años*.

Seguidamente opina verbo da súa actuación como xuíz que *no puede ser más desastrosa: las resoluciones se dictan con meses y meses de retraso, y, según, se dice de público, tal modo de proceder es con miras al cohecho, y, origina, por consecuencia, la prevaricación; la recomendación en los asuntos judiciales está á la orden del día, y, como secuela de tan deshonorables y rojo modo de actuar, origina incalculables perjuicios a la curia de los citados partidos...*

Ten razón no de que protexía aos “roxos” e de que saíra airoso do expediente por mor de non inhibirse a favor da xurisdicción militar pola requisa de armas por parte de varios republicanos os primeiros días da sublevación militar, pero, pola contra, é totalmente falso que publicase unha obra *encomiástica del Frente Popular*. Non se trata máis que dun embuste, que se converterá nun testemuño negativo a ter en conta de chegado o caso²⁵.

Non di nada sobre a vida privada dos denunciados, pois de existir o mínimo indicio ou só murmuración, con seguranza que tamén o delataría xa que o que se pretendía era botar ao primeiro da Estrada e, de poder ser, aínda mellor expulsalo da carreira xudicial, e ao segundo do xulgado de Lalín (**Doc. 33**).

²⁵ Sobre toda a súa obra, véxase: GONZÁLEZ PÉREZ, C.: “Bouza Brey: Aproximación bibliográfica”, en *Fermín Bouza Brey*, Xunta de Galicia, 1992.

O 27 de novembro solicita novamente trasladado de xulgado, *por la incompatibilidad legal que origina el desempeño del Juzgado de que es titular por tiempo que se aproxima a los doce años, ya porque necesidades familiares relativas a la educación de sus hijos le impelen a ello...* Acepta calquera das seguintes vacantes: Vigo, Santiago de Compostela, A Coruña, Ourense, Lugo, León, Palencia, Valladolid ou Salamanca.

A finais deste mesmo ano é elixido membro numerario da Real Academia Galega, na que ingresará co traballo “La mitología del agua en el noroeste hispánico”, e no seguinte, 1941, noméano comisario de Escavacións Arqueolóxicas de Pontevedra, debéndose a el os primeiros traballos referidos ao tesouro que se achara por casualidade en Caldas de Reis, depositado actualmente no Museo de Pontevedra²⁶.

O 22 de xullo de 1941 solicita tres días de permiso, *sin carácter de licencia*, por asuntos propios, que pasará en Santiago de Compostela. Así é como consta no escrito dirixido ao presidente da Audiencia Territorial da Coruña, pero tamén achega unha carta privada ao secretario de goberno da devandita Audiencia, pedíndolle que llo comunique por telégrafo canto antes *porque tengo necesidad de tomar parte el día 27 en un acto de carácter oficial en Santiago (Docs. 34 e 35)*.

En 1942 recibe a cruz de Afonso X o Sabio. Co gallo de tal concesión, o amigo Ben-Cho-Shey (Xosé Ramón e Fernández-Oxea), “exiliado” en Cáceres, mándalle un poema de felicitación, que empeza e remata con estas estrofas:

*O señor Xuez da vila da Estrada,
que xuzga, canta e fai Prehistoria,
e dos antergos revive a memoria
unha Gran Cruz lle foi acordada.*

.....

*Ao caro amigo Fermín Bouza Brey,
Xuglar e Xuez na vila da Estrada,
mándalle a embora mais emocionada
o exiliado e infeliz*

Ben-Cho-Shey

²⁶ “El tesoro prehistórico de Caldas de Reyes”, *Memoria de la Comisaría General de Excavaciones Arqueológicas*; “El tesoro de Caldas”, *Museo de Pontevedra*; “El tesoro de Caldas de Reyes” e “El peine de oro del tesoro prehistórico de Caldas de Reyes”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, publicados en 1942, e “Inventario de objetos prehistóricos del tesoro de Caldas de Reyes”, *IV Congreso da Associação para o progreso das Ciências*, Porto, en 1943.

No mes de xuño de 1943 sofre un desprendemento de retina, polo que solicita unha baixa de trinta días por enfermidade, *que le obliga a trasladarse a Barcelona para ser intervenido quirúrgicamente* (Doc. 36).

O 13 de setembro de 1943, pero con efectos dende o 29 de abril do ano anterior, o Ministro de Xustiza, Eduardo Aunos Pérez, de conformidade co acordo de 26 de xullo, *ha tenido a bien promover en turno 2º a la categoría de Juez de 1ª instancia e instrucción de término a DON FERMIN BOUZA BREY TRILLO* (Doc. 37). Dous días despois solicita traslado, como o viña facendo todos os anos, agora para algún dos xulgados de Pontevedra, Vigo ou Santiago de Compostela. Tampouco o consegue esta vez, pero o seguinte 3 de novembro insiste só para Compostela e, por fin, é destinado o 7 de decembro de 1943 para a capital galega: *este Ministerio ha tenido a bien nombrarle para el Juzgado de 1ª instancia de Santiago, de término, en la provincia de La Coruña* (Docs. 38 e 39).

A longa e dura etapa de Fermín Bouza-Brey ao fronte do xulgado da Estrada non resultou estéril, nin moito menos, tanto polo labor a prol dos perseguidos, como polo intelectual, pois non se esqueceu máis desta terra á que dedicaría 68 publicacións²⁷. Como colofón, tamén é de salientar o interese que amosou polo estradense Marcial Valladares para que se lle dedicase un día das Letras Galegas, que será o do ano 1970, en que publica no *Boletín da Real Academia Galega* a biografía, “Semblanza de Marcial Valladares”, e consegue que o Instituto de Estudos Gallegos P. Sarmiento lle dedique a 23ª exposición: “Lembranza a Marcial Valladares. Prehistoria de Galicia”.

IX

XUÍZ DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As doenzas non o deixan; aínda non un ano despois de facerse cargo do xulgado compostelán, o 3 de outubro de 1944, solicita baixa, segundo o certificado asinado polo médico Francisco Amigo López, por *una Neurosis que asienta sobre un fondo Diabético* (Doc. 40).

O 29 de outubro de 1945 dirixe unha solicitude ao Director Xeral de Xustiza pedindo traslado para A Coruña, *ante la posibilidad de su próximo ascenso a la categoría de Magistrado*, por acharse vacante o xulgado número un, *que debe*

²⁷ PORTO, J.A. / PAZ GARÇA, F.X.: “As Terras da Estrada na obra de Fermín Bouza-Brey. Guía bibliográfica”, *Contrarretanca. Revista de información da Estrada*, 1992.

estar desempeñado por Juez con categoría de Magistrado. Petición que reitera o 10 de decembro, pero agora para un xulgado de Vigo (Docs. 41 e 42).

Estaba ben ao tanto, pois o inmediato 21 de decembro o Xefe do Estado asina o título de promoción *en turno 1º, a la categoría de Magistrado de entrada*, pero o que non sabía era que a proposta do Ministro de Xustiza, Raimundo Fernández-Cuesta, ese mesmo día tamén rubrica o decreto polo que pasa *a servir la plaza de Magistrado de la Audiencia Provincial de Lugo* (Docs. 43 e 44).

Nestes anos o Seminario de Estudos Galegos é substituído por un herdeiro espúreo, o “Instituto P. Sarmiento de Estudos Gallegos”, dependente do Consejo Superior de Investigaciones Científicas. En 1941, Xesús Carro García, malia á súa condición de crego, non puidera evitar que a biblioteca que seguía no Colexio de Fonseca pasase á da Universidade, pero agora cambia a situación, ao crear un novo centro de investigación o 30 de novembro de 1943, que se constitúe o seguinte 14 de febreiro, data en que se acorda que contará con dez seccións, sendo Bouza Brey director da de Etnografía e Folklore.

A última época xa cadra coa súa estadía en Compostela, podendo aproveitar o tempo de lecer que lle deixaba o xulgado para traballar arreo na nova institución, da que foi el quen propuxo o local entre os colexios de Fonseca e San Xerome, con entrada pola rúa do Franco, no que permanecerá ata o ano 2001. En 1944 sae do prelo o primeiro volume da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*, no que publica nada menos que nove artigos, entre os que sobresa o dedicado á catalogación dos xacementos castrexos da comarca da Estrada, na que colaborara o amigo e agora outra vez compañeiro de investigación, Antonio Fraguas Fraguas.

O seu poema “Louvores ó Señor Sant-Yago” é galardoado co primeiro premio dos Xogos Florais de Santiago de Compostela de 1945, dos que foi madriña Carmen Franco Polo, filla do dictador.

X

MAXISTRADO DA AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO

O nomeamento é do 21 de decembro, pero non o axuda a saúde, e o seguinte 18 de xaneiro de 1946 remite unha solicitude ao Ministro de Xustiza expoñéndolle que se atopa *enfermo, guardando cama e imposibilitado por tanto de tomar posesión del expresado cargo para el que fué nombrado*, e tamén que se digne concederlle unha licencia de quince días por enfermidade. O mesmo día, pero noutra solicitude,


pide a concesión de *prórroga del plazo posesorio, con abono del sueldo*. Ambos os dous escritos van acompañados do correspondente informe asinado polo xuíz de Primeira Instancia e Instrucción de Santiago, testificando ser certo que garda cama (**Doc. 45**).

O presidente da Audiencia Territorial da Coruña informa da designación ao presidente da Provincial de Lugo (**Doc. 46**), e o 30 do mesmo mes remite outra solicitude ao Director Xeral de Xustiza, pedindo que no caso de que vaque, se lle conceda praza na Audiencia Provincial de Pontevedra, asinando o documento a súa dona, Emilia Álvarez Álvarez, por imposibilidade física do interesado (**Doc. 47**).

Non mellora e o dous de febreiro diríxese de novo ao Director Xeral de Xustiza, pedindo que *con arreglo a las disposiciones vigentes que pueda tomar posesión de dicho cargo en su propio domicilio de Santiago, Rúa del Villar 43-2º donde yace enfermo, dándo a tal fin las oportunas ordenes, todo ello antes del día trece del mes en curso, fecha en que termina el plazo posesorio*. No certificado médico, co visto e prace do forense, asinado o mesmo día da solicitude, consta que *guarda cama, desde hace varios días, a causa de una septicemia estafilo-enterovírica, adquirida a consecuencia de un proceso infeccioso intestinal, que le impide abandonar su domicilio* (**Doc. 48**).

O acto terá lugar na súa casa o 12, dándolle posesión o xuíz de Primeira Instancia e Instrucción de Santiago, Carlos Humberto Santaló Ponte, do que se falará de abondo máis adiante (**Docs. 49 e 50**). A enfermidade non lle permitiu chegar a

A propuesta del Ministro de Justicia, de conformidad con lo establecido en las disposiciones orgánicas vigentes y accediendo a lo solicitado por DON FERMIN BOUZA BREY TRILLO, Magistrado de entrada, que sirve su cargo en la Audiencia Provincial de Lugo, Vengo en nombrarle para igual plaza en la Audiencia Provincial de Pontevedra.= Así lo dispongo por el presente Decreto, dado en Madrid a veintidos de febrero de mil novecientos cuarenta y seis.



EL MINISTRO DE JUSTICIA.

Ramundo Feruandey-Cuesta



Nomeamento de maxistrado da Audiencia Provincial de Lugo, 1946 (MJ-AG: Bouza Brey)

desempeñar o cargo en Lugo, pois non máis que dez días despois da devandita toma de posesión, era nomeado para a Audiencia Provincial de Pontevedra.

Malia non poder ir como maxistrado a Lugo, en 1946 é galardoado nesta cidade nun certame de homenaxe ás letras portuguesas.

XI

MAXISTRADO DA AUDIENCIA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Francisco Franco asina o decreto de nomeamento o 22 de febreiro de 1946 (**Doc. 51**), pero, como no caso anterior de Lugo, tampouco pode tomar persoalmente posesión na Audiencia pontevedresa, como lle comunica ao Director Xeral de Xustiza o 18 de marzo: *ha sufrido hasta ahora gravísima enfermedad de la cual comienza a incorporarse en penosa convalecencia, sin serle permitido, cual aparece en la certificación facultativa acompañante, salir en modo alguno de su domicilio tanto por su estado de agotamiento físico como por las complicaciones que podría, respecto a la pasada dolencia, acarrear* (**Doc. 52**).

Por segunda vez ten que ir á súa casa o mesmo xuíz, Carlos Humberto Santaló Ponte, que se presenta o 28 xunto co secretario para darlle posesión do cargo (**Doc. 53**). Nesta mesma data solicita trinta días máis de licencia necesarios segundo o certificado médico, por ter *padecido últimamente una septicemia estafilocócica con bronconeumonía, efecto de cuyas enfermedades le han quedado, aparte la debilidad general de que necesita reponerse, desarreglos cardíacos que le impiden incorporarse á su destino, haciendole imposible por algun tiempo el ejercicio de sus funciones, siendole, por el contrario, necesario reposo en el campo a donde debe trasladarse*²⁸ (**Doc. 54**).

Continuaba enfermo o 4 de abril, como se deduce por un oficio remitido ao Director Xeral de Xustiza por parte do presidente da Audiencia pontevedresa, no que pregunta, *a los efectos de pago de haberes, si el Sr. Bouza Brey se halla disfrutando de permiso oficial* (**Doc. 55**).

O 15 de novembro de 1947 constitúese en Santiago de Compostela o Padroado Rosalía de Castro, sendo el un dos trece asistentes, e o ano seguinte é galardoado co primeiro premio, a Flor Natural, dos Xogos Florais de Pontevedra co poema *Gozos á Diviña Peleriña*.

²⁸ TSXG-ATC: Bouza Brey.

XII

CRUZ DE SAN RAIMUNDO DE PEÑAFORT

Créase esta distinción por Decreto de 23 de xaneiro de 1944, coa fin de premiar os méritos de cantos traballan na administración de Xustiza, no cultivo e aplicación do estudo do Dereito e dos Sagrados Cánones e Escrituras, aos servizos prestados sen nota desfavorable nas actividades xurídicas e aos autores de publicacións de carácter xurídico. Pode ser das seguintes clases, segundo o texto refundido aprobado en 1945: 1) Cruz Meritísima, 2) Cruz de Honor, 3) Cruz Distinguida -de 1ª e 2ª clase-, 4) Cruz sinxela, e 5) Medalla do Mérito á Xustiza. No artigo 14 consta que a *iniciativa para el otorgamiento de esta condecoración podrá ser del Ministro de Justicia en virtud de petición de entidades o particulares, pero no se dise que, en particular, la Cruz Distinguida como la Cruz sencilla podrán ser otorgadas a quienes, no hallándose comprendidos en el artículo segundo, hayan, no obstante, realizado servicios relacionados con cualquiera de las funciones atribuidas al Ministerio de Justicia, siempre que se estimen acreedores a dicha recompensa.*

Coidamos de interese facer a anterior aclaración, porque no expediente correspondente a Fermín Bouza Brey non se atopa a petición de entidades e/ou particulares, debido a que lla concedeu o Ministro de Xustiza directamente pola participación nos actos en que o devandito ministro, Raimundo Fernández-Cuesta, foi delegado do Xefe do Estado na ofrenda ao Apóstolo Santiago do 25 de xullo de 1948²⁹. Asinou a concesión da Cruz Distinguida de 2ª clase de San Raimundo de Peñafort o primeiro de outubro, *en atención a los méritos y circunstancias que concurren en Don Fermín Bouza-Brey Trillo (Doc. 56)*, e o 30 do mesmo mes, o correspondente título, *para que, cumplidas las formalidades vigentes, podáis ostentarla y se os guarden y hagan guardar la consideración, respeto y preeminencias que a tal distinción corresponden*, xa que esta distinción dá dereito ao tratamento de señoría e a honores de xefe de administración civil (Doc. 57).

A imposición levouse a termo nun acto íntimo na Audiencia Provincial de Pontevedra, o 22 de decembro de 1948.

A finais do xaneiro seguinte faise constar no expediente da condecoración, que o interesado ingresara no Banco de España *la cantidad de ciento cincuenta pesetas importe 30% sobre la Cruz Distinguida de 2ª. Clase de la Orden de S. Raimundo de Peñafort*³⁰.

²⁹ PALMOU LORENZO, J.: "Fermín Bouza Brey. O xuíz da Estrada", *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, 13, 2010, p. 114. Non foi en 1947, como di este autor e como tamén consta en *F. Bouza-Brey, 1901-1973. Unha fotobiografía*, 1992, p. 126, senón no Ano Santo de 1948.

³⁰ MJ-AG: San Raimundo de Peñafort - Bouza Brey.



El Canciller Secretario

Saluda

a Don Fermín Bouza Brey Trillo, su distinguido amigo,
y se complace en remitirle adjunto el Título de concesión de la Cruz Distinguida de 2ª clase de San Raimundo de Peñafort, que le fue otorgada por el Señor Ministro en 1º de Octubre de 1948.

Saturnino López Peces

*aprovecha esta ocasión para reiterar a V.
el testimonio de su consideración más distinguida.
Madrid, 25 de Enero de 1949.*

Museo do Pobo Galego: Fermín Bouza Brey

dos republicanos e o ser intelectual galeguista, senón tamén parte dos compañeiros da maxistratura que se consideraban con máis méritos (polas fotografías do acto de entrega pódese comprobar que non a posuía ningún dos de Pontevedra, pois de tela seguro que a lucirían). O caso é que, segundo algúns dos contemporáneos residentes na capital do Lérez e, polo mesmo, coñecedores do que se latricaba, coma o poeta Manuel Cuña Novás, a concesión desta condecoración constituíu a *mecha que prendeu as envexas dos inimigos políticos e persoais que tiña*³¹.

Vai ser a partir de agora, finais de 1948, cando comece a xurdir o conflito que rematará coa súa separación definitiva da Carreira Xudicial.

XIII

ENVEXA, DIFAMACIÓN... HOMOFOBIA

Como unha persoa tan pouco afecta ao réxime acada tantos galardóns? Era a pregunta que se facían algúns dos que levaban dende o 18 de xullo de 1936 tratando por todos os medios de separalo da Maxistratura ou, cando menos, de mandalo para lonxe de Galicia.

³¹ *F. Bouza-Brey, 1901-1973. Unha fotobiografía*, 1992, p. 156.

Non se sabe de quen partiría a matinal, pero o caso é que a finais de 1948, inmediatamente despois da concesión da Cruz Distinguida de 2ª. clase de San Raimundo de Peñafort, comezou a circular por Pontevedra unha cantiga de escarnio contra el acusándoo de homosexual. O autor da mesma, segundo se vén dicindo, foi o poeta Celso Emilio Ferreiro, funcionario nesta cidade dende 1941 e daquela secretario da Fiscalía de Taxas³².

O contido da devandita cantiga foi ben orquestrado polos inimigos políticos, dos que algúns que empezaran a carreira coa Guerra Civil, a altura do ano 1949 gozaban de consolidados cargos no poder, como Antonio Puig Gaité, ao comezo secretario do xefe provincial da Falanxe, o estradense Manuel Castro Pena, que será xefe provincial do Movimiento ata o pasamento de Franco, en 1974.

As doenzas que viña padecendo agrávanse co desgusto e o acoso ao que é sometido por parte dos compañeiros da Maxistratura, e a finais de abril de 1949 solicita 30 días de licencia por enfermidade, por sufrir *un fuerte ataque de Acetonuria, en el curso de la enfermedad diabética que padece* (Doc. 59). No correspondente certificado médico consta que *se halla afecto de Diabetes Sacarina, sufriendo actualmente un ataque de Acetonuria que le obliga a permanecer en esta Ciudad [Santiago de Compostela] para ser asistido por un especialista, no pudiendo por tanto reintegrarse a su cargo, ya que se halla imposibilitado para el ejercicio de sus funciones*³³. O xuíz de primeira Instancia e Instrucción de Santiago informa ao Ministerio de Xustiza ser certo que se atopa enfermo e sometido a tratamento cun especialista, o doutor Domingo García Sabell (Doc. 60).

A situación tórnase insostible, e cavila en abandonar a Maxistratura e dedicarse ao exercicio da avogacía en Santiago de Compostela, ou solicitar outro destino fóra de Galicia. Opta pola segunda saída e persoalmente en Madrid da súa propia man escribe a solicitude o 19 de maio, para un dos xulgados de Primeira Instancia e Instrucción de Soria ou Lleida (Doc. 61).

O 23 pide que se lle prorrogue a baixa un mes máis, por continuar enfermo de acetonuria *como consecuencia de su padecimiento diabético*, segundo o certificado médico³⁴.

³² Ídem, p. 158.

³³ TSXG-ATC: Bouza Brey Trillo.

³⁴ Ídem.

Unicamente temos constancia de que volvese unha vez máis á Audiencia de Pontevedra: O presidente do Tribunal Provincial do Contencioso Administrativo solicitou ao Ministro de Xustiza autorización para que formase parte deste *Tribunal Provincial el día 24 de noviembre proximo [1951], hora de doce de su mañana, para dictar sentencia en recurso contencioso administrativo interpuesto por D. Manuel Fraguas Monteiro y otro, contra acuerdos del Ayuntamiento de Cotovad, relacionados con aprovechamientos de montes, y habiendo formado parte en su día de dicho Tribunal el Sr. Magistrado D. Fermin Bouza-Brey Trillo, actualmente destinado en la Audiencia Territorial de Oviedo [...] se digne autorizar a dicho funcionario a fin de que comparezca en este Tribunal los día y hora expresados*.

O 9 de outubro autorízase o traslado, *significándole que aún cuando actualmente se encuentra en uso de licencia por enfemo en el extranjero, deberá haberse reintegrado a su destino con antelación a la expresada fecha*. O seguinte 27 de novembro o presidente informa ao ministro que a vista terá lugar o 22 de decembro. Días despois, o 31, o presidente da Territorial de Oviedo comunica ao Director Xeral de Xustiza que xa se reintegrara ao seu destino, logo de formar parte da *comisión de servicio en Pontevedra a donde se había trasladado para dictar sentencia en recurso contencioso administrativo pendiente en la misma y de cuyo Tribunal Provincial había formado parte*.

Como remate da súa relación coa capital do Lérez, o 30 de maio de 1952, outra vez o presidente do Tribunal Provincial Contencioso Administrativo solicita ao de Oviedo a comparecencia do maxistrado a fin de se constituír este tribunal o 14 de xuño, *para acordar sentencia, en tramite de mejor proveer, en recurso contencioso-administrativo interpuesto por Tranvías Electricos de Vigo, y de cuyo Tribunal, en su día, formó parte* (Doc. 90). Segundo parece, oficialmente en Pontevedra non debían saber que dende o 18 de xaneiro anterior estaba suspendido provisionalmente, polo que o presidente ovetense respondeu por telegrama: *Participo vucencia que ministerio comunica no puede concederse a magistrado don Fermin Bouza Brey autorizacion para desplazarse a esta y constituir tribunal contencioso día de mañana*³⁵.

A estadia en Pontevedra permitiulle investigar nos ricos fondos bibliográficos e documentais do Museo Provincial, do que era director o amigo Xosé Filgueira Valverde.

XUÍZ DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN DE LLEIDA

O 20 de maio de 1949 o Xefe do Estado asina o correspondente decreto: *Vengo en nombrar para la plaza de Juez de Primera Instancia e Instrucción de Lérida... a Don Fermin Bouza Brey Trillo, Magistrado de entrada, que sirve su cargo en la Audiencia Provincial de Pontevedra*

(Doc. 62), da que toma posesión o 18 de xullo e, de inmediato, pide dez días de licencia por asuntos propios, pero como non lle dá tempo a arranxar todo, decide solicitar outros trinta días con residencia en Santiago de Compostela (Doc. 63).

A súa permanencia en terras catalanas será moi curta, de pouco máis de catro meses, pero fructífera polo que atinxe á cultura. En Lleida xa era coñecido polos artigos que publicara en 1929 e 1932 na revista *Arxíu de Tradicións Populares* de Barcelona, de aí que ao chegar fose nomeado conselleiro do Instituto de Estudios Ilerdenses, como lle conta ao amigo Xosé María Álvarez Blázquez: *Apenas hai un mes que estou eiquí e caín en tal forma que parez que a xente a conezo hai moitos anos [...]*

Dendes que cheguei tiven a sorte de topa: 1º os primeiros útiles paleolíticos da provincia; 2º interesante documentación [...] do poeta romántico Eulogio Florentino Sanz, o traductor de Heine; 3º unha serie de balas de cañón. Con isto os do Instituto fixéronme o seu Conselleiro...³⁵

Solicitud para un dos xulgados de Soria ou Lleida, 1949 (MJ-AG: Bouza Brey)

Solicitude para un dos xulgados de Soria ou Lleida, 1949 (MJ-AG: Bouza Brey)

³⁵ AHA-ATO: Bouza Brey.

³⁶ F. Bouza-Brey, 1901-1973. *Unha fotobiografía*, 1992, p. 182.



Excmo. Sr. Ministro de Justicia.

Excmo. Señor

Fermin Bouza Brey Trillo,
Magistrado de la Audiencia de Pontevedra, a V.º
atentamente expone:

Que hallándose vacantes
los juzgados de Primera Instancia e Instrucción
de Soria y de Lérida, de categoría de Capital,
y hallándose el que suocede en cualquiera de
solicitarlos, a V.º. respetuosamente

Suplica se digno nombrarle para
ocupar una de dichos vacantes de Soria
o Lérida por el orden expuesto.

Dios guarde a V.º muchos años.

Madrid. 17 de Mayo de 1949

MAXISTRADO DA AUDIENCIA TERRITORIAL DE OVIEDO

Por decreto do 30 de setembro do mesmo 1949, pero con efectos dende o 18, á vez que é promovido *en turno tercero a la plaza de Magistrado de ascenso*, tamén pasa a *servir su cargo en la Audiencia Territorial de Oviedo* (Docs. 64 e 65).

A finais de xuño o presidente envía o preceptivo "Informe reservado" anual ao Tribunal Supremo sobre a conduta, competencia, etc., dos maxistrados e, entre eles, de Bouza Brey, de quen di que nos asuntos que lle corresponderon amosou *poseer suficientes dotes de inteligencia, capacidad y acierto en sus resoluciones: de buen trato social y desde su permanencia en esta goza de buena conducta* (Doc. 66).

Aproveita para desprazarse a Santiago de Compostela co gallo dalgún acontecemento especial, como por exemplo o 10 de setembro de 1950 para acompañar a Dona Gala, filla de Rosalía de Castro, á visita que fixo á Casa Museo de Padrón e ao Panteón de Galegos Ilustres da igrexa de San Domingos de Bonaval, onde xace a poeta.

A propuesta del Ministro de Justicia y de conformidad con lo establecido en las disposiciones orgánicas vigentes, vengo en promover en turno tercero a la plaza de Magistrado de ascenso, dotada con el haber anual de veintinueve mil pesetas y vacante por fallecimiento de Don Rafael Delgado Iribarren, a DON FERMIN BOUZA BREY Y TRILLO, Magistrado de entrada, que desempeña el Juzgado de Primera Instancia e Instrucción de Lérida, entendiéndose esta promoción con la antigüedad a todos los efectos, desde el día dieciocho de Septiembre de mil novecientos cuarenta y nueve, fecha en que se produjo la vacante, cuyo funcionario pasará a servir su cargo en la Audiencia Territorial de Oviedo, vacante por traslación de Don Mariano Gimeno Fernández.- Así lo dispongo por el presente Decreto, dado en Madrid, a treinta de Septiembre de mil novecientos cuarenta y nueve.

EL MINISTRO DE JUSTICIA.

Raimundo Fernández-Cuesta, Ministro



Nomeamento para a Audiencia Territorial de Oviedo, 1949 (MJ-AG: Bouza Brey)

O 17 de xaneiro de 1951, de acordo coa orde do 12 do corrente dictando normas para a aplicación da Lei de 13 de xullo de 1950, solicita unha das prazas de maxistrado creadas por tal disposición nas audiencias territoriais de Madrid ou Valladolid.

A tempestade de Pontevedra amaina dende que abandona a cidade, pero sen deixar de difundir os inimigos por todas partes, e máis naquelas localidades onde era coñecido (Pontearreas, A Estrada, Vilagarcía de Arousa, Santiago de Compostela, Pontevedra...), a nova de que o botaran da Audiencia e ata que fora cesado na carreira xudicial por homosexual, cando non se celebrara ningún xuízo.

Na capital asturiana tamén foi moi ben acollido nos círculos intelectuais, como lle conta a Álvarez Blázquez: *Debo decirche en xustificazón do meu silencio que a xente de eiquí tenme engaiolado de tal maneira que non sei o que será. Oferecéuseme unha Axudantía na Universidade e taes son as atenzóns de parte das xentes que somentes che relatarei algunhas porque nos atañen pra os nosos comúns traballos³⁷ : 1º O ter “vara alta” no Instituto de Estudios Asturiensis - 2º O térseme indicado pra ordeador dos materiais deixados pol-o célebre Conde de la Vega del Sella á Universidade³⁸.*

Unha proba da excelente consideración en que o tiñan como intelectual, e, en particular, da súa valía no eido da arqueoloxía, é o feito de que o 28 de outubro de 1951 fose nomeado Comisario Provincial de Oviedo polo Ministerio de Educación Nacional, como xa antes fora de Pontevedra (1941).

Dende o seguinte ano en que se incorpora á Audiencia ovetense, 1950, ata 1963, deu ao prelo, cando menos, trece traballos en particular sobre Asturias ou relacionados, como “Nombres y tradiciones de la digital en Galicia y Asturias” e “Onomástica y tradición de la fresa en Galicia y Asturias”. De grande interese para a historia do Principado, son: “Introducción del cultivo del maíz en Asturias en el siglo XVII” e “Túmulos prehistóricos de Asturias”.

³⁷ Don Fermín redactou con D. Xosé María, os seguintes traballos: “Industrias paleolíticas de la comarca de Tuy”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, IV, 1949; “Industrias paleolíticas do Baixo Miño (Concellos de A Guardia, O Rosal, Tomiño e Oya)”, *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnografía*, XIV, Porto, 1952, e “Inscripciones romanas de Vigo”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XVI, 1961.

³⁸ F. Bouza-Brey, 1901-1973. *Unha fotobiografía*, 1992, p. 163.

XVI

O DETONANTE: A CONFERENCIA DO “CENTRO GALEGO” DE BUENOS AIRES

Aproveitando que a súa muller, Emilia Álvarez Álvarez, tiña que arranxar certos asuntos de propiedades, o matrimonio decide facer unha viaxe á Arxentina, pola que el devecía para coñecer a terra á que emigraran tantos veciños e acollera a moitos amigos que fuxiran por mor da Guerra Civil.

Con tal fin, no mes de febreiro de 1951, segundo lle di por carta a Xosé María Álvarez Blázquez, tiña a idea de pasar uns días en Madrid e solicitar permiso para desprazarse por algún tempo á Arxentina³⁹. As diferentes peticións de licencia amosan que descoñecía a data de saída: a primeira é do 20 de marzo de 1951: *acuerda concederle treinta días de licencia para que pueda atender asuntos propios, autorizándole para trasladarse a la República Argentina durante su disfrute y con derecho al percibo de sueldo entero (Doc. 67).*

O seguinte 20 de abril rehabilita a licencia, e o mesmo o 7 de maio, ata o día primeiro de xuño, en que se ausenta da Audiencia, *en uso de licencia que por treinta días le ha sido concedida por el Ministerio (Doc. 68)*. Por fin, embarcan o matrimonio e un dos fillos no trasatlántico “Alcántara”.

Andaba delicado de saúde, e o 23 de xuño, ante a imposibilidade de regresar por atoparse enfermo, asina no Consulado Xeral de España unha petición dirixida ao Director Xeral de Xustiza, na que solicita trinta días máis, *por razón de enfermedad*, por presentar segundo o certificado médico, *acetonemia con acetonuria en el curso de su Diabetes mellitus*, a contar dende o 30 de xuño (Docs. 69 e 70).

O 28 do dito mes, mentres el se atopa na Arxentina, o presidente da Audiencia Territorial de Oviedo remite ao Tribunal Supremo os preceptivos informes reservados verbo da actuación dos maxistrados. Como no do ano anterior, de Bouza Brey afirma que *es funcionario de buena conducta, de extremada competencia jurídica y despacha sus ponencias con celo y actividad, de clara inteligencia y acertado en sus resoluciones, de buen trato social y afectuoso entre sus compañeros⁴⁰.*

Entrega na embaixada de España unha carta de presentación do Instituto de Cultura Hispánica, como especialista en estudos folclóricos, dirixida a autoridades

³⁹ Ídem, p. 171.

⁴⁰ AHA-ATO: Informes.

e centros arxentinos *solicitando le prestaran los necesarios auxilios para desarrollar trabajos de investigación en su especialidad.* Inmediatamente o embaixador manda un telegrama ao Ministro de Asuntos Exteriores pedindo información sobre Bouza Brey e o tipo de axuda (**Doc. 71**). O 6 de xullo o Director Xeral de Relacións Culturais diríxese ao Instituto de Cultura Hispánica demandado máis información (**Doc. 72**), ao que este responde o día 13, aclarando que *se refería concretamente a facilidades de índole cultural, vinculaciones a centros culturales argentinos, etc., en ningún caso apoyo financiero.* A continuación di de Bouza Brey que *es persona de toda solvencia profesional* e que o Instituto lle confiara *la misión de estudiar las posibilidades de organizar un Congreso Hispanoamericano de Folklore, a celebrar en 1952 o 1953* (**Doc. 73**).

Aproveita o tempo para falar con veciños emigrantes e amigos exiliados, e tamén para intervir en actos culturais, como conta a Álvarez Blázquez:... *Ao chegar dirixinme ao meu choio: mostrar Galiza aos arxentinos. E din conferencias na Facultade de Letras da Univ. (unha na Aula Magna, outra no Museo Etnográfico); no Instituto de Antropoloxía; na Soc. de Americanistas; na Soc. de Folklore... ¡Xa perdín a conta!. Pol-a sua banda os nosos peisanos fixéronme falar no día de Galiza diante da estatua de Rosalía no Centro Galego e onte no Centro Lucense e agora queren que dé una Conferenza na Fac. de Dereito celebrando a Curros. Por outra banda nas casas particulares e nas Soc. científicas fixeron ducias de recitais, de bailes, de cánticos, pra dar-me a coñecer os instrumentos e demais cousas típicas do país. Estou enteradísimo de quen as e charangos, de zambas e vidalitas. [...] Fun nomeado membro de non sei cantas cousas e déronme tal cantidade de libros que teño que mercar maletas e caixóns pra levalos. [...] Fun a Mar de Plata (400 km.) a La Plata (ten gran museu de Paleontoloxía, o mellor do país), e a Luxán. Quérenme levar a Mendoza (1200 km.) e non sei se o conseguirán. Estou canso...⁴¹*

Un dos actos foi unha conferencia dedicada a Rosalía de Castro dentro da “Semana Gallega” do Centro Galego da capital arxentina, sociedade afecta á República con máis de 95.000 socios. Desenvólvese o 25 de xullo no vestíbulo do local social, presidido pola estatua da nosa eximia poeta. Ás seis e media da tarde efectúase unha ofrenda floral, facendo a continuación uso da palabra o presidente do Centro, Javier Vázquez Iglesias, que logo cede ao ilustre convidado, non como maxistrado da Audiencia Territorial de Oviedo, senón como membro do Padroado Rosalía de Castro:

Donas e señores:

Dando cumprimento a un mandado de iste Centro Galego de Buenos Aires, lumieira de Galiza nas terras austras, veño a saudar en Rosalía como símbolo a todol-os galegos do mundo.

⁴¹ F. Bouza-Brey, 1901-1973. *Unha fotobiografía*, 1992, p. 177.

Veño a saudar na nosa festa maior a todol-os fillos de Galicia que nos catro enderezos da Rosa dos Ventos precuran pol-o ben de ela nas Cencias e nas Artes; na Industria e na Economía; na Administración e mais no Insiño; no lírico e no práctico, na materia e no espírito, no grande e no pequeno...; aos sábeos e aos artistas; aos eruditos e aos menestraes; aos homes das finanzas e aos gozosos poetas; as xentes que viven do limpo traballo nos campo e mares e aos santos que pregan por ela diante do Eterno no inmenso dos Ceos.

E saúdo aos que son e aos que foron.

Aos que son. Ou sexa aos que teñen a dita de n-ela viviren e a aqueles outros ditosos tamén ca esperanza de achar seu acougo no colo materno que andan espaxados por praias alleas; aos que viñeron pol-o seu pé con ventureira céltica inquedanza e aos que o trebón da sorte axotou mar abaixo sin dor nin amparo.

Aos que foron. Ou sexa a aqueles que levaron na vida un dourado nome patente por sempre na laxe ferreña da humana memoria mentras a nosa Historia alente e mentras corra un nervo sensible da estirpe galaica, e a aqueles outros anónimos dos que apenas conserva lembranza n-un feito glorioso calquera esquencida crónica, mais que souberon labrar fermosos minutos da Humanidade ¡Benia ti, iñoto ourive que batiche a couraza de Aníbal, que cantou Silio Itálico! ¡Benia ti, vedraño da cohorte sicambra, que loitache por Roma nos desertos da Africa! ¡Louvor a ti, ribeirao, que buscache con Elcano e Cortés as entranas da virxen América!

Víctor a ti, escudeiro, que, en Asia, por socorrer a unha dona que subira ao monte sagro onde aunou El Señor, caíche da esquiva montana e chegache ao val feito anacos, como conta o viaxeiro Tafur! ¡Gloria a vos monxe bieito, cangado dos anos, que, ca armónica ás costas, tocando muiñeiras e cantando panxoliñas, alumeache ca luz evanxélica os abesedos dos bosques da Australia! ¡Salve ti, pedreiro novo, que depenicache con cinseles no cruceiro e no ousío da eirexa, e a tí moza, que dormes de adro baixo campá garrida dempois de deixarnos pra o noso cancioeiro cen cántigas tristes, e a ti, rapaciño, que entoache n-outrora ledos cantos de maio coberto de fiúncho e de frores silvestres!

¡Grande día o de hoxe pra vos xuntar en paz a todos ao pé de Rosalía! Porque Rosalía é o símbolo perenne de Galicia que canta os seus sonos de acotía e

chora as suas dóres de todo tempo. Vinde, pois, todos axiña, vivos e mortos, corpos e somas insoslaiabres, a danzar cos vosos espíritos diante de Rosalía como diante da Arca da Alianza dos galegos sin distingos, sin pasión que os arreden, sin retesías, nin acedumes fraternas.

Apacibre discurre a vida de Rosalía de Castro, ao exterior pol-o menos. No interno é unha vida atormentada e dorosa dende o berce mesmo.

Nace María Rosalía Rita en Santiago de Compostela o 24 de Febreiro de 1837 en misteriosas circunstancias: filla de pais incógnitos, cóntanos a partida de nacemento conservada no Hospital Real. A súa nai Da. Teresa Castro Abadía, de fidalga familia padronesa -a terra de Iria Flavia tan xunguida á tradición xacobeá- a trouguera ao mundo n-unha casa do lugar das Barreiras, inmediato á cidade apostólica, asistida no trance por unha celebridade médica galega, o Dr. Varela de Montes, Decano da Facultade de Medicina da Universidade. A madriña de bautismo, María Francisca Martínez levou a nena pra a aldea de Ortoño, no val da Mahía, e alí n-unha ampra vivenda chamada “do Castro” por ter sobranceiro un de estes moimentos criouna deica os seis ou sete anos en que foi levada a veira de súa nai que habitaba o pazo da Arretén, solar dos de Castro no val padronés.

A necesidade de dar educación á nena levou a Da. Teresa Castro a vivir con Rosalía en Compostela. Alí viviron, alugando unhas habitazóns no vello convento de San Agustín que a escaustazón deixara deserto e a onde se acolleran varias familias, ocupando o seu recinto, varios anos nai e filla. A veciñanza de unha sociedade cultural sonada nos anaes da Compostela romántica, o “Liceo de San Agustín”, instalado no mesmo grandioso edificio, infruiu en que Rosalía, con vocación pra as letras, acodise aos seus salóns onde a xuventú das aulas daba solta aos seus afáns literarios. Alí tomou parte en veladas literarias con brillante éisito. Alí coñeceu aos escritores máis conspicuos da época, algúns dos que tiñan de acadar celebridade, como Aguirre, como Pondal, como Rodríguez Seoane, e sóbor de todo nos importa agora saber que alí coneceu e tratou íntimamente a D. Manuel Murguía, dempois célebre historiador de Galicia co que se uneu en matrimonio en Madride o 10 de Outono de 1858.

Sobre do ano 1856, foi a Madride Rosalía, aloxándose na casa de unha tía súa parenta do escritor Pérez Luxín. No 57, publicou o seu primeiro libro de versos, “La Flor”, adicados a súa nai, de corte esproncediano. Murguía adicoulle en “La Iberia” un artigo eloxioso aparentando desconecer a autora

a quen xa en Compostela dera a entender a simpatía que persoalmente lle inspiraba no trato que tiñan no “Liceo de San Agustín”.

Do matrimonio Murguía-Castro naceron Alexandra, Aura, Gala, Ovidio, Amara e Adriano que morreu na infancia. Ovidio foi excelente pintor do que se conservan moitas obras; mais morreu novo. De taes fillos vive somentes hoxe Da. Gala, n-a Cruña.

Con Murguía percorreu Rosalía boa parte da España, con ocasión de ter sido nomeado Murguía, Arqueiveiro de Simancas sen ter outras ocupacións.

Volta a súa terra, transcurre a súa vida sin lances, salvo o da morte da nai que a encheu de fonda pena, anque a vida fose pra ela de por si dorosa, non xa pol-os apremios cotidiáns, sinón pola íntima dor do vivir mesmo, pol-a opresión constante de un desexo, un algo inaprehensibre, ou, como ela di, de

*unha sede, unha sede
de un non sei qué que me mata.*

Ou tamén, como di n-outra parte:

*teño medo de unha cousa
que vive e que non se ve,*

ou sexa a “negra sombra” que anda encol de ela, aparecéndoselle xa na estrela que brila ou no vento que zoa.

O seu alonxamento auténtico, sin “pose” algunha de canto fose ostentazón mundana levouna a negarse a presidir os Xogos Froraes de Tolosa e Barcelona en 1867, instada pra presidilos pol-os felibres da Provenza. A súa fuxida de toda vanagloria está condensada en moitos dos seus sinceiros versos.

Ao fin refúxiase, como corza ferida, no val padronés por onde a nai a levara na entrana poseida, de segredos terrores unha casa homildosa rodeada de hortas. Unha terrible doenza roe na súa vida horrorosa. Quere ver o mar, seu amado de sempre que a atraí con forza apenas resistibre, e corre nos principios do vran de 1885 ao pobo mariñeiro de Carril, na Ría de Arousa. Sin apenas forzas xa no físico, volve a súa casa campesiña onde morre santamente ás doce da mañán do 15 de Xullo de dito ano que foi Ano Santo en Compostela. As fillas rodearon o corpo sagro de súa nai con heliotropos, unha das súas frores predilectas. Dóuselle sepultura no camposanto da antiga Colexiata no Cemiterio da Adina que ela cantara como

... cemiterio encantador
cos seus olivos escuros
de grata recordazón,

e onde xacía sua nai.

Ao cabo de seis anos foron levados os seus restos mortaes, en conmovedora apoteosis, a Compostela, e depositados n-un mausoleo de marbre no vello templo de Santo Domingo.

Breve e sin lances foi a sua vida; mais ela abrangue os mais lonxicuos hourizontes da Pátria. Rosalía é a lembranza mística onde a Raza comulga o amor ou a dor de cada día. En ela converxen as saudades dos ausentes, os recordos dos emigrados formándolle un arco de néboa que axigante e sube, subre hastra que Santiago Zebedeo, o Patrón noso, o peleriño como cada un de nós, recolle esa brétema nas gándaras estelares e formando baraza ca fita de estrelas do seu nome levaranos por ise camiño a todos os que morramos co anseio da patria lonxana a dormir n-ela, no seo de Galicia, arrolados a carón do seu corpo apostólico pol-a terra nai.

E agora... pechade conmigo os ollos mortaes e imos todos, ben abertos os ollos do espírito, alí de onde eu veño. Ven a vedes, a Galicia, firme e serea, como onte, como mañán, como sempre. Leva, si queredes, mais loito no pardo mantelo...; ten mais vidrados os ollos, de seu pensatibres; unha bágoa agachada baixa pol-a branca meixela, pro inda ten forzas pra arrandear os berces dos novos fillos, pra acariñar os novos fogares ca man verdegada dos campos vizosos, pra dar consolo a tantas nais que alá vos choran, pra badalar tal festa como hoxe nas campanas das parroquias todas presididas polo grave esquiñón de Compostela, e pra repinicar tolamente na grande alborada que ten de vir na hora xusta e xigante da Historia⁴².

O ton galeguista do relatorio non gustou ao embaixador de España, e, máis aínda, por ser no Centro Galego e porque, segundo parece, no acto no estaba a bandeira española, e si a arxentina e a galega. Aproveitando a seguinte intervención pública, que foi outra conferencia pero na Facultade de Filosofía e Letras, titulada “Galicia como factor del folklore americano”, por mandato do embaixador, Emilio de Navasqués, o conselleiro cultural fíxolle saber ao convidado *sobre la extrañeza causada por su actitud y la necesidad de una rectificación pública*, ao que respondeu que *creía haber prestado un gran servicio a esta Representación, que*

*estaba dispuesto a una conferencia en la “Casa de Galicia”, afecta a nosotros, si a ello se le invitaba, y que en cuanto a las manifestaciones de tipo nacionalista eran reacciones. A rectificación pública era por ter participado na *mojiganga* puesta en escena por el “Centro Gallego” de esta capital.*

O embaixador remata o despacho afirmando que *nada hay de reprochable en el dedicar una conferencia pública en gallego, a la relevante personalidad de Rosalía de Castro, pero sí lo hay en el hecho de prestar nombre y persona para que éstas aparezcan públicamente solidarizadas con manifestaciones de tan marcado carácter (Doc. 74).*

O 11 de setembro o Ministro de Asuntos Exteriores remite copia do despacho de Navasqués ao subsecretario do de Xustiza⁴³, e o 20 do mesmo mes este, Antonio Iturmendi Bañales, solicita *a fin de reunir más elementos de juicio que permitan adoptar las resoluciones que se estime oportunas se sirva recabar del expresado Embajador un nuevo informe en el que se detalle toda la actuación del Magistrado de referencia durante su estancia en la citada Capital (Doc. 76).*

Nestes días, o 19, a Dirección Xeral do Ministerio de Xustiza concédelle trinta días de licencia con cargo *a la primera prórroga trimestral para que pueda atender al restablecimiento de su salud (Doc. 75).*

O embaixador asina un novo informe o 8 de novembro, no que afirma que *por mi parte, poco o nada tengo que añadir a lo que dije en mi último Despacho. El Señor Bouza Brey dió una pequeña charla sobre folklore asturiano, ante un grupo reducido de personas en el Jockey Club, y otra -según tengo entendido- en el Instituto de Genealogía y Heráldica... E engade que el averiguar lo que haya podido decir o hacer el Sr. Bouza Brey entre elementos argentinos, sería delicado y contraproducente, pero que en cuanto a su actuación en medios españoles, ya he señalado que concurrió a celebraciones públicas cuyo carácter antinacional no podía ocultársele porque era patente y notorio a los ojos de todos. Pronunció una conferencia en un acto, en el que junto a la bandera argentina aparecía la llamada “gallega”, y en el que la española estaba conspicuamente ausente. Preguntado por el Doctor Ara porqué no se ausentó al verlo, este digno magistrado español contestó que “eso no podía hacerlo”.*

E conclúe dicindo que non se trata de *actos de extrema gravedad, sino más bien de un estado de espíritu de, cuando menos, tibieza nacional, elocuentemente reflejado en acciones y omisiones (Doc. 77).*

⁴² *Galicia*, revista do Centro Gallego, número 460, Buenos Aires, agosto, 1951.

⁴³ MAE-DGRC: Bouza Brey.

A partir deste suceso sempre considerará a Emilio de Navasqués como un dos peores inimigos, que fixo o posible, primeiro na Arxentina e logo aquí, por afastalo da Maxistratura. Como mostra abondan estes retrincos de dúas cartas a Xosé María Álvarez Blázquez: *Non se pode falar epistolarmentes.- Non sei nada porque acabo de facer un escrito resúmen da proba que, por terma denegado na maor parte por infruxo do Embaixador, principalmentes, que hoxe é Director Xeral de Asuntos Exteriores, saíume un zurriagazo atrocísimo que non sei o que vai pasar. [...] O tema primordial ou 'leiv-motif' foi a política gravitando encol do expediente ...*⁴⁴

Sobre o éxito da lectura da tese de doutoramento en Historia na Universidade de Madrid, en 1952, refírelle o seguinte: *Déronme a nota máisima e dempois fixéronme dar unha conferencia na Facultade, etc., etc. Tudo contra vento e marea dos da Cultura Hispánica que, engaiolados pol-o ex-embaixador e agora membro de tal instituto, en ouvindo o meu nome botou fume pol-as sens e considérame causante de non sei cales fracasos nas Américas...*⁴⁵

Días despois, o 14 de novembro, solicita ao Ministro *ser nombrado para ocupar una plaza de su categoría en la Audiencia Territorial de La Coruña, entendiéndose que si no cupiese su petición dentro de lo dispuesto en la Orden dicha, se tenga en cuenta esta petición para las resultas ó vacantes que en lo sucesivo se produjesen en la citada Audiencia (Doc. 78).*

O seguinte 16, o Director Xeral de Xustiza, Esteban Samaniego, requírelle ao presidente da Audiencia Territorial de Oviedo, *se sirva participar a este Ministerio los motivos por los que no comunicó a su debido tiempo que el Magistrado de esa Audiencia Don Fermin Bouza Brey Trillo, no se reintegró a su cargo al finalizar la prórroga de licencia por enfermo que disfrutaba [...] siendo así que había transcurrido con exceso el plazo para que se reintegrase (Doc. 79).* Ao que este responde o inmediato 17, que se debeu a que *el funcionario aludido que se había ausentado a Buenos Aires con licencia por asuntos propios concedida por ese Ministerio, desde el punto de su residencia venía cursando sucesivas peticiones a ese Ministerio de licencia por enfermo y prorrogas de la misma, comunicándole a esta Presidencia que había solicitado nueva prórroga de tres meses para su restablecimiento, reintegrándose el 12 de los corrientes por estimar que se hallaba dentro del plazo de la prórroga indicada (Doc. 80).*

⁴⁴ F. Bouza-Brey, 1901-1973. *Unha fotobiografía*, 1992, p. 181. Este escrito debía estar no cartafol do expediente 153/1951 do Tribunal Supremo, pero actualmente dentro -segundo a arquivista- non queda máis que un papel con apuntamentos.

⁴⁵ Idem. p. 183.

O 24 de novembro o Director Xeral de Xustiza por orde do Ministro, remite copia do primeiro informe do embaixador na Arxentina ao presidente do Tribunal Supremo, *a fin de que por la Inspección Central de Tribunales se adopten las resoluciones oportunas (Doc. 81).*

XVII

EXPEDIENTE 153/1951

O 26 de novembro de 1951, o Secretario Xeral do Tribunal Supremo acusa recibo ao Director Xeral de Xustiza do despacho confidencial remitido polo embaixador, Emilio de Navasqués, e tamén con tal data que se acorda *pase al Inspector Delegado Sr. Nombela Gallardo, a los efectos procedentes (Doc. 82).*

Días despois, o 10 de xaneiro de 1952, o presidente do Tribunal Supremo envía ao Ministro de Xustiza o informe evacuado polo maxistrado Nombela Gallardo, inspector delegado da Inspección Central de Tribunais, baseado no despacho do embaixador e nun informe do presidente da Audiencia Territorial de Oviedo: *... sobre la actuación poco patriótica de aquél Magistrado en un viaje cultural que el pasado verano realizó a la Argentina.- Encomendada al Inspector Delegado que suscribe una información sobre aquellas actividades y conducta del Sr. Bouza, ya que se le atribuía haber sido destacado actor de la mogiganga puesta en escena por el Centro Gallego de la Argentina con ocasión de un homenaje a la poetisa gallega Rosalía de Castro, así como haber adoptado actitudes y maneras poco en consonancia con las que son exigidas a un Magistrado del Estado Español se procuró, investigar profundamente el carácter, los modos y formación de este Magistrado que pudieran en su día ser elementos valiosos para justipreciar con exactitud la conducta que se iba a juzgar, y al hacerlo se vió dolorosamente sorprendida esta Inspección Delegada al recibir informe del Excmo. Sr. Presidente de la Audiencia Territorial de Oviedo en el que se alude a un supuesto vicio de homosexualismo atribuído a dicho Magistrado durante su permanencia y destino en la Audiencia Provincial de Pontevedra.*

O inspector pretende ir máis lonxe cando engade que *por otra parte, en la comunicación dirigida al Ministerio de Justicia por la Dirección General de Relaciones Culturales, en la que se traslada informe de nuestra Embajada en La Argentina se decía: "El averiguar lo que haya podido decir o hacer el Sr. Bouza Brey entre elementos argentinos sería delicado y contraproducente".- Ignora esta Inspección el alcance de estos conceptos, ni si ellos pudieran tener*

alguna relación con lo informado por el Excmo. Sr. Presidente de la Audiencia Territorial de Oviedo cuando alude a un supuesto vicio vergonzoso, pero sea de ello lo que quiera, estima esta Inspección que es absolutamente indispensable que se aclare los conceptos entrecuillados como pertenecientes al informe de nuestra Representación Diplomática aunque ello sea delicado, pues de otro modo quedarían flotando dichos conceptos sin cristalizar y con el riesgo de no quedar suficientemente investigada la conducta de dicho Magistrado (Doc. 83).

Estes datos tirados da documentación oficial coinciden, en liñas xerais, co que lle conta por carta a Álvarez Blázquez, cando xa estaba de volta en Oviedo: [teño] *preocupacións de traballo e de índole política [...] Trouxen de América unha espiña no corazón. Nada digas do que che conto, senón ao teu amigo del Riego. ¡Verás! Un señor Delegado de Cultura da Embaixada (non o 'Agregado Cultural') que coido é o Xefe da F.E. no Exterior, invitoume ao saír da miña conf. na Univ. de Bs. Aires a subir ao seu coche pra me levar á casa pois eu fora a il presentado pol-o M. de Lozoya. Pol-o camiño díxome que eu tería grave desgosto por ter dado unha conf. no 'Centro Galego' porque iste non leva relacións coa Embaixada. [Respondinlle] que non-o sabía e que ninguén me avisara ren; mais ao voltar e irme a despedir repiteu o mesmo ca miña protesta. Mais o certo é que estou baixo isa acusazón a través de dous Ministerios, Asuntos Ext. e Gobernación, que [apurán] ao de Xustiza: galeguista, campaña no estranxeiro, enlace [...] e mais o que che vai n-ise papeliño aparte...⁴⁶*

Que estaría escrito no “papeliño”? M..., case seguro.

Se é certo, como el di, que chegou a intervir o Ministerio de Gobernación, actualmente nos seus expedientes non queda rastro, nin tampouco alusión nos demais documentos conservados. Tampouco se sabe do informe redactado polo presidente da Audiencia Territorial de Oviedo, no que se aludía a *un supuesto vicio de homosexualismo atribuído a dicho Magistrado durante su permanencia y destino en la Audiencia Provincial de Pontevedra*. Sen dúbida que a información saíu de Pontevedra, e, dada a gravidade do asunto, é de supoñer que fose por escrito para que se puidese presentar como proba chegado o caso, como debeu pasar no expediente -o 71/1952- que se abre a instigación do Ministerio Fiscal a un dos acusadores, o maxistrado Carlos Humberto Santaló Ponte.

O interesado extravió ou desaparición da case totalidade da documentación do expediente 153/1951, agás un papel manuscrito, que a arquiteira do Tribunal Supremo se negou a ensinar por atentar contra o creto do procesado, non só nos priva de saber como se desenvolveu o proceso e de coñecer os cargos e as

testemuñas que interviñeron, senón tamén da actuación de Bouza Brey, da que unha das poucas probas vén a ser unha vez máis unha carta ao amigo Xosé María Álvarez Blázquez... Do meu asunto sei moito e non sei nada. Sei moito porque das primeiras liñas que n-il escribín larguei uns pepinazos tan grandes que abrin como n-un bacallau, nun Fulao que ahí tuvéchedes que soportar como develador de xusticias. Non se pode falar epistolarmentes.- Non sei nada porque acabo de facer un escrito resúmen da proba que, por terma denegado na maor parte por influxo do Embaixador, principalmentes, que hoxe é Director Xeral de Asuntos Exteriores, saúme un zurriagazo atrocísimo que non sei o que vai pasar. Os meus xefes ovetenses ficaron asustados; mais eu non retirei res. O tema primordial ou 'leiv-motif' foi a política gravitando encol do expediente n-un mundo ao revés onde prosperan e medran e son atacados, tanto no seo da Xustiza como fora, os ladróns, os prevaricadores e 'os contravalores sociais capaces de total-as miserias' [sic]. E deseguida as probas ao pé: iunha bomba de hidróxeno silandeira! Non sei si saíu literaria a cousa porque o que sí saíu foi con positivos exemplos, con concretas e craras acusacións...⁴⁷

Outro tanto hai que dicir do 71/1952, do que non queda nada, no que é de supoñer que obrasen as probas achegadas por Santaló Ponte para acusalo de homosexual.

O 10 de xaneiro de 1952, a Inspección Central de Tribunais solicita ao presidente da Audiencia Territorial de Oviedo, *certificación acreditativa de las licencias disfrutadas por el referido Magistrado Sr. Bouza durante el pasado año de 1951, así como de las fechas en que se inició su disfrute y en que se reintegró al Servicio (Doc. 84)*. Como xa se dixo, a última concesión era do 19 de setembro, *debiendo reintegrarse a su destino al finalizar la expresada licencia*, pero non o fixo, achegando como única xustificación verbal o ter cursado outras en Buenos Aires, no Consulado Xeral de España, e que non deberan chegar ao Ministerio de Xustiza.

Se máis dilación, o día 18 o inspector comunica ao presidente da Audiencia Territorial de Oviedo, que *he acordado suspenderlo provisionalmente de las funciones que ejerce en tal concepto, haciendo uso de las facultades que a esta Inspección Delegada confiere el ap. 6º pfo ultimo del artículo 16 del Reglamento Organico de la Inspección Central de Tribunales, Decreto del 25 de agosto de 1935 (Doc. 85)*. Do que informa ao Ministro de Xustiza o 21, facendo constar que o expediente disciplinario era *por supuestas irregularidades de conducta pública y privada*, determinación que este aproba o inmediato 31 (Docs. 87 e 89).

⁴⁷ Ídem, p. 178.

O día 19 do mesmo mes, o Ministro solicita ao de Asuntos Exteriores máis información da actuación de Bouza Brey en Buenos Aires e, en particular, da conferencia impartida no Centro Galego. A resposta do embaixador chega cando está a piques de rematar xaneiro de 1952, o 28, sen ningunha aclaración nova referida ao solicitado polo inspector, pois *este ministerio se limitaba, en cumplimiento de su deber, a señalar al conocimiento de los superiores jerárquicos del interesado la conducta que ha observado dicho funcionario en la República Argentina, en opinión de la autoridad más capacitada para enjuiciarla en su aspecto político, es decir, el Embajador de España en Buenos Aires (Docs. 86 e 88).*

XVIII

OS CARGOS

Nas súplicas que manda xa fallada a sentenza os días 27 e 28 de marzo de 1955, ao Ministro de Xustiza, Antonio Iturmendi Bañales, e ao Xefe do Estado, Francisco Franco, case iguais, agás pequenas matizacións, resume en catro os cargos de que foi obxecto:

... en el cual, uno tras otro, se han dirigido al que dice cargos por cuestión política, por transcurso de plazo posesorio, por su actuación en América y por pretensa conducta inmoral (Doc. 97).

... en cuyos autos, y uno tras otro, se han dirigido al exponente acusaciones sobre su actuación en América, transcurso de plazo posesorio, pensamiento político y conducta privada (Doc. 98).

a) Actuación en América

O expediente 153/1951 iníciase a raíz da denuncia do embaixador na Arxentina, Emilio de Navasqüés, co gallo da conferencia que imparte o 25 de xullo de 1951 no Centro Galego de Buenos Aires, quizais máis porque esta asociación se manifestaba abertamente contraria ao goberno saído da Guerra Civil e afecta á extinta República, que polo contido da mesma.

O diplomático fai fincapé no carácter “antinacional” e “antiespañol” dalgúns dos actos nos que tomou parte, e de que nun pronunciase unha conferencia *en el que junto a la bandera argentina aparecía la llamada “gallega”, y en el que*

la española estaba conspicuamente ausente. Preguntado por el Doctor Ara porqué no se ausentó al verlo, este digno magistrado español contestó que “eso no podía hacerse”, e dun estado de espírito de, cuando menos, tibieza nacional, elocuentemente reflejado en acciones y omisiones (Doc. 77).

Nas dilixencias do inspector delegado do Tribunal Supremo, do 10 de xaneiro de 1952, consta que o expediente disciplinario *se inició a virtud de sendas comunicaciones de la Dirección General de Relaciones Culturales del Ministerio de Asuntos Exteriores, la que cumpliendo orden del Excmo. Sr. Ministro de aquel Departamento trasladaba al Excmo. Sr. Ministro de Justicia queja sobre la actuación poco patriótica de aquél Magistrado en un viaje cultural que el pasado verano realizó a la Argentina, e, particularmente, por haber sido destacado actor de la mogiganga puesta en escena por el Centro Gallego de la Argentina con ocasión de un homenaje a la poetisa gallega Rosalía de Castro, así como haber adoptado actitudes y maneras poco en consonancia con las que son exigidas a un Magistrado del Estado Español (Doc. 83).*

b) Transcurso de prazo posesorio

Cotexando toda a documentación relativa a solicitudes e concesións de permisos e baixas por enfermidade dos dous expedientes persoais, o xeral do Ministerio de Xustiza e o particular da Audiencia Territorial de Oviedo, compróbase que se incorporou ao seu destino 23 días máis tarde dos concedidos:

- 20 de marzo: permiso de 30 días por asuntos propios para trasladarse á Arxentina (concedido na mesma data). Non o usa e solicita que se rehabilite (concedido o 20 de abril), volve pedir o mesmo (concedido o 7 de maio), non o empeza a gozar ata o primeiro de xuño.

- 5 de xullo: 30 días por enfermidade (concedidos ese día).

- 19 de setembro: outros 30 días tamén por enfermidade (concedidos na mesma data).

Sendo así, tería que presentarse en Oviedo o 19 de outubro, pero non o fixo ata o 12 de novembro, 23 días despois de rematar o permiso de baixa. Debido a esta tardanza, o Director Xeral de Xustiza pídelle explicacións ao presidente da Audiencia, para que participe ao Ministerio *os motivos por los que no comunicó a su debido tiempo que el Magistrado de esa Audiencia Don Fermín Bouza Brey, no se reintegró a su cargo al finalizar la prórroga (Doc. 79), ao que o presidente responde que el no haberse comunicado a su tiempo la falta de no haberse reintegrado a*

su cargo el Magistrado [...] fué debido a que el funcionario aludido que se habia ausentado a Buenos Aires con licencia por asuntos propios concedida por ese Ministerio, desde el punto de su residencia venia cursando sucesivas peticiones a ese Ministerio de licencia por enfermo y a esta Presidencia que habia solicitado nueva prorrogas de tres meses para su restablecimiento, reintegrándose el 12 de los corrientes por estimar que se hallaba dentro del plazo de la prorrogas indicada (Doc. 80). Pero o inspector non está de acordo con esta resposta, e o 10 de xaneiro de 1952, requírelle de novo ao presidente que, sin dilación disponga que por el Secretario de Gobierno se libre y entregue al que lo es de la Comisión Inspectora, certificación acreditativa de las licencias disfrutadas por el referido Magistrado Sr. Bouza durante el pasado año de 1951, así como de las fechas en que se inició su disfrute y en que se reintegró al Servicio (Doc. 84).

Non hai ningunha solicitude nin tampouco concesión de *nueva prorrogas de tres meses para su restablecimiento*, pois a do 19 de setembro tamén é por un mes, aínda que sexa a cargo da primeira prórroga trimestral: *este Ministerio acuerda concederle treinta días de licencia con cargo a la primera prórroga trimestral para que pueda atender al restablecimiento de su salud (Doc. 75).*

Se enviou máis solicitudes dende Buenos Aires, como el di que fixo, actualmente non se conservan en ningún dos expedientes, que resulta moi raro. O único que se pode pensar é en que non as remitise o Consulado Xeral de España na Arxentina a Madrid, pero entón é de supoñer que posuía copia de telas entregado. Este feito deu pé a que haxa quen pense que estivo a piques de abandonar a Maxistratura e fixar a residencia na Arxentina, pero logo tivo un trasacordo e decidiu regresar.

c) Cuestión política / Pensamento político

Os inimigos ben sabían que fora un dos primeiros membros do Partido Galeguista dende a constitución en 1931, sobresaíndo máis polas publicacións que pola militancia, que, como xuíz, para amosar a súa neutralidade, facía por evitar a intervención en mitins e a presenza en actos públicos.

No informe confidencial que chega a poder do presidente da Comisión de Xustiza, con sé en Burgos, en setembro de 1937, con toda seguranza remitido dende Pontevedra ou, quizais, A Estrada, a prol de que non se rehabilitase no cargo do que fora afastado o 31 de xullo anterior, o anónimo denunciante di que causou *muy buen efecto en la opinion sana por su significacion galleguista, simpatizante con las izquierdas y asistente a los mitines de las mismas (Doc. 15).*

Noutra denuncia secreta pero non anónima, remitida por Manuel “Pasero” (o verdadeiro apelido é Paseiro) destacado falanxista estradense, o 31 de outubro de 1940 ao Director Xeral de Seguridade e este copia ao Ministro de Xustiza, ademais de referirse á actuación de Bouza Brey como xuíz, delata que *este sujeto, antes del Glorioso Movimiento Nacional, pertenecía al partido Galleguista, ó sea, de los comprendidos é incursos en la Ley de Responsabilidades Políticas, y su papel no era pasivo, sino, por el contrario, de toda actividad, tanto que publicó una obra editada en esa Capital encomiástica del Frente Popular (Doc. 33).*

Como xa queda advertido, non sabemos de ningunha publicación súa encomiástica da Fronte Popular, embuste que, como outros, rematará por se considerar unha verdade incuestionable, tendo en conta que a única forma de despexar a dúbida era presentando un exemplar da obra para ser xulgada, pero como non existía, sempre quedaba a dúbida de que fose certo que a publicara pero que non a quería entregar polo contido.

A súa forma de pensar a prol da nosa cultura en xeral, e, en particular, da lingua, era ben coñecida e tampouco a disimulaba, pois mesmo o 16 de decembro de 1948, poucos días antes da imposición da Cruz de San Raimundo de Peñafort, acto que tivo lugar en Pontevedra o 22, insire en *Faro de Vigo* “Sobre el gallego literario”, terciando así na polémica que se viña desenvolvendo verbo da nosa lingua dende o mes de outubro anterior, co gallo do artigo “El idioma gallego” do pontevedrés Modesto Bará Álvarez, publicado tamén neste xornal. Remata coas seguintes verbas, dirixidas aos que din que non entenden o galego literario: *... Al margen coexiste un núcleo de indiferentes que se han quedado rezagados y a quienes, sacudidos alguna vez por la curiosidad, les resulta difícil ya seguir a aquellos. Son los que protestan. ¡No hay que hacerle! Si quieren recuperar el tiempo perdido han de apresurarse. Es preciso llenar un vacío literario de siglos y Galicia no puede volver atrás.*

O acto do Centro Galego na honra de Rosalía de Castro, o 25 de xullo de 1951, Día de Galicia, era de carácter nacionalista, e así é coma o cualifica o embaixador no primeiro despacho reservado que manda o 31 de agosto ao Ministro de Asuntos Exteriores e que este remite ao de Xustiza: *Al recibir una invitación de la Facultad de Filosofía y Letras para una nueva conferencia intitulada “Galicia como factor del folklore americano”, encargué al Consejero Cultural se hicieran observaciones al Sr. Bouza sobre la extrañeza causada por su actitud y la necesidad de una rectificación pública [...] y que en cuanto a las manifestaciones de tipo nacionalista eran “reacciones” (Doc. 74).*

E no segundo, evacuado o 8 de novembro, afirma que *pronunció una conferencia en un acto, en el que junto a la bandera argentina aparecía la llamada "gallega", y en el que la española estaba conspicuamente ausente* (Doc. 77).

Polo que atinxe en particular ao contido da conferencia, publicada integramente na revista *Galicia* do propio Centro Galego, en agosto do mesmo ano 1951, a parte máis conflictiva é o último parágrafo, máis que por nacionalista, pola velada alusión ao sufrimento causado pola Guerra Civil: *E agora... pechade conmigo os ollos mortaes e imos todos, ben abertos os ollos do esprito, alí de onde eu veño. Ven a vedes, a Galicia, firme e serea, como onte, como mañán, como sempre. Leva, si queredes, mais loito no pardo mantelo...; ten mais vidrados os ollos, de seu pensatibres; unha bágoa agachada baixa pol-a branca meixela, pro inda ten forzas pra arrandear os berces dos novos fillos, pra acariñar os novos fogares ca man verdegada dos campos vizosos, pra dar consolo a tantas nais que alá vos choran...*⁴⁸

d) Pretensa conducta inmoral / Conducta privada

Na súplica ao Ministro de Xustiza, datada o 27 de marzo de 1955, na enumeración dos cargos de que o acusan, un é o de pretensa conducta inmoral; mentres que na do Xefe do Estado, mandada o día seguinte, tempera a expresión por conducta privada. De ambas as dúas formas estase a referir á acusación de homosexual de que viña sendo obxecto dende finais do ano 1948, a partir da concesión da Cruz Distinguida de 2ª clase de San Raimundo de Peñafort, por parte do Ministro de Xustiza.

Como xa queda dito, á interesada propagación do rumor espallado por parte dos inimigos, tanto do eido político como do xudicial, contribuíu de xeito extraordinario a difusión dunha cantiga de escarnio contra el, sen asinar por ninguén, pero que se dá como da autoría do poeta Celso Emilio Ferreiro, dende 1941 secretario da Fiscalía de Taxas de Pontevedra⁴⁹.

Daquela esta acusación era aínda peor de que se se dixese dun maxistrado que non era católico ou que fora comunista. A tal extremo de tensión debeu chegar a situación, que dende finais de abril de 1949, en que solicita baixa por *un fuerte ataque de Acetonuria, en el curso de la enfermedad diabética que padece* (Doc. 59), non se volve incorporar ao posto de maxistrado, permanecendo todo ese

⁴⁸ *Galicia*, revista do Centro Gallego, número 460, Buenos Aires, agosto, 1951.

⁴⁹ F. Bouza-Brey, 1901-1973. *Unha fotobiografía*, 1992, p. 158.

tempo na súa casa de Santiago de Compostela, *sometido a tratamiento con el especialista, Don Domingo Garcia Sabell de esta localidad* (Doc. 60).

Ante tal situación, para ben da reputación da xustiza, decide abandonar a Audiencia Provincial de Pontevedra, e con tal fin, por mor de axilizar persoalmente os trámites, trasládase a Madrid e o 19 de maio escribe da súa propia man a súplica a unha das vacantes de xuíz de Primeira Instancia e Instrucción de Soria ou Lleida (Doc. 61).

A primeira vez que aparece este cargo na documentación oficial, é nas dilixencias que o maxistrado inspector delegado, Nombela Gallardo, remite ao Ministro de Xustiza, o 10 de xaneiro de 1952, baseándose nun informe do presidente da Audiencia Territorial de Oviedo, que, á súa vez, tivo que recibir de Pontevedra: *Encomendada al Inspector Delegado que suscribe una información sobre aquellas actividades y conducta del Sr. Bouza, ya que se le atribuía haber sido destacado actor de la mogiganga puesta en escena por el Centro Gallego de la Argentina con ocasión de un homenaje a la poetisa gallega Rosalía de Castro, así como haber adoptado actitudes y maneras poco en consonancia con las que son exigidas a un Magistrado del Estado Español, se procuró, investigar profundamente el carácter, los modos y formación de este Magistrado que pudieran en su día ser elementos valiosos para justipreciar con exactitud la conducta que se iba a juzgar, y al hacerlo se vió dolorosamente sorprendida esta Inspección Delegada al recibir informe del Excmo. Sr. Presidente de la Audiencia Territorial de Oviedo en el que se alude a un supuesto vicio de homosexualismo atribuído a dicho Magistrado durante su permanencia y destino en la Audiencia Provincial de Pontevedra* (Doc. 83). A persoa que comunicou a nova ao presidente ovetense, sabía de abondo o mal que lle podía ocasionar ao acusado.

Con moita seguranza, a información debeu partir do maxistrado Carlos Humberto Santaló Ponte, de aí que a instigación do Ministerio Fiscal se lle abrise expediente por este asunto, o 71/1952, actualmente desaparecido ou extraviado no arquivo do Tribunal Supremo. De existir constituiría un dos documentos de máis interese para saber as probas que presentou para xustificar a acusación, entre as que se contaban varios testemuños de persoas *afectas ó galeguismo e amigos íntimos de Don Fermín*⁵⁰, cos que el non estaba de acordo, se polas declaracións ou por non o defender con máis ardor, pero, por tratarse dun asunto tan íntimo... que máis poderían saber do que se tiraba do panfleto?

⁵⁰Ídem, p. 159.

Na correspondencia co amigo Xosé María Álvarez Blázquez, existe, cando menos, unha alusión a esta acusación: *Mais o certo é que estou baixo isa acusazón a través de dous Ministerios, Asuntos Ext. e Gobernación, que [apurán] ao de Xustiza: galeguista, campaña no estranxeiro, enlace [...] e mais o que che vai n-ise papeliño aparte...*⁵¹ No que diría, case seguro, “m...”.

Non existe nin a máis mínima mención en toda a documentación anterior, dende os certificados de boa conducta expedidos por diferentes organismos, ata o informe anónimo que recibe en Burgos a Xefatura o 17 de setembro de 1937 contra a súa reposición no xulgado da Estrada (**Doc. 15**), nin na denuncia que Manuel “Pasero” manda ao Director Xeral de Seguridade, o 31 de outubro de 1940 (**Doc. 33**). Nesta época en que a garda civil e os falanxistas controlaban a vida de todos, e máis a dun xuíz que estaba mal visto, só o mínimo rumor abondaba para dar conta del, sabendo que suporía a expulsión da carreira xudicial.

A partir deste intre, o expediente aberto pola actuación na Arxentina, deriva case exclusivamente cara a súa pretensa vida íntima, de xeito que o que ata entón non viña a ser máis que un balbordo alentado polos inimigos, remata por se converter no cargo principal do expediente.

Ademais de varios amigos, tamén deberon declarar outras persoas, en particular afectas ao réxime e ata a policía (se chegou a intervir o ministerio da Gobernación, como conta por carta a Álvarez Blázquez⁵²), pero, segundo afirma na súplica ao Xefe do Estado, non lle permitiron achegar probas contra as falsedades manifestas por algunhas das testemuñas: ... *Y como señalase diversas actuaciones judiciales, documentos fehacientes de imposible desvirtuación, para acreditar como algunos declarantes no decían verdad en sus manifestaciones, se le negó también esta aportación probatoria* (**Doc. 98**).

Non existe constancia de que se lle abrise algún proceso en Pontevedra por esta cuestión, como se di na *Fotobiografía*, pois de ser certo quedaría reflectido no expediente persoal do Ministerio de Xustiza⁵³.

Non é doado coñecer a verdade en cuestións tan íntimas, pero coa perspectiva do paso dos anos, podemos afirmar, parafraseando a Carlos Callón, estudoso da vida e obra de Fermín Bouza Brey, que non importaba que fose ou non homosexual,

⁵¹ Ídem, p. 178.

⁵² Ídem, p. 178.

⁵³ Ídem, p. 179.

⁵⁴ CALLÓN, C.: “A verdade do rumor. As lendas negras contra Fermín Bouza Brey”, *Galicia Hoxe*, 2-XI-2009.

senón como funcionaba o feito de que se pensase que era⁵⁴, para xustificar a súa separación definitiva da Carreira Xudicial, malia que os motivos que levasen a tal determinación fosen outros, coma o labor cotián a prol da nosa cultura e a defensa da dignidade humana.

XIX

SEPARACIÓN DEFINITIVA DA CARREIRA XUDICIAL


O tempo transcorrido entre o 31 de xaneiro de 1952, en que é suspendido provisionalmente das funcións de maxistrado, ata o 11 de marzo de 1955 en que o Xefe do Estado asina o decreto de separación definitiva da Carreira Xudicial, debeu ser para el unha eternidade, non xa pola máis que probable expulsión, senón pola difamación e rexeitamento por parte das institucións e ata dalgúns amigos.

A soidade, o medo e a xenreira durante este tempo atenuounos investigando arreo, publicando en diferentes revistas, como *Museo de Pontevedra*, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos*, *Revista de la Universidad de Madrid* (resume da tese de doutoramento), *Archivo Español de Arqueología* (Madrid), *Boletín de la Real Academia de la Historia* (Madrid), *Revista de Guimarães*, *Boletín de la Real Academia Gallega*, *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* (Madrid), *Zephyrus* (Salamanca), *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, etc⁵⁵.

Ao longo destes interminables tres anos de paixón, ademais do propio proceso, 153/1951, no mesmo Tribunal Supremo sabemos que se ventilou outro relacionado con el, que foi o aberto a instigación do Ministerio Fiscal, *contra uno de mis acusadores el Magistrado D. Carlos Humberto Santaló Ponte* (71/1952) (**Doc. 97**), e, quizais, outros dous máis, o 69/1952 e o 56/1954, por coincidir no tempo e ser Bouza Brey unha das partes⁵⁶.

O seguinte documento ao da suspensión provisional das funcións e do 31 de xaneiro de 1955, data en que o presidente do Tribunal Supremo eleva ao Ministro de Xustiza, que a Sala de Goberno constituída en Sala de Xustiza, na sesión do 10 de decembro de 1954, *y a los efectos que con relación a la resolución definitiva procediere [...] el adjunto expediente del número del margen, instruido por la Inspección*

⁵⁵ GONZÁLEZ PÉREZ, C.: “Bouza Brey: Aproximación bibliográfica”, *Fermín Bouza Brey*, Xunta de Galicia, 1992, pp. 134 ss.



Central de Tribunales por irregularidades de conducta contra el Magistrado con destino en la Audiencia Territorial de Oviedo DON FERMIN BOUZA BREY, y en cuyo expediente dicha sala de Justicia ha informado en el sentido de la separación de la Carrera Judicial de dicho funcionario (Doc. 92).

O mesmo día 31, o presidente da Audiencia Territorial de Oviedo redacta o derradeiro informe reservado relacionado co maxistrado Bouza Brey para a Inspección Central de Tribunais do Tribunal Supremo, no que afirma que *hallandose dicho funcionario suspendido de empleo por la Inspeccion Delegada desde hace tres años,*

Excm^o. Sr. Ministro de Justicia,
Separación da Carreira Xudicial, 1955 (MJ-AG: Bouza Brey)
nada puede hacerse constar ya que dejó de asistir al despacho y Sala donde figuraba adscrito desde la indicada fecha (Doc. 93).

O 11 de marzo de 1955 o Xefe do Estado, Francisco Franco, á proposta do Ministro de Xustiza, Antonio Iturmendi Bañales, asina o decreto que marca a fin da súa carreira como xuíz e maxistrado: *Vengo en acordar la destitución del cargo de Magistrado de ascenso, de Don Fermin Bouza Brey Trillo, que sirve su cargo en la Audiencia Territorial de Oviedo, quien causará baja definitiva en el Escalafón de la Carrera Judicial.- Así lo dispongo por el presente Decreto, dado en Madrid, a once de Marzo de mil novecientos cincuenta y cinco (Doc. 94).*

⁵⁶ Do expediente 153/1951 non queda máis que o cartafol e uns papeis con notas -segundo a arquivreira-, o 71/1952 desapareceu ou está extraviado, e dos outros dous solicitamos autorización para consultalos, o 21 de abril de 2009, e non se recibiu resposta. O silencio por parte da Sala de Goberno do Tribunal Supremo, quizais se deba -e que conste que non é máis que unha suposición-, a que antes de autorizar a consulta foron revisados e como o tema é escabroso deron a calada por resposta. Así evitaron o espectáculo bochornoso que pasara co 153/1951, que foi autorizada a consulta pola Sala de Goberno e logo vetada pola arquivreira. Esta documentación xa está fora dos supostos de restricción recollidos no artigo 57.1.c) da Ley de Patrimonio Histórico Español de 1985, polo que o acceso a ela ten que ser libre.

Días despois, o 24 do devandito mes, o Director Xeral de Xustiza comunica o cese definitivo de Fermín Bouza Brey ao presidente da Audiencia Territorial de Oviedo (Doc. 95), decretando este o 25 que pase ao expediente do interesado e se remita o traslado que se acompaña para su entrega al mismo por conducto de la Presidencia de la Territorial de La Coruña, ya que reside accidentalmente en Santiago de Compostela (Doc. 96).

O último que lle queda é acudir á súplica, denunciando a febleza dos cargos e as irregularidades cometidas ao longo de todo o proceso. Os días 27 e 28 de marzo, respectivamente, remite cadanseu suplicatorio ao Ministro de Xustiza e ao Xefe do Estado. Ao primeiro pertencen estes parágrafos:

[...] No han bastado, Señor, -dicho sea con el natural respeto- las irregularidades acusadas en los variados escritos producidos dentro de aquel expediente para que que (sic) se cometa ahora una mas al no ser OIDO EL CONSEJO DE ESTADO antes de dictarse tan perjudicial resolución para un funcionario. Y el CONSEJO DE ESTADO tiene que ser consultado, como dispone el artº. 224 de la Ley Orgánica que la irreparable disposición menciona, en su redacción vigente al tiempo de la iniciación del expediente y aun durante toda su tramitación, pues si es verdad que, posteriormente, con fecha 20 de Diciembre de 1952, ha sido modificado su texto hasta el punto de hacer potestativa del Sr. Ministro de Justicia aquella consulta al elevado organismo mentado, no es menos cierto que el funcionario contra el cual se toma aquella gravísima medida adquirió el derecho a que se cubran todas las garantías existentes al tiempo de formularse oficialmente la acusación. Si así no se entendiese, toda garantía legal sería ilusoria, pues el Sr. Ministro, segun se fuese desarrollando el procedimiento, así iría modificando las disposiciones vigentes para burlar las seguridades con que la Ley ampara al ciudadano en cada caso, y despojando a éste de todas ellas sobretexto de que días u horas antes él mismo había cambiado la legislación.

Es de rigor en toda situación de tránsito legislativo sea aplicada al expediente en curso la legislación mas favorable... Y en el presente caso, contraviniendo lo que forma parte del derecho natural, se resta al sometido a procedimiento la garantía del supervisado por el mas alto cuerpo consultivo del Estado.

[...] Pero es tanto mas grave esta conculcación legal con motivo del expediente precitado cuanto que no ha sido la única modificación de leyes ocurrida durante su curso, atinentes así a una situación antecedente.

No solo se ha privado al que expone de la garantía establecida al consultarse al Consejo de Estado antes de resolver, sino que ya antes se le privó por el Instructor de la evacuación de la prueba propuesta, cosa increíble si no hubiera de pasar ante los sentidos que se creyeron falaces en ese instante [...](Doc. 97).

No do segundo apela ao Fuero de los Españoles:

[...] "Artículo 17. LOS ESPAÑOLES TIENEN DERECHO A LA SEGURIDAD JURÍDICA. Todos los órganos del Estado actuarán conforme a un orden jerárquico de NORMAS PREESTABLECIDAS que no podrán ARBITRARIAMENTE ser interpretadas ni alteradas".

El desprecio u olvido de este precepto vicia de nulidad absoluta y total a la resolución copiada. Evidentemente, el funcionario tiene derecho a que se cubran todas las garantías existentes al tiempo de tramitarse su expediente en las NORMAS PREESTABLECIDAS. Si así no se entendiese, la Autoridad podría, según fuesen conociéndose las incidencias surgidas durante el desarrollo del procedimiento, ir privando de sus garantías legales al expedientado con solo modificar a capricho la legalidad vigente. ¡Es mucho éso, Señor!. ¡Sería mucho y V.E. no lo consentirá así!. [...](Doc. 98).

A resposta de ambos os dous foi o silencio.

XX

CODA

A Audiencia Territorial da Coruña acusa recibo da de Oviedo o 28 de marzo de 1955, no que lle comunica que *con esta fecha se remite al Juez de 1ª Instancia de Santiago de Compostela para que haga entrega de dicho traslado* [da orde de baixa definitiva no escalafón da Carreira Xudicial] *al Sr. Bouza Brey (Doc. 99).*

O cinco de marzo solicita a xubilación, alegando imposibilidade física e cegueira total e incurable, pero o 15 de xuño recibe a resposta negativa por parte do Ministerio de Facenda (Dirección Xeral de Débeda e Clases Pasivas) **(Doc. 100)**.

O informe confidencial do presidente da Audiencia Territorial de Oviedo, sen data, pero case seguro do ano 1952, resume magnificamente o labor como xuíz e maxistrado de Fermín Bouza Brey, ao que pertence o seguinte parágrafo, moi axeitado para facer de colofón deste libro:

Durante su permanencia en esta Territorial ha observado conducta intachable –al menos nada se ha sabido en contrario– demostrando en el desempeño de su cometido excelente preparación técnica y cultural, inteligencia despejada, amor al trabajo, celo y diligencia en el despacho de sus ponencias, probidad, discreción e imparcialidad... (Doc. 91)

CEN DOCUMENTOS

ANTOLOXIA DE CEN DOCUMENTOS

ARQUIVOS:

- **AHA-ATO: Bouza Brey:** Archivo Histórico de Asturias - Audiencia Territorial de Oviedo: Expedientes de magistrados, Bouza Brey Trillo, Fermín.
- **AHA-ATO: Informes:** Archivo Histórico de Asturias - Audiencia Territorial de Oviedo: Informes reservados de magistrados.
- **MAE-DGRC: Bouza Brey:** Ministerio de Asuntos Exteriores - Dirección General de Relaciones Culturales: Bouza Brey Trillo, Fermín.
- **MJ-AG - San Raimundo de Peñafort: Bouza Brey:** Ministerio de Justicia - Archivo General: Cruz de San Raimundo de Peñafort, Bouza Brey Trillo, Fermín.
- **MJ-AG: Bouza Brey:** Ministerio de Justicia - Archivo General: Expedientes personales, Bouza Brey Trillo, Fermín.
- **MPG: Bouza Brey:** Museo do Pobo Galego, Legado: Fermín Bouza Brey Trillo.
- **TSXG-ATC: Bouza Brey:** Tribunal Superior de Xustiza de Galicia - Audiencia Territorial da Coruña: Expedientes de maxistrados, Bouza Brey Trillo, Fermín.

Moitos documentos figuran en varios arquivos, pero, por norma xeral, sempre se copia o principal e non os trasladados, v.g.: Decreto de nomeamento de maxistrado da Audiencia Provincial de Lugo asinado por F. Franco > oficio asinado polo Ministro, R. Fernández-Cuesta, ao Director Xeral de Xustiza comunicándolle o nomeamento...

DOC. 1 (11, FEBREIRO, 1928).

MJ-AG: Bouza Brey.

Informe

Exmo Señor:

La conducta moral del solicitante á oposicións á la Judicatura, Dn. Fermín Bouza Brey, es altamente recomendable, sin que haya el menor reparo que oponerle bajo ningun aspecto. Persona ponderada y digna y de vida y costumbres ejemplares, es

de esperar que sea tambien un funcionario modelo si llegara á entrar en la carrera judicial.

No há desempeñado cargos de Justicia Municipal.

Pontevedra, 11 de Febrero de 1928.

El Presidente de la Audiencia
(asinado) Manuel Gómez

DOC. 2 (12, SETEMBRO, 1928).

MJ-AG: Bouza Brey

Excelentísimo Señor Director General de Justicia, Cultos y Asuntos generales.
Excelentísimo Señor Don Fermín Bouza Brey y Trillo, número 9 del Cuerpo de Aspirantes a la Judicatura a V.E. atentamente expone:

Que para el caso de ser destinado, a su debido tiempo, a ocupar vacante en alguno de los Juzgados de Primera Instancia e Instrucción, ya de modo interino o bien en propiedad, en consonancia con lo dispuesto en el Reglamento vigente del Cuerpo mencionado, de fecha 23 de Agosto de 1926, interesa manifestar a V.E. su deseo de servir alguno de los Juzgados de Verín, Ribadavia, Ribadeo, Barco de Valdeorras, Caldas de Reyes o cualquier otro de la región gallega, siendo el órden inserto el de preferencia.

Y en su conformidad a V.E. atentamente suplica se digne tener en cuenta la precedente manifestación.

Es gracia que espera de su alta benevolencia.

En Villagarcía de Arosa a 12 de Septiembre de 1928.

(asinado) Fermín Bouza Brey y Trillo.

DOC. 3 (13, NOVIEMBRE, 1928).

MJ-AG: Bouza Brey.

DIRECCIÓN GENERAL DE JUSTICIA, CULTO Y ASUNTOS GENERALES

Sección 1ª.

Al Presidente de la Audiencia de Barcelona

Madrid 13 de Noviembre de 1928

De conformidad con lo dispuesto en el párrafo 2º. art. 39 del Reglamento del Cuerpo de Aspirantes a la Judicatura; S.M. el Rey (q.D.g.) ha tenido a bien nombrar, con carácter interino, en el turno 3º de los establecidos en el artículo 40 de la Ley adicional a la orgánica del Poder judicial, para el Juzgado de primera instancia de Viella, de entrada, en la provincia de Lerida, vacante por traslación de D. Benito

Grau, a D. Fermín Bouza Brey-Trillo. Aspirante a la Judicatura con el número 9 en la escala del Cuerpo.

De R.O., etc. = Dios etc.

Minuta (asinado, ilexible)

DOC. 4 (18, XULLO, 1929).

MPG: Bouza Brey.

DIRECCIÓN GENERAL DE JUSTICIA, CULTO Y ASUNTOS GENERALES

Sección 1ª.

El Sr. Ministro de Justicia y Culto dice con esta fecha al Presidente de la Audiencia de Barcelona lo que sigue:

“S.M. el Rey (q.D.g.) ha tenido a bien nombrar en propiedad para el cargo de Juez de Primera instancia de entrada, por reunir ya las condiciones señaladas en el artículo 39 del Reglamento del Cuerpo de Aspirantes a la Judicatura, aprobado por Real Decreto de 23 de Agosto de 1926, a D. Fermín Bouza Brey - Trillo que con carácter interino viene desempeñando el Juzgado de Primera instancia de Viella y en el que continuará prestando sus servicios en propiedad, siéndole de abono en la carrera el tiempo que como interino ha desempeñado el cargo”.

De real orden comunicada por el expresado Sr. Ministro, lo traslado a V.I. para su conocimiento y efectos consiguientes.

Dios guarde a V.I. muchos años.

Madrid 18 de xullo de 1929.

EL DIRECTOR GENERAL,
(asinado, ilexible)

Sr. Don Fermín Bouza Brey-Trillo.

DOC. 5 (16, ABRIL, 1929).

MJ-AG: Bouza Brey

En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 12 del Real decreto de 5 de Agosto de 1927, esta Presidencia informa, que estimando fundadas y legitimas las consideraciones en que Don Fermín Bouza Brey y Trillo, apoya su solicitud de traslación a los Juzgados que determina en su instancia, no siendo incompatible en ninguno de ellos, segun las manifestaciones que hace en su escrito, y, teniendo hasta ahora el informante referencias favorables de su actuación en el Juzgado que actualmente desempeña, es de parecer pueda accederse a su traslado a

alguno de los Juzgados que solicita.
Barcelona 16 de Abril de 1929.

El Presidente
(asinado, ilexible)

DOC. 6 (1, AGOSTO, 1929).

MJ-AG: Bouza Brey.

Ministerio de Justicia y Culto
Dirección General de Asuntos Judiciales y Eclesiásticos
Sección 1ª

Al Presidente de la Audiencia de La Coruña.

Madrid 1º de Agosto de 1929.

De conformidad con lo dispuesto en los arts. 2º y 8º del Real Decreto-Ley de 15 de Agosto 1927; S.M. el Rey (q. D.g.) ha tenido a bien nombrar para el Juzgado de primera instancia de La Estrada de entrada en la provincia de Pontevedra, vacante por traslación de D. José Gonzalez a D. Fermín Bouza Brey-Trillo, Juez de 1ª instancia de entrada que servía el de Viella.

De Real orden lo digo a V.I. para los efectos consiguientes. Dios etc.

Minuta (asinado, ilexible)

DOC. 7 (30, DICIEMBRE, 1929).

TSXG-ATC: Bouza Brey.

José Araujo Luces, Médico forense de este Juzgado de partido certifico:

Que D. Fermín Bouza Brey Trillo, Juez de 1ª. Instancia de este partido, se halla padeciendo de "enterocolites aguda", que le impide desempeñar las funciones de su cargo, durante un número de días que no puede precisarse exactamente.

Para que conste y pueda acreditarlo, expido el presente en este papel por no existir en la localidad el Oficial del Colegio de Huérfanos.

La Estrada 20 de diciembre de 1934.

(asinado) José Araujo Luces

DOC. 8 (6, AGOSTO, 1936).

J. PALMOU LORENZO: "Fermín Bouza Brey. O xuíz da Estrada", 2010.

Cumplimentando orden de la Superioridad de fecha tres de los corrientes, sírvase manifestarme por escrito, con la máxima urgencia, si tanto Vd. como el personal

a sus ordenes guardan la mas absoluta fidelidad a la situación que representa la Junta de Defensa Nacional de España, para proponer en su caso al Excmo. Sr. Presidente de la Audiencia Territorial, o verificarlo ya, desde luego, el Juez de Instrucción suscribente la destitución o sustitución inmediata de los que merezcan desconfianza.

Viva Vd. muchos años.

La Estrada 6 de agosto de 1.936.

(asinado) Fermín Bouza Brey Trillo

Sr. Secretario del J. municipal

La Estrada

DOC. 9 (14, XULLO, 1937).

MJ-AG: Bouza Brey.

Don Eugenio Pereiro Courtier, Auditor de División, Jefe de la Auditoria del 8. Cuerpo de Ejército.- CERTIFICO: Que en el sumario número 103-36, seguido por robo de escopetas contra JOSÉ FERREIRO BREA, y otros, en el Juzgado de Instrucción de La Estrada, existe un auto de dicho Juzgado, un dictamen de la Fiscalía Jurídico Militar de este Cuerpo de Ejército, y un acuerdo de esta Audiencia, que copiados a la letra, son como sigue.- AUTO.- Juez Señor Don Fermín Bouza Brey-Trillo.- En La Estrada á cuatro de Noviembre de mil novecientos treinta y seis.- Unase al sumario el precedente oficio de La Guardia Civil, y resultando: que el día veinte de julio por la mañana, y la tarde, se presentaron en la parroquia de Vinsseiro, y en su inmediata de Cereijo, ambas de éste término, varios individuos provistos de escopetas de caza, y exigieron á los vecinos de ésta Manuel Rodriguez Pena, Manuel Loureiro Garcia, y a los de aquella, Manuel Sanmartin Fernandez, y Ramiro Andiñón Brea, la entrega de las armas que poseian, lográndo con amenazas incautarse de sendas escopetas, y además de otra que el último poseia a nombre de su hermano Aurelio Andiñón, formándo parte del grupo sustractor José Vila Carbón, Eduardo Rodriguez Bermejo, Gumersindo Valiñas, conocido por Sardiñeiro, y Jose Ferreiro Brea.- Considerando: Que los hechos relatados revisten los caracteres de cuatro delitos de robo, existiendo motivos suficientes para considerar responsables de los mismos á José Vila Carbón, Eduardo Rodriguez Bermejo, Gumersindo Baliñas, conocido por Sardiñeiro, y José Ferreiro Brea, á los que procede declarar en situación de procesados por existir en su contra indicios racionales de criminalidad.- Considerando: que por la pena asignada al delito, y por recaer los hechos en las prescripciones de la Ley de Orden Público, es procedente decretar, dado el estado de alarma declarado á la sazón, la prisión incondicional de los procesados.- Vistos los articulos 384, y

En atención al resultado de las diligencias practicadas en el expediente num. 153/51, que me hallo instruyendo contra el Magistrado de esta Audiencia Territorial D. Fermin Bouza Brey, por Decreto de esta fecha he acordado suspenderlo provisionalmente de las funciones que ejerce en tal concepto, haciendo uso de las facultades que a esta Inspección Delegada confiere el ap. 6º pfo último del artículo 16 del Reglamento Orgánico de la Inspección Central de Tribunales, Decreto del 25 de agosto de 1935, acuerdo que también en esta fecha se pone en conocimiento del Excmo Sr. Presidente del Tribunal Supremo y se notifica al expedientado.

Lo que pongo en su conocimiento a los efectos procedentes.

Dios guarde a V.E. muchos años.

Oviedo, dieciocho de enero de mil novecientos cincuenta y dos.

(asinado, ilegible)

Excmo Sr. Presidente de esta Audiencia Territorial.

DOC. 86 (19, XANEIRO, 1952).

MAE-DGRC: Bouza Brey.

Ministerio de Justicia
Excmo. Sr.:

El Presidente del Tribunal Supremo se dirige a este Departamento trasladando comunicación del Inspector Delegado que instruye expediente disciplinario contra el Magistrado de la Audiencia Territorial de Oviedo, Don Fermin Bouza Brey Trillo, en la cual entre otros extremos aparece lo siguiente:

“Por otra parte, en la comunicación dirigida al Ministerio de Justicia por la

Dirección General de Relaciones Culturales, en la que se traslada informe de nuestra Embajada en la Argentina se decía: “El averiguar lo que haya podido decir o hacer el Sr. Bouza Brey entre elementos argentinos sería delicado y contraproducente”. Ignora esta Inspección el alcance de estos conceptos, pero sea de ello lo que quiera, estima esta Inspección que es absolutamente indispensable que se aclare los conceptos entrecuillados como pertenecientes al informe de nuestra Representación Diplomática aunque ello sea delicado, pues de otro modo quedarían flotando dichos conceptos sin cristalizar y con el riesgo de no quedar suficientemente investigada la conducta de dicho Magistrado.- A este fin, si V.E. lo estima oportuno, debería solicitarse del Excmo. Sr. Ministro de Asuntos Exteriores, que por la Embajada de España en la Argentina, se amplíe su informe a esos interesantes extremos anteriormente aludidos, así como que por los servicios de información de la misma, se practique una minuciosa investigación sobre la actividad social, política y privada del Sr. Bouza Brey, durante su estancia en la Argentina.- También sería de interés dada la negativa del Sr. Bouza, que por nuestro Agregado de Prensa o Cultural, se informase circunstancialmente de la forma en que fué advertido el Sr. Bouza del carácter antiespañol de algunos de los Centros en que actuó como conferenciante y, si es posible, se obtenga la misma información del argentino Sr. Ara.- Habiendo también negado el Sr. Bouza que en el lugar donde se celebró el homenaje a Rosalía de Castro se acusase la presencia de las banderas argentinas y gallega, con exclusión de la española, los servicios de información procurarán acreditar exactamente este extremo y si ello no pudo pasar por desapercibido al Sr. Bouza.- También sería útil que por los servicios de Prensa, se remitan los recortes de periódicos argentinos, especialmente La Nación donde se describan los actos del homenaje a Rosalía de Castro.- Alegando dicho Magistrado como prueba de carácter españolista del Centro Gallego, el que nuestro Embajador es socio honorario del mismo, convendría conocer el alcance de este hecho y si aunque sea cierto, se trata simplemente de un precepto de los Estatutos antiguos del Centro Gallego, pero que desde que adoptó una postura de desafacción a nuestro Movimiento, nuestra Representación Diplomática no acepta por ningún acto externo esa distinción”.

Estimando esta Presidencia indispensables las diligencias a que el precedente dictamen del Inspector Delegado hace referencia para el completo esclarecimiento de los hechos que se atribuyen al Magistrado de que se trata Sr. Bouza Brey, tiene el honor de transcribirlo a V.E. con el ruego de que a su vez tenga a bien interesar del Excmo. Sr. Ministro de Asuntos Exteriores la práctica de las correspondientes investigaciones y pruebas que se dejan anotadas”.

Y a fin de que se cumplimente lo interesado por el Presidente del Tribunal

Supremo, ruego a V.E. se sirva ordenar que por la Embajada de España en La Argentina se practiquen las diligencias oportunas para la comprobación de los hechos que quedan transcritos.

Dios guarde a V.E. muchos años.

Madrid, 19 de Enero de 1.952.

Excmo. Sr. Ministro de Asuntos Exteriores.

DOC. 87 (21, XANEIRO, 1952).

MJ-AG: Bouza Brey.

Tribunal Supremo
Inspección Central de Tribunales
Presidencia

En expediente disciplinario que con arreglo a la Ley Orgánica del Poder Judicial viene instruyendo el Delegado Inspector, Magistrado Don Nicolás Nombela, por supuestas irregularidades de conducta pública y privada, contra el Magistrado de la Audiencia Territorial de Oviedo, Don FERMIN BOUZA BREY, se ha acordado con fecha 18 del actual, la suspensión de dicho expedientado a tenor de lo dispuesto por el artículo 16 del Reglamento Orgánico de la Inspección de Tribunales de 29 de Agosto de 1935, a reserva de lo que en su día, haya de resolverse por la Autoridad competente para imponer la corrección que corresponda.

Lo que tengo el honor de poner en conocimiento de V.E. para su conocimiento y efectos oportunos.

Dios guarde a V.E. muchos años.

Madrid, 21 de Enero de 1.952.

(asinado, ilexible)

Excmo. Sr. Ministro de Justicia.

DOC. 88 (28, XANEIRO, 1952).

MAE-DGRC: Bouza Brey.

mb.
Ministerio de Asuntos Exteriores
B-3
Dirección General de Relaciones Culturales.
Minuta.

Madrid, 28 de enero de 1952.

Asunto: S/ actividades en Argentina Sr. Bouza Brey.

Excmo. Señor:

En respuesta a su Oficio de fecha 19 del corriente, tengo la honra de comunicar a V.E. que al poner en conocimiento de ese Departamento, por Ordenes comunicadas números 818, de 11 de septiembre, y 1069, de 21 de noviembre, ambas del año último, diversos hechos transmitidos por la Embajada de España en Buenos Aires, referentes a las actividades en aquella capital de don Fermín Bouza Brey Trillo, Magistrado de la Audiencia Territorial de Oviedo, este ministerio se limitaba, en cumplimiento de su deber, a señalar al conocimiento de los superiores jerárquicos del interesado la conducta que ha observado dicho funcionario en la República Argentina, en opinión de la autoridad más capacitada para enjuiciarla en su aspecto político, es decir, el Embajador de España en Buenos Aires.

Dios guarde a V.E. muchos años.

(asinado, ilexible)

Señor Ministro de Justicia.

DOC. 89 (31, XANEIRO, 1952).

MJ-AG: Bouza Brey.

Ministerio de Justicia

Ilmo. Sr.:

A los efectos de lo dispuesto en el último párrafo del artículo 16 del Decreto de 29 de Agosto de 1.935; este Ministerio ha tenido a bien aprobar el acuerdo adoptado por el Inspector Delegado de Tribunales Instructor del expediente que se sigue al Magistrado de ascenso, DON FERMIN BOUZA BREY TRILLO, que sirve su cargo en la Audiencia Territorial de Oviedo, suspendiéndole provisionalmente en sus funciones.

Lo que digo a V.I. para su conocimiento y efectos consiguientes.

Dios guarde a V.I. muchos años.

Madrid, 31 de Enero de 1.952.

(asinado, ilexible)

Ilmo. Sr. Director General de Justicia.

DOC. 90 (30, MAIO, 1952).

AHA-ATO: Bouza Brey.

Tribunal Provincial de lo Contencioso Administrativo
Presidencia
Excmo. Sr.:

Debiendo constituirse este Tribunal el día 14 de junio proximo, a las doce de su mañana, para acordar sentencia, en tramite de mejor proveer, en recurso contencioso-administrativo interpuesto por Tranvias Electricos de Vigo, y de cuyo Tribunal, en su dia, formó parte el Magistrado de esa Territorial D. Fermin Bouza Brey Trillo, suplico a V.E. se digno citar a dicho funcionario para que comparezca en esta Audiencia el dia y hora citados. Y signifíco a V.E. que con esta misma fecha se solicita para ello la oportuna autorizacion del Excmo. Sr. Ministro de Justicia.

Dios guarde a V.E. muchos años.

Pontevedra, 30 de Mayo de 1952.

(asinado, ilexible)

Excmo. Sr. Presidente De La Audiencia Territorial

Oviedo

DOC. 91 (SEN DATA, SEGURO DE 1952).

AHA-ATO: Informes.

Ficha de

D. Fermin Bouza Brey Trillo, Magistrado Sala de lo Civil

Magistrado de Ascenso que, en la actualidad se halla suspenso en sus funciones por resolución de la Inspección Central de Tribunales, en el expediente que se sigue como consecuencia de hechos a él atribuidos antes de haber sido nombrado Magistrado de esta Audiencia.

Durante su permanencia en esta Territorial ha observado conducta intachable -al menos nada se ha sabido en contrario- demostrando en el desempeño de su cometido excelente preparación técnica y cultural, inteligencia despejada, amor al trabajo, celo y diligencia en el despacho de sus ponencias, probidad, discreción e imparcialidad.

Su conducta privada en Oviedo ha sido buena y en el ambiente social es apenas conocido por su vida retraída, entregada de lleno al estudio y a la investigación.

Hasta el presente estaba bien visto entre sus compañeros.

DOC. 92 (31, XANEIRO, 1955).

MJ-AG: Bouza Brey.

Tribunal Supremo

Inspección Central de Tribunales

Presidencia

Exp. Nº 153/1.951.

Excmo. Señor:

En cumplimiento de lo acordado por la Sala de Gobierno del Tribunal Supremo, constituida en Sala de Justicia, en su sesión de 10 de diciembre p. pdº., y a los efectos que con relación a la resolución definitiva procediere, tengo el honor de elevar a V.E. el adjunto expediente del número del margen, instruido por la Inspección Central de Tribunales por irregularidades de conducta contra el Magistrado con destino en la Audiencia Territorial de Oviedo Don Fermin Bouza Brey, y en cuyo expediente dicha sala de Justicia ha informado en el sentido de la separación de la Carrera Judicial de dicho funcionario.

Dios guarde a V.E. muchos años.

Madrid a 31 de xaneiro de 1.955.-

(asinado, ilexible)

Excmo. Sr. Ministro de Justicia.

DOC. 93 (31, XANEIRO, 1955).

AHA-ATO: Informes.

Informe:

Relacionado con el Magistrado D. FERMIN BOUZA BREY TRILLO, el Presidente de la Territorial que suscribe en cumplimiento de lo establecido en el Decreto Organico de la Carrera Judicial tiene que informar a la Inspeccion Central de Tribunales, que hallandose dicho funcionario suspendido de empleo por la Inspeccion Delegada desde hace tres años, nada puede hacerse constar ya que dejo de asistir al despacho y Sala donde figuraba adscrito desde la indicada fecha.

Oviedo 31 de enero de 1955.

DOC. 94 (11, MARZO, 1955).

MJ-AG: Bouza Brey.

A propuesta del Ministro de Justicia, previa deliberación del Consejo de Ministros y en cumplimiento de lo dispuesto en el número cuatro del artículo doscientos veinticuatro de la Ley Orgánica del Poder Judicial; Vengo en acordar la destitución del cargo de Magistrado de ascenso, de DON FERMIN BOUZA BREY Y TRILLO, que sirve su cargo en la Audiencia Territorial de Oviedo, quien causará baja definitiva en el Escalafón de la Carrera Judicial.- Así lo dispongo por el presente Decreto, dado en Madrid, a once de Marzo de mil novecientos cincuenta y cinco.

(asinado) F. Franco

El Ministro de Justicia.
(asinado) Antonio Iturmendi Bañales”
(Selo en tinta)
Presidencia del Gobierno
Registro Especial de Decretos
Fecha 22-iii-55 Nº 607

DOC. 95 (24, MARZO, 1955).

AHA-ATO: Bouza Brey.

Ministerio de Justicia
Dirección General de Justicia
Sección 1ª.
Excmo. Sr.:

El Sr. Ministro de Justicia, me dice con esta fecha, lo que sigue:
“Excmo. Sr.: = Con fecha 11 de Marzo del corriente año S.E. el Jefe del Estado a [sic] tenido a bien expedir el Decreto siguiente: “A propuesta del Ministro de Justicia, previa deliberación del Consejo de Ministros y en cumplimiento de lo dispuesto en el número cuatro del artículo doscientos veinticuatro de la Ley Orgánica del Poder Judicial; Vengo en acordar la destitución del cargo de Magistrado de ascenso, de DON FERMIN BOUZA BREY Y TRILLO, que sirve su cargo en la Audiencia Territorial de Oviedo, quien causará baja definitiva en el Escalafón de la Carrera Judicial”.

Lo que traslado a V.E. para su conocimiento y efectos consiguientes.

Dios guarde a V.E. muchos años.

Madrid, 24 de Marzo de 1955.

El Director General,
(asinado, ilexible)

Sr. Presidente de la Audiencia de Oviedo.

DOC. 96 (25, MARZO, 1955).

AHA-ATO: Bouza Brey.

Decreto=== Oviedo 25 de marzo de 1955

Al expediente personal del interesado y remitase el traslado que se acompaña para su entrega al mismo por conducto de la Presidencia de la Territorial de La Coruña, ya que reside accidentalmente en Santiago de Compostela, haciendosele saber que en cumplimiento de dicho Decreto causa baja en el día

de hoy despues de horas de audiencia en esta Territorial.
Lo provee y firma S.E. de que certifico

M/
(asinado) Riva/P.S.
(asinado, ilexible)

Nota. Cumplido en idem. Certifico
(asinado, ilexible)

DOC. 97 (27, MARZO, 1955).

MJ-AG: Bouza Brey.

Excelentísimo Señor Ministro de Justicia
Excelentísimo Señor:

Fermín Bouza Brey y Trillo, Doctor en Filosofía y Letras, Licenciado en Derecho, que como Magistrado ha servido ultimamente su cargo en la Audiencia Territorial de Oviedo, a V.E., usando del derecho de petición que a los ciudadanos reconoce la Carta de los Españoles, como mas haya lugar en derecho
Expone:

Que en virtud de denuncia formulada a ese Ministerio por mediación del de Negocios Extranjeros, en el mes de Agosto de 1951 por el entonces Embajador de España en la Argentina D. Emilio de Navasqüés, por haber pronunciado el exponente una conferencia en el “Centro Gallego” de Buenos Aires, sobre Rosalía de Castro, y después de curiosas incidencias, el Ilmoº. Sr. Director General de Justicia, por comunicado de 24 de Noviembre del propio año, dirigiose al Exmoº. Sr. Presidente del Tribunal Supremo, dando lugar a la apertura del expediente nº. 153 de aquel año; de la Inspección de Tribunales, en el cual, uno tras otro, se han dirigido al que dice cargos por cuestión política, por transcurso de plazo posesorio, por su actuación en América y por pretensa conducta inmoral, actuaciones tan movidas que han dado lugar al menos al expediente nº. 71 de 1952 de aquella Inspección contra el tambien Magistrado D. Carlos Humberto Santaló Ponte a instigación del Ministerio Fiscal; y ahora, en el “Boletín Oficial” nº, 83, de 24 del presente mes, aparece inserta esta disposición:

“A propuesta del Ministro de Justicia, previa deliberación del Consejo de Ministros y en cumplimiento de lo dispuesto en el número 4º. del artículo 224 de la Ley Orgánica del Poder Judicial, vengo en acordar la destitución del cargo de Magistrado de Ascenso de D. Fermin Bouza Brey Trillo que sirve su cargo en la Audiencia Territorial de Oviedo, quien causará baja definitiva en el escalafón de la Carrera Judicial.- Así lo dispongo por el presente Decreto dado en Madrid a 11 de Marzo de 1955. Francisco Franco. El Ministro de Justicia,

Antonio Iturmendi Bañales”.

No han bastado, Señor, -dicho sea con el natural respeto- las irregularidades acusadas en los variados escritos producidos dentro de aquel expediente para que que (sic) se cometa ahora una mas al no ser oído el Consejo de Estado antes de dictarse tan perjudicial resolución para un funcionario. Y el Consejo de Estado tiene que ser consultado, como dispone el artº. 224 de la Ley Orgánica que la irreparable disposición menciona, en su redacción vigente al tiempo de la iniciación del expediente y aun durante toda su tramitación, pues si es verdad que, posteriormente, con fecha 20 de Diciembre de 1952, ha sido modificado su texto hasta el punto de hacer potestativa del Sr. Ministro de Justicia aquella consulta al elevado organismo mentado, no es menos cierto que el funcionario contra el cual se toma aquella gravísima medida adquirió el derecho a que se cubran todas las garantías existentes al tiempo de formularse oficialmente la acusación. Si así no se entendiese, toda garantía legal sería ilusoria, pues el Sr. Ministro, según se fuese desarrollando el procedimiento, así iría modificando las disposiciones vigentes para burlar las seguridades con que la Ley ampara al ciudadano en cada caso, y despojando a éste de todas ellas sobretexto de que días u horas antes él mismo había cambiado la legislación.

Es de rigor en toda situación de tránsito legislativo sea aplicada al expediente en curso la legislación mas favorable. Y en el presente caso, contraviniendo lo que forma parte del derecho natural, se resta al sometido a procedimiento la garantía del supervisado por el mas alto cuerpo consultivo del Estado, el cual habría de constatar, como es su misión, si se habían observado las normas legales; erigiéndose así la propia Autoridad que ordenó la apertura del expediente en árbitro de éste y privando al funcionario la defensa y amparo de este baluarte postrero.

El artículo 17 del Fuero de los Españoles establece que éstos “tienen derecho a la seguridad jurídica. Todos los órganos del Estado actuarán conforme a un orden jerárquico de normas preestablecidas que no podrán arbitrariamente ser interpretadas ni alteradas”.

Esa disposición posterior cronologicamente al expediente instruido al que depone, por la que se aparta al Consejo de Estado del conocimiento del expediente bajo apariencia de conservar su alta audiencia cuando el propio ordenador del expediente quiera, es un violento atentado a la seguridad jurídica que dicha Carta Magna pretende garantizar, con bien visible ineficacia.

Pero es tanto mas grave esta conculcación legal con motivo del expediente precitado cuanto que no ha sido la única modificación de leyes ocurrida durante su curso, atinentes así a una situación antecedente.

No solo se ha privado al que expone de la garantía establecida al consultarse al Consejo de Estado antes de resolver, sino que ya antes se le privó por el Instructor de la evacuación de la prueba propuesta, cosa increíble si no hubiera de pasar ante los sentidos que se creyeron falaces en ese instante.

En efecto, el artº. 737 de la citada Ley Orgánica al iniciarse y al concluirse el expediente estaba redactado en esta forma:

“El procedimiento será meramente instructivo y consistirá en dar vista al Juez o al Magistrado y al Fiscal contra quien se proceda de los antecedentes; admitir los medios de prueba que ambos presentaren, procurar el complemento de los demas que puedan contribuir a aclarar o a fijar los hechos y oír por escrito a la parte interesada y al Ministerio Fiscal”.

La disposición legal ordenaba admitir las pruebas propuestas, sin vacilación. El que expone admite que el Instructor rechazase las absurdas o las reiterativas; mas no las esenciales, como allí ha efectuado. Pues como para justificar legalmente esta casi total privación de probanza liberatoria aparece la nueva y posterior redacción de dicho artº. 737 expresando que el expediente se seguirá “por los trámites reglamentarios que correspondan” (Ley de 20-XII-1952). Y esta remisión al Reglamento nos dice, nada menos, que “devueltas por dicho Ministerio (Fiscal) las actuaciones, acordará el Instructor lo que conceptúe pertinente, en su caso, respecto a la admisión y práctica de la prueba propuesta” (Reg. de 11-XII-1953).

Por virtud de este simple Reglamento, aplicado por el Instructor antes de su existencia legal, se deja todo lo mas sagrado que puede tener la actuación de un funcionario, cual es el derecho de defensa, a la merced de un omnímodo Instructor nombrado a su vez por la Autoridad que ordenó la apertura del procedimiento.

Por todo lo expuesto la disposición copiada del Boletín Oficial número 83 está afectada de nulidad. Es necesaria la consulta al Consejo de Estado. Sin duda es uno de los casos mas merecedores de ser conocidos por aquel Alto Consejo por su aleccionador contenido, en especial para quien desconozca la Carrera judicial por dentro, y en evitación de que tal desconocimiento lleve a una deformación de la verdad sobre ella, que un día promete historiar el que solicita.

Y reiterando la invocación al derecho petitorio que ampara la Ley fundamental del Estado, rendidamente

Suplica:

Se digne exponer ante su Excelencia el Jefe del Estado Español y su Consejo de Ministros la nulidad de que adolece la disposición copiada en el texto, por no haber sido elevada al Consejo de Estado para su legal consulta el

expediente nº. 153 de 1951 de la Inspección de Tribunales de que dimana, antes de la resolución del mismo.

Dios guarde a V.E. muchos años.

Santiago de Compostela, 27 de Marzo (Domingo de Pasión), de 1955.

(asinado) Fermín Bouza Brey Trillo

DOC. 98 (28, MARZO, 1955).

MJ-AG: Bouza Brey.

A Su Excelencia el Jefe del Estado Español.

Señor:

Fermín Bouza Brey y Trillo, Doctor en Filosofía y Letras, Licenciado en Derecho, Académico correspondiente de la Historia, Miembro de la C.I.A.P. (UNESCO), del Club Internacional de Folklore, etc. quien como Magistrado ha servido ultimamente su cargo en la Audiencia Territorial de Oviedo, invocando el derecho de petición que reconoce el Fuero de los Españoles, a V.E. tiene el alto honor de

Exponer:

Que en virtud de denuncia formulada en el mes de Agosto de 1951 por el entonces Embajador de España en la Argentina D. Emilio de Navasqués, por el hecho de haber pronunciado una conferencia en el “Centro Gallego” de Buenos Aires sobre Rosalía de Castro, y después de curiosas incidencias mediante las cuales se ha querido eliminar su cargo al que habla, sin trámite alguno, con ingeniosa medida que hizo abortar el Sr. Presidente de aquella Audiencia, se abrió expediente contra el que expone bajo el nº 153 de la Inspección de Tribunales, correspondiente a dicho año, en cuyos autos, y uno tras otro, se han dirigido al exponente acusaciones sobre su actuación en América, transcurso de plazo posesorio, pensamiento político y conducta privada, actuaciones tan movidas que han motivado el expediente nº. 71 de 1952, al menos, contra uno de mis acusadores el Magistrado D. Carlos Humberto Santaló Ponte, a instigación del Ministerio Fiscal.

Tanto al darse comienzo como al concluirse aquellas actuaciones, el artº. 224 de la Ley Orgánica del Poder Judicial se hallaba redactado de esta suerte:

“Podrán los jueces y Magistrados ser destituidos en virtud del Real Decreto acordado en el Consejo de Ministros y refrendado por el de Gracia y Justicia, previa consulta del Consejo de Estado; 1º...”, etc.

Y el artº 737 del propio ordenamiento estaba redactado así:

“El procedimiento será meramente instructivo y consistirá en dar vista al Juez o al Magistrado y al Fiscal contra quien se proceda de los antecedentes; admitir

los medios de prueba que ambos presentaren; procurar el complemento de los demás...”, etc.

Pues bien, Señor; durante el periodo probatorio, el Instructor de aquel expediente, se negó a evacuar la mayor y más importante parte de la prueba propuesta a pesar de haber sido ella admitida por el Ministerio Fiscal, de tal suerte que el que suscribe se vió en el trance de tener que acusar la protesta de indefensión y extenderse en razonamientos de como, aun cuando pudiese rechazar las pruebas que creyese reiterativas o superabundantes, no podía hacerlo de las que eran esenciales e imprescindibles para rebatir las calumniosas imputaciones.

De nada valió la protesta de indefensión.

Y así la prueba, que incluso había sido propuesta por el mismo Instructor y que el Sr. Embajador denunciante no había tenido a bien evacuarla pretextando que “el averiguar lo que haya podido decir o hacer el Sr. Bouza Brey entre elementos argentinos sería delicado y contraproducente”, al ser ofrecida por otro conducto por el funcionario expedientado, no fue admitida.

Y así, como pusiese éste de manifiesto las ilegalidades cometidas en la concesión de cierto permiso o licencia desde la Argentina solicitado, fundándose en el cual se le acusaba de haber dejado transcurrir el plazo posesorio sin incorporarse a su destino, solicitó certificación sobre el hecho del Sr. Cónsul General de España en Buenos Aires, sin que tampoco se accediese a aportar ésta.

Y como señalase diversas actuaciones judiciales, documentos fehacientes de imposible desvirtuación, para acreditar como algunos declarantes no decían verdad en sus manifestaciones, se le negó también esta aportación probatoria.

Y ha sucedido, Señor, la extraña coincidencia de que, antes de resolver dicho expediente y mucho después de concluso el mismo, se ha dado redacción distinta a los dos sustanciales artículos mencionados, trastocando totalmente el espíritu de los mismos y cambiándolos de tal suerte que aparece absurda la protesta de indefensión formulada, como aparece legalizada aparentemente la ausencia de la consulta al Consejo de Estado.

Y así el artº. 737, que admitía ampliamente la prueba propuesta, aparece por la Ley de 20 de Diciembre de 1952 y el Reglamento a que alude, de 11 de Diciembre de 1953, restringido y entregado, sin recurso alguno, por lo que hace a la admisión y práctica de la prueba a “lo que conceptúe pertinente” el Instructor.

Y lo que es mas grave el Consejo de Estado, que habría de dictaminar sobre si se había cumplido el trámite legal, aparece eliminado en el artº. 224, por la nueva redacción que transforma aquella obligatoria consulta, en audiencia

facultativa, según el arbitrio del Sr. Ministro de Justicia, que solo usará de la facultad “cuando lo considere procedente”.

Merced a este juego, el expedientado que confiaba plenamente en que su protesta de indefensión podría ser recogida por el Consejo de Estado, en garantía y vela del cumplimiento de la Ley, se encuentra con que se le burla esta garantía por una Ley posterior dispuesta por la Autoridad misma que había ordenado la apertura del expediente, precisamente, erigiéndose de este modo dicha Autoridad en árbitro absoluto del procedimiento y de la resolución dada al mismo. ¡Inaudito caso!

Porque, claro es, el Sr. Ministro de Justicia no ha hecho uso de la facultad conferida “a posteriori” en la resolución del expediente. Y con sorpresa incontentada hemos visto en el Boletín Oficial correspondiente al 24 del presente mes de Marzo esta disposición, sin pasar antes por la Consulta al Consejo de Estado:

“A propuesta del Ministro de Justicia, previa deliberación del Consejo de Ministros y en cumplimiento de lo dispuesto en el nº. 4º. del artº. 224 de la Ley Orgánica del Poder Judicial, vengo en acordar la destitución del cargo de Magistrado de ascenso de D. Fermín Bouza Brey y Trillo que sirve su cargo en la Audiencia Territorial de Oviedo, quien causará baja definitiva en el escalafón de la Carrera Judicial. Así lo dispongo por el presente Decreto dado en Madrid a 11 de Marzo de 1955. Francisco Franco. El Ministro de Justicia Antonio Iturmendi Bañales”.

Mas sucede que contra lo antedicho se alza la Ley Fundamental del Estado, el Fuero de los Españoles que no en vano ha sido promulgado:

“Artículo 17. LOS ESPAÑOLES TIENEN DERECHO A LA SEGURIDAD JURÍDICA. Todos los órganos del Estado actuarán conforme a un orden jerárquico de NORMAS PREESTABLECIDAS que no podrán ARBITRARIAMENTE ser interpretadas ni alteradas”.

El desprecio u olvido de este precepto vicia de nulidad absoluta y total a la resolución copiada. Evidentemente, el funcionario tiene derecho a que se cubran todas las garantías existentes al tiempo de tramitarse su expediente en las NORMAS PREESTABLECIDAS. Si así no se entendiese, la Autoridad podría, según fuesen conociéndose las incidencias surgidas durante el desarrollo del procedimiento, ir privando de sus garantías legales al expedientado con solo modificar a capricho la legalidad vigente. ¡Es mucho éso, Señor!. ¡Sería mucho y V.E. no lo consentirá así!

Aunque ésto no estuviese tan patente, es de rigor que en toda situación de tránsito de una a otra legislación se aplique al expediente que tenga carácter punitivo y se halle en curso durante la promulgación de la nueva ley, la legislación

mas favorable. Es ley de calor humano, recogida en todas las legislaciones. ¿Como sería posible que se reste, pues, al que expone la garantía de aquel Alto Cuerpo Consultativo encargado de supervisar el cumplimiento de las Leyes en el procedimiento expresado?.

Por todo ello, es notoria la nulidad de la resolución que resuelve el expediente del que habla. Y la declaración de tal nulidad es lo que constituye el petitorio de este escrito.

Y por ello, rendida y respetuosamente,

Suplica: Se digne declarar la nulidad de la mentada disposición aparecida en el nº. 83 del Boletín Oficial de la citada fecha, y ordenar que es de que el Sr. Ministro de Justicia proponga y de que el Consejo de Ministros acuerde la resolución del expediente nº. 153 de la Inspección de Tribunales, de 1951, sea oído en consulta el Consejo de Estado, con vista de lo actuado. Y admitida la prueba propuesta por el expedientado.

Dios guarde a V.E. muchos años.

Santiago de Compostela a 28 de Marzo de 1955.

(asinado) Fermín Bouza Brey Trigo

Otro sí dice: Que el domicilio del que suscribe en dicha ciudad es: Rua del Villar, 43-2º.

DOC. 99 (28, MARZO, 1955).

AHA-ATO: Bouza Brey.

Audiencia Territorial de La Coruña

Presidencia

Excmo. Señor.

Tengo el honor de acusar recibo de su atenta comunicación de 25 del actual, de S.E. el Jefe del Estado de 11 de los corrientes por el que se ordeno la baja definitiva en el escalafón de la Carrera Judicial del Magistrado DON FERMIN BOUZA BREY Y TRILLO, significandole que con esta fecha se remite al Juez de 1ª Instancia de Santiago de Compostela para que haga entrega de dicho traslado al Sr. Bouza Brey al que se le hara saber haber sido baja como tal Magistrado de esa Audiencia de su digna Presidencia el día 25 del corriente mes.

Dios guarde a V.E. muchos años.

La Coruña 28 de marzo de 1.955.

(asinado, ilexible)

Excmo. Sr. Presidente de la Audiencia Territorial Oviedo.-

DOC. 100 (15, XUÑO, 1955).

MJ-AG: Bouza Brey.

Ministerio de Hacienda
Dirección General de la Deuda y Clases Pasivas
Jubilaciones
618/55

Excmo. Sr:

Vista la instancia de fecha 5 de Marzo último de Don Fermin Bouza Brey y Trillo, Magistrado de ascenso, solicitando de este Centro Directivo su jubilación por imposibilidad física y la aplicación de los beneficios de la Ley de 9 de Julio de 1932, por padecer ceguera.

Resultando: que en virtud de lo dispuesto en los Decretos de 23 de Agosto de 1934 y 17 de Enero de 1935 se ofició al Ilmo. Sr. Delegado de Hacienda de La Coruña para que designase los médicos que procediesen al reconocimiento del interesado, los cuales certifican que dicho señor “padece de la vista afecciones astimáticas, diótricas y post retinianas, a las que perjudicaría, quizá progresivamente, su labor profesional de Magistrado”.

Considerando: que de la citada certificación facultativa no se deduce que el interesado esté imposibilitado de un modo absoluto, actual y permanente para el desempeño de su cargo, condición requerida por el artº 14 del Decreto de 23 de Agosto de 1934 y párrafos 1º y 3º del artº 49 del Estatuto de 22 de Octubre de 1926, para las jubilaciones por la imposibilidad física y mucho menos queda justificada la ceguera total e incurable que requiere la Ley de 9 de Julio de 1932 para la ampliación de los beneficios que solicita el reclamante.

Por todo lo cual, esta Dirección General acuerda con fecha de hoy informar a V.E. que Don Fermín Bouza Brey y Trillo, Magistrado de ascenso, con destino en la Audiencia de Oviedo no reúne las condiciones que para jubilación por imposibilidad física exigen el artº 14 del Decreto de 22 de Agosto de 1934 y párrafos 1º y 3º del artº 49 del Estatuto de 22 de Octubre de 1926, ni tampoco las exigidas por la Ley de 9 de Julio de 1932, aplicable a los que padecen ceguera total e incurable, cuyos beneficios solicita dicho señor.

Dios guarde V.E. muchos años.

Madrid 15 de Junio de 1.955.

El Director General,
(asinado, ilexible)

Excmo. Sr. Ministro de Justicia.

BIBLIOGRAFÍA

BIBLIOGRAFÍA

1. Fontes documentais

a) Documentación consultada

Archivo Histórico de Asturias, Oviedo:

- Tribunal Superior de Justicia de Asturias - Audiencia Territorial de Oviedo:
 - Expedientes de magistrados: Bouza-Brey Trillo, Fermín.
 - Informes reservados de Magistrados.

Ministerio de Asuntos Exteriores, Madrid:

- Dirección General de Relaciones Culturales:
 - Asunto: Bouza -Brey, Fermín

Ministerio de Justicia, Archivo General, Madrid:

- Expedientes personales: Fermín Bouza Brey. Os documentos carecen de numeración pero están ordenados por orde cronoloxica, segundo se foron producindo. Pode estar completo. Hai tres documentos mal catalogados, que corresponden a seu irmán, Luís Bouza Brey Trillo⁵⁸.
- Cruz de San Raimundo de Peñafort: Fermín Bouza-Brey Trillo. O expediente atópase completo.

Museo do Pobo Galego, Arquivo, Santiago de Compostela:

- Fondo: Fermín Bouza Brey. Os documentos carecen de numeración pero están ordenados por temas e cronoloxicamente.

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Arquivo Xeral, A Coruña:

- Audiencia Territorial da Coruña, expedientes de maxistrados: Bouza Brey y Trillo, Fermín.

⁵⁸ Escrito do Xulgado Instructor Provincial de Responsabilidades Políticas, de Pontevedra, dirixido ao Director Xeral de Xustiza, solicitando certificación na que conste *si actuó dicho Señor en oposiciones a la Judicatura que se celebraron en Febrero de 1.936, fecha en que actuó, o en la que le correspondía actuar: Según manifiesta el inculpado debió de ser en días próximos a las elecciones de 1.936 a Diputados a Cortes...* Oficio comunicando o envío da certificación e tamén esta: ... *Certifico: Que en el libro de actas del Tribunal de Oposiciones al Cuerpo de Aspirantes a la Judicatura, en la Sección que celebró dicho Tribunal el día veintinueve de Abril de mil novecientos treinta y seis, aparece entre los opositores llamados a actuar en dicha fecha en el primer ejercicio y segundo llamamiento, figura D. Luis Bouza y Brey, con el número ochocientos noventa y siete, constando que no se presentó...*

b) Documentación que non se autorizou a consulta

Tribunal Supremo, Archivo General, Madrid:

- Expediente 153/1951, fallado o 10 de decembro de 1954. A Sala de Goberno do Tribunal Supremo autorizou a consulta, pero logo non a permitiu a arquiteira, só pretexto que atenta contra o creto do expedientado. Destruído ou extraviado, actualmente no cartafol non hai máis que uns apuntamentos (?).
- Expediente 71/1952. Non se conserva ou fica extraviado. Trátase da denuncia contra un dos acusadores, Carlos Humberto Santaló maxistrado da Audiencia Provincial de Pontevedra, iniciada a instigación do Ministerio Fiscal.
- Expedientes: 69/1952 e 56/1954, poden estar relacioandos por coincidir no tempo e ser Bouza Brey unha das partes. Descoñecemos o contido por non se autorizar a consulta (solicitada o 21 de abril 2009).

c) Outros arquivos nos que non se atoparon novas

- Archivo General Militar, Segovia.
- Archivo General de la Administración, Alcalá de Henares, fondo: Tribunal Supremo.
- Arquivo do Reino de Galicia, A Coruña.
- Audiencia Provincial de Pontevedra⁵⁹.
- Centro Documental de la Memoria Histórica, Salamanca.
- Ministerio del Interior, Archivo General (Dirección General de la Policía y de la Guardia Civil), Madrid.

2. Fontes publicadas

BLANCO VALDÉS, J. L.: “A Estrada, 18 de xullo de 1936. Dous testimonios”, *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, 2003.

CALLÓN, C.: “A verdade do rumor. As lendas negras contra Fermín Bouza Brey”, *Galicia Hoxe*, 2-XI-2009.

FARÍAS, R.: “Sucumbir a merced de la calumnia y la infamia: represión, pauperización

⁵⁹ Segundo parece, actualmente non existe no arquivo ningún expediente a nome do maxistrado Fermín Bouza Brey, pero sabemos que o houbo por unha certificación do secretario suplente da devandita Audiencia, do 22 de maio de 1947, que obra no arquivo do Museo do Pobo Galego entre os seus documentos persoais: CERTIFICO: Que en el expediente personal del Magistrado de esta Audiencia Don Fermín Bouza Brey Trillo obra la siguiente comunicación...(MPG: Bouza Brey).

y muerte entre la Guerra Civil española y la década de 1940”, *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, 10, 2007.

Fermín Bouza-Brey, 1901-1973. *Unha fotobiografía*, Edicións Xerais de Galicia, 1992.

Fermín Bouza Brey. *Un xuíz de lei*, Fundación Lois Peña Novo, Pío García Edicións, Vigo, 2008.

FERNÁNDEZ, C.: *El alzamiento de 1936 en Galicia. Datos para una historia de la Guerra Civil*, Eds. do Castro, 1982.

FERNÁNDEZ, C./ VÁZQUEZ GÓMEZ, J.: *La Guerra Civil en Galicia*, La Voz de Galicia, A Coruña, 1987.

GARRIDO COUCEIRO, X. C. (Comisión pola memoria “Siñor Afranio”): “Rexeitando esquecementos. Homenaxe ós asasinados na ponte do Regueiro o 9 de outubro de 1936”, “Homenaxe á corporación republicana”, “Conmemoración do 5 de xuño” (de 1936, foron fusilados en Pontevedra o alcalde e cinco veciños), “Quen levará flores a unha foxa común?” (paseados na ponte do Regueiro), “Represión do maxisterio estradense”, “A dignidade das mulleres”, “Á caza de Carracedo”, “Confesión dun ‘homilde’ falanxista”, “José María Pena, o presidente do Fronte Popular”, “A lotería da conmutación de penas capitais”, “A Estrada, acude a Pontevedra a defender a democracia”, “1934, o prólogo do 1936”, “O caso de Alfredo Iglesias, ou de como a igrexa tanto salvaba como condenaba”, “Manuel García Barros, Ken Keirades, a traxedia dun creador silenciado”, “As requisas, incautacións e outros roubos”, “O invento do secuestro express”, “O ‘imposto revolucionario’”, “A práctica da humillación pública”, “Carreiras literarias truncadas”, “A interrupción trágica do galeguismo”, “O socialismo estradense, entre o monte e a cadea”, “O fusilamento dos 5 Ventín”, “A república de Guimarei”, “A Estrada viste a camisa azul para salvar a vida e perde todo o arco da vella de cores que reflectía a República”, “Carta de Ramón Fernández Rico e compañeiros estradenses condenados a morte dirixida aos correligionarios da Estrada e ás corporacións vindeiras”, “Manuel Puente Porto, e a represión dos labregos conscientes”, “A represión na zona da Ulla”, “Acusación, Defensa e Sentenza de condena a morte de José Cortes Fernández e José Gómez Rivas”, “José Rodríguez Sangiao, O ferreiro de Guimarei”, “Os ‘paseados’ de Ponte do Regueiro”, “Carta de Ramón Fernández Rico horas antes de ser fusilado”, “Estradenses presos en San Simón”, “Represión franquista na Estrada - Bouza Brey, un xuíz impotente”, “Unha familia desfeita pola represión franquista”, “O delito de ser alcalde” (http://www.blogoteca.com/autoestrada_da_memoria).

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: “Bouza Brey: Aproximación bibliográfica”, en *Fermín Bouza Brey*, Día das Letras Galegas, 1992, Xunta de Galicia, 1992.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: “Vida e Obra, 1905-1999”, *Antonio Fraguas Fraguas, 1905-1999. Un home que traballou sempre por e para Galicia*, Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela, 2006.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: “O rodicio do tempo: Navasqüés, o ouro nazi e Bouza Brey”, *Galicia Hoxe*, 21-II-2009.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: “Fermín Bouza Brey e Emilio de Navasqüés”, *Alameda*, núm. 33, Noia, abril, 2009.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: “Emilio de Navasqüés, un personaxe funesto para Galicia”, *La Voz de Galicia* (supl. “A voz de Barbantia”), 28-V-2010.

IGREXAS, M.: “Seis republicanos paseados n’A Estrada”, *onaranxo.org*.

PALMOU LORENZO, J.: “Fermín Bouza Brey. O xuíz da Estrada”, *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, 13, 2010.

PORTO, J.A. / PAZ GARÇA, F.X.: “As Terras da Estrada na obra de Fermín Bouza-Brey. Guía bibliográfica”, *Contrarretranca. Revista de información da Estrada*, 1992.

SILVA FERREIRO, M.: *Galicia y el Movimiento Nacional. Páginas históricas*, Santiago de Compostela, Imprenta y Encuadernación del Seminario Conciliar, 1938.

XESÚS PALMOU LORENZO

**FERMÍN BOUZA BREY
O XUÍZ DA ESTRADA**

RESUMO

Bouza Brey é un dos persoeiros galegos máis sobranceiros do século XX no eido da literatura, arqueoloxía e prehistoria. Chega á Estrada, como xuíz, con só 29 anos mais xa cunha importante traxectoria cultural. Aquí continúa o seu labor que, nalgunha das súas manifestacións, centra nesta comarca. Despois de abandonar a vila segue ligado literaria e afectivamente á mesma e mantén relación co alcalde Mario Blanco. Ámbolos dous logran no ano 1970, o Día das Letras Galegas para Marcial Valladares. A Estrada perpetúa o seu recordo dándolle o seu nome a unha rúa en 1992.

I.- INTRODUCCIÓN

Non pretendo que o meu sexa un traballo novidoso, nin moito menos completo, sobre a figura e a obra de Fermín Bouza Brey, nin sequera que o sexa naquela parte que ten relación, dunha ou doutra maneira, coa nosa vila e comarca, pois ese aspecto foi xa abordado con anterioridade, e por persoas con máis autoridade e erudición ca min, con ocasión de terse dedicado a Bouza Brey o ano das Letras Galegas de 1992, traballos que, cando menos parcialmente, apareceron publicados na revista estradense *Contrarretanca*. Aínda así, paréceme oportuno achegar estas páxinas, nas que, inevitablemente, haberá reiteracións co xa publicado, pero coas que pretendo, ademais de ampliar e refundir algúns aspectos da súa obra que aparecen dispersos, incluír outros, descoñecidos ou menos coñecidos, dun dos persoeiros máis importantes da nosa cultura do século XX, que ten vivido entre nós importantes avatares históricos, con transcendencia no seu ámbito persoal, na súa actividade profesional daquela época, e tamén na súa produción cultural.

Ademais da admiración que, como persoa en primeiro lugar e tamén como galego e galeguista, sinto pola obra de Fermín Bouza Brey, como avogado estradense, aínda que na actualidade non exercente, empúxame a escribir o feito de que a súa vinculación profesional coa nosa comarca estivera relacionada coa administración de Xustiza, na súa condición de xuíz deste partido xudicial, malia non ser esta faceta da súa actividade na Estrada a realmente transcendente e de interese para nos, alén dalgunhas anécdotas e de poder afirmar que cumpriu coas súas obrigas con independencia, imparcialidade, obxectividade e dedicación. Pola contra, a pegada de Bouza Brey na nosa vila atopámola no mesmo ámbito no que alcanzou o recoñecemento e a estima dos galegos: no estudo e a promoción da nosa cultura nos seus diversos aspectos.

O que foi, sen dúbida, un dos escritores galegos máis fecundos do século XX, con preto dun milleiros de publicacións, polifacético –narrador, poeta, investigador, historiador e arqueólogo– *fito da historia literaria galega, figura sobresaínte do século XX, gran persoeiro da cultura galega, ou continuador dos Precusores de Murguía*, como o definen algúns dos seus biógrafos, nace en Ponteareas en 1901, fillo de Luís Bouza Trillo de Figueroa, quen, despois de estudar no seminario, estudos que abandonou, dedicouse ao periodismo e a literatura, aínda que a principal fonte de ingresos da familia fose una drogaría da que, xunto coa súa dona Orenca Brey Lores, era titular en Vilagarcía, onde dirixe varias publicacións, e gaña diversos premios literarios.

A actividade literaria do seu pai, un home culto, deixa fonda pegada no pequeno Fermín. No seu pai, atópanse os comezos, a moi curta idade, da súa andaina literaria, rexionalista e galeguista, e a seu pai escritor, dedica a súa primeira colección de poemas baixo o lema *Ao meu pai que aforcou as musas*. Ademais a amizade de seu pai con Ramón Cabanillas e Valle-Inclán, este último co que coincidirá logo en Madrid cando prepara as oposicións a xudicatura, sérvenlle para afondar nos terreos da literatura, a historia e no estudo e uso da lingua galega.

Fermín comeza o bacharelato en Pontevedra, e en 1917 trasládase a Ourense para facer o último curso, e alí coñece e entra en contacto con outro persoeiro moi ligado á Estrada, Antón Losada Diéguez, para quen lle dera unha carta de presentación Ramón Cabanillas. Coñece tamén, nese mesmo ano, e establece amizade con Eduardo Blanco Amor. A partir de entón, Fermín intervén en actos das Irmandades da Fala en diversas cidades, participando así na promoción do noso idioma e do ideario rexionalista-galeguista; e en 1921 publica o seu primeiro poema *Romance dos vinte anos*, circunstancias as dúas que denotan a precocidade da súa inqueda literaria e galeguista.

A respecto do pensamento e das figuras para as que olla Fermín Bouza no comezo da década dos vinte, é significativo o seu artigo do volume-homenaxe que a Real Academia Galega rende á revista Nós no ano 1970, no que di: *era un mozoilo universitario cando veu o lume o Nos. Solo sei que foi un regalo para a miña idea, xa firme daquela, de erguer a terra (.....) ollabamos todos naquelas páxinas de limpa prosa e nobre verso os oráculos da nosa cultura, o Risco, o Cabanillas, o Castelao, o Losada Diéguez e o Otero Pedraio. Anos máis tarde diría as miñas preferencias en arte e literatura vanse cara ao popular, tanto no galego como no universal. Na miña obra poética procurei recobrar a tradición perdida da lírica galega, xunguindo o lirismo dos cancioneros galego-portugueses co presente emanado do pobo galego.*

En 1918 comeza en Santiago a carreira de Filosofía e Letras, sección de Historia e, en 1919, abandona Historia e comeza Dereito. Porén, el mesmo nunha entrevista publicada en *El Correo Gallego* en 1971, asegura: *Vin a Santiago a estudar Dereito de mala gana. O meu era Filosofía e Letras, pero como non había facultade, matriculeime en Dereito.* En calquera caso, o certo é que en 1923, licenciouse en Dereito e comeza a carreira de Filosofía e Letras que rematará no ano 1931, sendo xa xuíz da Estrada.

Nada máis chegar a Santiago,ponse de manifesto a capacidade de convocatoria e a inqueda cultural de Bouza Brey. En 1922 funda a Asociación Oficial de Estudantes de Dereito, e en 1923, o 23 de outubro, Fermín Bouza Brey, Xosé Filgueira Valverde, Wenceslao Rodríguez, Lois Tobío Fernández, Alberto Vidán Freixía e Xosé Pena Pena, todos eles estudantes en Santiago, fundan no Pazo de Ortoño (Ames), onde vivira Rosalía, o Seminario de Estudos Galegos, peza fundamental da investigación da realidade galega, dende diversos campos e diversas perspectivas, no século XX.

Pero a súa intensa vida social e cultural, non lle impide ao noso persoeiro tirar algunha matrícula de honor na súa carreira de Dereito, que compatibiliza coa actividade literaria, gañando no ano 1923 o primeiro premio do Certame Literario de Pontevedra. Participa en varias revistas literarias e escribe nestes anos boa parte dos poemas que logo aparecerán na publicación *Nao Senlleira*. Ademais



Xuntanza dalgún dos membros do Seminario de Estudos Galegos en 1923. Fermín Bouza Brey (11), Vicente Risco (12), Alfonso Rodríguez Castelao (9), Xosé Ramón Fernñandez Oxea (7), Xosé Filgueira Valverde (15) Florentino L. Cuevillas (20), Ramón Martínez López (21) e Ramón Otero Pedraio (28). Foto cedida por Edicións Xerais.

ao ano seguinte de rematar a carreira de Dereito, ano 1925, publica dentro da colección *Lar* a novela curta *Cabalgada no Salnés*, a primeira obra narrativa do autor.

Tamén dende a súa fundación, participa activamente nas actividades do Seminario de Estudos Galegos, nas seccións de Historia, Etnografía e Folclore, Arte e Letras, Prehistoria e Historia da Literatura, actividade que non interrompe coa súa marcha a Madrid en 1925, senón todo o contrario, pois é precisamente en 1926 cando colabora máis intensamente nas seccións de Prehistoria e Arqueoloxía. Nesta época incorpórase á Sociedade de Antropoloxía e Prehistoria, dende a que tamén continuará as investigacións nesta materias. No campo concreto da Prehistoria, con Florentino López Cuevillas, levou a cabo traballos da máxima transcendencia científica que os acreditou como figuras sobresaíntes desta disciplina en Galicia. En relación con esta actividade, Cuevillas láíase do escaso interese popular e dos deputados por Galicia nunha carta que dirixe a Bouza Brey en 1931, nestes termos: *E o peor do caso é que a xente ten tan pouco interese por Galicia como os Deputados. Ora que nós somos abondo para crear unha cultura galega. Será unha cultura asentada nun ex pobo máis haberá que ter paciencia. Cando non hai vivos opérase sobre dos cadáveres*". O intenso labor no seo do Seminario foi continuado logo de 1944, tras a súa participación na constitución do Instituto de Estudos Galegos "Padre Sarmiento", tamén nas seccións de Arqueoloxía e Prehistoria.

II.- A SÚA ETAPA ESTRADENSE

Pero Fermín Bouza Brey, aínda que non se confesa xurista vocacional, senón todo o contrario, despois de 3 anos preparándose en Madrid, aproba as oposición a xudicatura e vai destinado como xuíz de primeira instancia e instrución a Viella (Lleida). Despois dunha estadía de aínda non un ano naquela cidade do Pireneo leridano, chega á Estrada en 1930 con 29 anos de idade, sendo un dos xuíces máis novos de Galicia. Aproveita o primeiro concurso de traslado para achegarse a Santiago, unha cidade á que se atopa especialmente vencellado, persoal e culturalmente.

É o certo que as biografías de Fermín Bouza Brey apenas fan referencia á súa estancia na nosa vila, máis alá de salientar algunhas das súas obras nas que aparece esta comarca. Algunhas incluso omiten que foi xuíz do noso partido xudicial, a pesar de que moitos dos seus contemporáneos o coñecían e se referían a él como «o xuíz da Estrada». Porén, como xa queda dito, viviu na Estrada acontecimen-



Bouza Brey ós 29 anos, cando chega a Estrada. Fotografía cedida por Edicións Xerais.

tos de gran transcendencia na súa vida. Os anos de residencia nesta vila, deixan unha fonda pegada en Bouza Brey, como el mesmo recordará moitos anos despois de ter partido dela.

Á súa chegada á Estrada, atópase como secretario do xulgado municipal a Mario Blanco Torres, irmán do seu amigo e compañeiro nos traballos do Seminario de Estudos Galegos Roberto Blanco Torres, escritor e xornalista, que nos comezos da Guerra Civil, concretamente o 2 de outubro de 1936, foi «paseado» no concello ourensán de Entrimo. Establece con el unha grande amizade que logo

continuou co seu fillo, outro ilustre estradense, Mario Blanco Fuentes, mestre, avogado e alcalde da vila dende o ano 1959 ata o ano 1970.

No ámbito xudicial, na Estrada, Bouza Brey compaxina profesionalidade e independencia coa súa amplísima e completa formación humana, o que lle permite apreciar o trasfondo popular da xustiza, e a súa singularidade en cada pobo, afirmando:

Eu non sei ata que punto o xuíz debe interesarse do folclore do pobo onde outorga xustiza o que equivalería a coñecer o pensamento colectivo en que a súa función se move. [...] sempre recibín auxilio en trances de dúbida do saber popular como denominador común a tódolos xusticiables nun medio tan denso en expresións gregarias como Galicia.

Contrae matrimonio estando na vila, pero esta circunstancia está ligada á Estrada por algo máis que a simple cronoloxía. En 1931, xa destinado aquí, é Mario Blanco Torres, secretario do xulgado, quen lle presenta á súa amiga dona Emilia Álvarez Álvarez, moza de notable beleza, natural de Cortegada de Miño (Ourense), de familia acomodada e estudante de Farmacia en Santiago. Dous anos máis tarde, unha vez a moza remata a carreira de Farmacia, casan. O matrimonio non se celebra na Estrada como se afirma nalgunha biografía, senón en Cortegada de Miño, onde tamén casan o mesmo día Remedios Álvarez, irmá de Emilia, con Abelardo Moralejo Lasso, catedrático de lingua e literatura latinas da universidade compostelá.

A lúa de mel pásana na Bretaña e o noivo vai cunha bolsa de estudo, o que levaría á súa dona a afirmar anos máis tarde que *foi unha viaxe magnífica aínda que Fermín non deixou de traballar*. Os recién casados fixan a súa residencia na nosa vila, na que entón xa se chamaba rúa de M. Porto Verdura, nome que tiña substituído ao de Marqués de Riestra en 1931 e que cambiará polo actual de Calvo Sotelo en 1937. Viven na segunda planta do edificio que actualmente leva o número 18. No baixo e no primeiro tiña o comercio e a vivenda a familia de José Casagrande, unha familia de raigame na Estrada. Os seus fillos Manuel e María Docampo Pego (Lolo e Maruja), entón con idades de 12 e 16 anos, recordan a «don Fermín» como unha persoa



Casa na que viviu Bouza Brey e a súa dona na Estrada, nº18 da rúa Calvo Sotelo.

de confesión galeguista, moi amable e querida na veciñanza, e a «dona Emilia», como unha señora «moi señora», pero de extrema amabilidade. Recordan tamén como don Fermín lles pedía o pan de broa para facer as migas con ovos revoltos. Nace a súa primeira filla en 1935, que morre cinco días despois do seu nacemento. Tamén aquí naceron as outras tres fillas do matrimonio. En abril de 1936 nace a segunda, Emilia Guillermina, que morrerá tamén traxicamente no incendio do hotel Corona de Aragón en Zaragoza; en 1940 nace a terceira, María Luísa, e en



Dona Emilia pouco antes de casar. Foto cedida por Edicións Xerais

1942, ano en que Bouza vai destinado ao xulgado de Primeira Instancia de Santiago, nace a cuarta, María Isabel.

A presenza de Fermín Bouza Brey na Estrada, como xuíz, está en certa medida influenciada polos cambios políticos que acontecen na década dos anos trinta: a proclamación da Segunda República, a elaboración e aprobación plebiscitaria do Estatuto de Autonomía, o levantamento militar e a Guerra Civil ou *treboada da Guerra Civil*, como diría el nalgunha ocasión, e a ditadura franquista.

Politicamente Bouza Brey era un home moderado, demócrata liberal e galeguista, que

se tería sentido cómodo nunha monarquía parlamentaria e democrática, na que Galicia tivera o seu espazo político necesario para desenvolver a súa personalidade no amplo campo político, lingüístico e cultural. Porén, a súa condición de xuíz, impedíalle calquera tipo de manifestación de preferencia partidaria, máis alá da súa amizade persoal cos impulsores do Partido Galeguista, ao que estivo afiliado,



Voda de Fermín Bouza Brey con Emilia en Cortegada de Miño. Á dereita a irmá de doña Emilia e o seu cuñado, tamén casados o mesmo día. - Foto cedida por Edicións Xerais

e do Estatuto de Autonomía. Tal e como afirma a súa dona nunha entrevista, non acudía a actos políticos por esta razón: *Fermín non foi porque era xuíz na Estrada e non quería que o vencellasen a ningunha opción política concreta*, di dona Emilia para escusar a ausencia do seu home na manifestación de Santiago despois do plebiscito que aprobaba o Estatuto de Autonomía do ano 36, e á que si asistiron o seu pai e o seu irmán Luís.

Nunca mostrou entusiasmo pola República, e mostrouse intransigente co franquismo dende o primeiro momento, sen prexuízo de cumprir as formalidades que o seu cargo de xuíz de Primeira Instancia e Instrución lle impoñían, como foi o caso de formular declaración xurada de adhesión ao alzamento nacional en 1936, e esixir aos seus subordinados a mesma declaración xurada; ou, anos mais tarde, e por razóns puramente protocolarias, aparecer do brazo da filla do ditador, Carme Franco Polo, con ocasión dos Xogos Florais de Santiago en 1945. No momento de asinar a adhesión, e por esta causa, ten un desgusto cando o seu amigo e secretario do xulgado municipal Mario Blanco Torres, republicano convencido, se nega a firmar a declaración de afección ao Alzamento, recordándolle Fermín que

tiña catro fillos e que o seu posto de traballo e a súa supervivencia económica dependían desta formalidade, chegando a falarlle en forma imperativa ata conseguir o seu propósito.

A súa posición política de moderación e compromiso con Galicia e coa democracia e a ausencia de entusiasmo coa República deparáronlle algunha discusión cos seus amigos Castelao pola súa condición de republicano e con Filgueira Valverde polo que consideraban un excesivo colaboracionismo co Réxime.

Tras a súa chegada á Estrada, coñece e traba amizade con Camilo Pereira Freijenedo, avogado e deputado provincial, pai de Virxinia Pereira Renda, esposa de Alfonso R. Castelao, circunstancia esta que uniría aínda máis aos dous. Conta o fillo de Bouza, José Luís, que nunha ocasión, seu pai, facendo unha excepción, acompañou a Castelao a un mitin na parroquia estradense de Callobre para pedir



Cumplimentando orden de la Superioridad de fecha tres de los corrientes, sírvase manifestarme por escrito, con la máxima urgencia, si tanto Vd. como el personal a sus ordenes guardan la mas absoluta fidelidad a la situación que representa la Junta de Defensa Nacional de España, para proponer en su caso al Excmo. Sr. Presidente de la Audiencia Territorial, a verificarlo ya, desde luego, el Juez de Instrucción suscribente la dstitución o sustitución inmediata de los que merezcan desconfianza
Viva Vd. muchos años
La Estrada 6 de agosto de 1.936

Castelao el 7.


Fermín Bouza Brey

Sr. Secretario del Ayuntamiento
La Estrada

o apoio ao Estatuto no plebiscito de 1936. O mitin levouse a cabo ante un auditorio na súa maioría de labradores propietarios, e Fermín Bouza permaneceu ao lado de Castelao mentres este dirixía entusiastas palabras aos presentes, asegurando que coa autonomía para Galicia *todas estas terras que hoxe traballades despois van ser vosas*, na idea de que se trataba de terras aforadas. Bouza, que coñecía moi ben a zona e sabía que as terras non tiñan carga foral ningunha, levantouse e dirixíndose a Castelao e aos presentes corrixíu dicindo: *Xa son súas Daniel, xa o son agora.*

O 18 de xullo de 1936, atópase en Cortegada de Miño de descanso e regresa de noite á Estrada para estar no seu posto de xuíz. Estaba en posesión dun carné de fillo adoptivo da Casa do Pobo da Estrada e esa mesma noite rachouno e fíxoo desaparecer, segundo tamén me manifestou o seu fillo José Luís Bouza Álvarez. Deses mesma época, conta a súa dona noutra entrevista en *El Correo Gallego* en 1971, *que todos os días chegaba horrorizado polos cadáveres que aparecían nas cunetas, os «paseados»*. Para evitar estes asasinatos, cando tiña sospeita de que algunha persoa podía ser paseada, galeguistas, demócratas, republicanos, mandábaos deter simulando a súa implicación nalgunha causa xudicial e cerrábaos no calabozo, evitando así que os atopasen. En consecuencia, malia que Bouza Brey tiña asinado o documento de adhesión ao Alzamento, imprescindible para continuar no seu cargo de xuíz, transcende a súa desafección e, no mesmo ano 36, foi denunciado e sometido a un expediente por «desinhibición e galeguista». Sobre a identidade dos denunciados, a súa dona dixo anos despois da súa morte *non vou a dicir quen lle puxo a denuncia. Non é cuestión de remover agora porque algúns aínda viven, ou viven os seus fillos e eles non teñen culpa, pero claro está, tiñan camisas azules.*

Como consecuencia da apertura do expediente, en 1937 Bouza Brey é suspendido provisionalmente no seu cargo de xuíz. A súa formación xurídica válelle para defenderse das acusacións que lle son imputadas e incluso acode persoalmente a Burgos para acelerar a súa reincorporación á carreira xudicial, o que acontece en 1939, se ben con destino provisional como xuíz militar en Lleida. Afirmar algúns dos seus biógrafos que ese destino como xuíz militar, no momento en que remata a guerra, trata de poñelo a proba antes de reintegralo no seu destino da Estrada. Antes de rematar o ano 1939 volverá á Estrada recuperando o seu cargo de xuíz de Primeira Instancia e Instrución. Cando regresa á nosa vila, Bouza Brey xa coñecía o nome dos seus denunciados «camisas azules», e prodúcelle desacougo ter que convivir con eles, pero tamén seguían aí os seus amigos Mario Blanco Torres e o seu fillo Mario Blanco Fuentes, Espinosa e outros cos que conservará unha permanente amizade, incluso xa residindo en Santiago, como testemuñan algunha cartas que aquí reproducimos.



Dúas instantáneas do ingreso de Bouza Brey na Real Academia Galega. - Foto cedida por Editorial Xerais

E de expedientado en 1936 ao recoñecemento oficial e público dos seus méritos como home de leis e tamén no eido da cultura. En 1940, ao pouco de recuperar o seu destino na Estrada, foi nomeado académico de número da Real Academia Galega cubrindo a vacante do historiador Pablo Pérez Costanti, e en 1942 recibe a cruz de Alfonso X El Sabio. Con ocasión de recibir tal galardón Ben-Cho-Shey, pseudónimo do xornalista e galeguista ourensán Xosé Ramón e Fernández Oxea, dende o seu «exilio» en Cáceres dedícalle os seguintes versos nos que fai referencia á nosa vila.

O señor Xuez da vila da Estrada,
que xuzga, canta e fai Prehistoria,
e dos antergos revive a memoria
unha Gran Cruz lle foi acordada.

Ninguén como íl tal honor merecía,
pois, ao igual que o famoso Rey Sabio,
tan ben manexa, si quer o astrolabio
como compón a mellor poesía.

Gloria ao xuglar de Vilagarcía
nauta magnífico da «Nao senlleira»
o que da Musas traballa na leira
con mais proveito e maior avolentia.

Gloria ao cantor e ao home de Lei,
o que o Tesouro de Caldas topou,

que por poeta e por sabio ganou
a Grande Cruz de mais sabio rei.

Ao caro amigo Fermín Bouza Brey,
Xuglar e xuez na vila da Estrada,
mándalle a embora mais emocionada
o o exiliado e infeliz

Ben-Cho-Shey

En 1941, Bouza é nomeado Comisario de Escavacións Arqueolóxicas da provincia de Pontevedra, que compatibilizará co cargo de xuíz, un recoñecemento aos seus traballos e á súa autoridade na materia.

En 1942, abandona A Estrada coa súa familia ao ser destinado como xuíz a Santiago de Compostela, cidade coa que sempre mantivo unha especial ligazón por razóns persoais e familiares e, tamén, no eido da cultura.

Pero de todo o que levamos dito, albíscase xa que a actividade de Fermín Bouza Brey na Estrada non quedou reducida a administrar xustiza. Pola contra, non abandona en ningún momento a súa actividade cultural que, nalgúns aspectos, ten a nosa comarca e a algún estradense ilustre no eido das letras, como obxecto dos seus estudos. Recorda a súa dona, xa viúva, en 1992 nunha entrevista a *La Voz de Galicia*:

Incluso cando impartía xustiza investigaba. Estando de xuíz na Estrada, un día tralas declaracións nun preito, reuniu nunha dependencia as testemuñas,



Coa súa dona Emilia e co portugués Mário Cardoso no Pazo de Oca (A Estrada). - Foto cedida por Edicións Xerais

acusados e acusadores e foilles solicitando recordos, cantigas das súas aldeas, costumes, refráns... saíu satisfeitísimo con material extraordinario para o Cancioneiro que estaba preparando. Nunca paraba de investigar.

Nos primeiros anos na nosa vila prepara a edición da que é sen dúbida a súa principal obra literaria e unha das grandes obras da poesía galega do século XX,

Nao Senlleira, conxunto de vinte poemas que, a case totalidade, foron escritos na década dos anos vinte. O seu poema de cabeceira, que dá nome á obra, foi escrito na Estrada en 1932 e comeza:

¡Quén dera ser nao senlleira
n-aquel mar non presentido
das ja mergulladas terras!

Sen ceo, sen astros, sen vento,
Sempre â toa pol-as ondas
Deitado no esquecemento.

Este poemario marca o comezo da corrente coñecida como neotrobadorismo que, anos máis tarde, sería seguida por Álvaro Cunqueiro. Tamén nesta época comeza os seus estudos sobre a biografía e a obra de Rosalía de Castro, que continuará despois nos anos cincuenta. Redacta o traballo *La mitología del agua en el nordeste hispánico*, que lería como discurso de ingreso na Real Academia Galega, un discurso cun comezo cheo de lirismo no que, facendo referencia ao seu labor de xuíz daquela na Estrada, di: *en tanto consagraba las más ardientes horas de mi diario vagar al estudio de esta tierra cordial donde he nacido, en descanso de las ásperas labores de administrar justicia a que estoy dedicado con sencillez de corazón - in simplicitate cordis, según quiere el Libro de la Sabiduría-, he soñado, en verdad, alguna vez - ¡oh, grata esperanza de lo inaccesible! - con el honor de que me sumaseis a vuestro afán perenne como leales custodios del arte y de la ciencia de mi entrañable Galicia*. No ano 1945 participa nos Xogos Florais de Santiago obtendo o primeiro premio cun extenso poema, *Lo-uvores ó señor Sant-Yago*.



Fermín Bouza Brey do brazo de Carme Franco Polo, en 1945, con ocasión dos Xogos Florais de Santiago, nos que ela foi madriña e Fermín Bouza obtivo o primeiro premio.

Pero as súas obras con máis conexión coa nosa comarca desenvólvense no campo da investigación e dos estudos arqueolóxicos, prehistóricos e literarios, campos nos que o noso autor levou a cabo un fecundísimo labor, con Galicia como única destinataria. A Estrada aparece en, polo menos, 68 pu-

blicacións de Fermín Bouza Brey, tal como recolle a revista *Contrarretanca* no seu número especial das Letras Galegas do ano 1992.

Son especialmente salientables, no que A Estrada interesa, as seguintes obras: *Literatura popular da parroquia de Paradela; Folclore de San Andrés da Somoza; Valdaquinos de San Miguel de Arca; Castros da comarca de A Estrada; Ara romana inédita de Matalobos; Epígrafe funerario medieval, en ladrillo, de Orazo; A lagoa sagrada do monte de Olives; Insculturas cruciformes de Presqueiras-Focarey; Poesía galega inédita, de Marcial Valladares a Rosalía de Castro; Achegas para a bibliografía de Marcial Valladares como etnógrafo; Semblanza de Marcial Valladares*.

Finalmente, como peza singular da etnografía desta comarca, e pola súa curiosidade, reproducimos o inventario dunha casa labrega de San Nicolás, concello de Forcarei, ao que Fermín Bouza Brey tivo acceso por razón da súa actividade como xuíz a través dun caderno de partilla do ano 1910, e que publicou no número 99 de *Nós*, en xaneiro de 1932.

O reloxo
A caldeira de cobre
A machada e o machado
O balde grande
O caldeiro de cobre
A pota pequena
Gadaña, martillo e zafra
A galleta de ferro
A chocolateira de cobre
Unha bacenilla de barro
Unha lacena pequena
A pedra de afiar
Un banquiño
Un cepo de madeira
A touciñeira
O pote
Un angazo
A escada
Outro angazo
A cama
Outro angazo
O martillo de gallas

Os fuelles
O escanil con 3 caixóns
Un banco de respaldo
Unha sartén pequena
Un pote mediano
Dúas potas mellores
Un centro pequeno
Un crucifixo
A pa de enfornar
Un ladral
O garrafón
Un banco de respaldo vello
Unha cama mellor
A plancha das filloas
O potiño máis pequeno
Outra bacenilla de barro
A palanca de ferro
Outra pedra de afiar
A sacha
Dúas arcas
Unha manta farrapeira
Os zapatos e os zocos da difunta

Os dous mallos
 A mesa de tres caixóns
 A medida de medio ferra-
 do de centeo
 A medida de medio cuar-
 to de millo
 A artesa
 A lacena de sobre a
 parrumeira
 As dúas romanas
 A sartén grande
 O balde pequeno
 A xofaina
 As guinchas
 A gramalleira
 Un velón
 A lacena dos ganchos
 Un taboete de madeira
 Dous bancos de cociña

O cobertor
 Unha manta
 Unha colcha e un cabezal
 Duascentas arrobas de herba
 Vinte de palla centea
 Catorce ferrados de centeo en gran
 Tres de millo
 Doce de millo da última colleita
 Oito quintales de patacas
 o adibal
 As dúas sombrillas
 Outro mallo mellor
 A arca grande
 O restrelo do liño
 Un cepo de madeira
 Unha trepia

Ao respecto, di Bouza Brey:

Moito se presta o inventario precedente para facer comento respecto da nomenclatura de obxectos de uso cotián na nosa xente.

O feito de que en 1942 fose destinado de xuíz a Santiago e trasladase o seu domicilio familiar a esta cidade, non supón a súa desafección das terras e dos seus amigos da Estrada. Pola contra, será nos anos seguintes cando desenvolva unha actividade máis significativa a prol da nosa vila, poñendo de manifesto a súa grande estima por ela.

En 1957, cando xa deixara a carreira xudicial, escribe unha colaboración, a modo de pregón con ocasión das festas patronais da Estrada, que foi publicada en castelán no programa das festas dese ano. Dita colaboración, co título de "O meu pregón das festas da Estrada", todo el entusiasta de gabanzas ás terras da Estrada, di entre outras cousas:

En fin, as festas de alegría infinita, inxenuas e fragantes, con bo viño e polbo fresco de San Xorxe de Cereixo, de Santa Margarita de Callobre, das Dores

de Guimarey, da Consolación de Tabeirós, de San Paio na xoven Estrada, de Santa Paderna de Arnois. Visitei as igrexas, estudei os mosteiros, admirei os castelos, beixei as vellas pedras, abracei as nobres ruínas, acariciei os cruceiros abandonados, reunín os dispersos pergaminos, anotei as liñaxes, busquei a toponimia, disimulando o meu amor, escondendo o meu desexo, incitando a minha esperanza. E remata: Por aquí pasou Xelmírez coas súas hostes e os Altamira con as súas mesnadas. Tal vez veu Alfonso VII visitar os monxes de Acibeiro no seu retiro. Os irmandiños atacaron as fortalezas da Barreira e Tabeirós co seu furacán cívico. Nos amplos salóns de Oca se bailaron leves gavotas, e amou-se muito sob as avenidas de mirto dos pazos

En 1965 novamente fai unha colaboración para o programa das festas daquel ano, baixo o título de Festas nas Terras da Estrada, na que expresa a súa anguria pola falta dalgúns dos seus amigos, dicindo:

Fóronse indo moitos vellos amigos estradenses sin que no meu silencio adiviñasen a simpatía que me inspiraban as súas tramoias, as súas loitas, as súas pequenas traxedias na procura de un cargo local ou provincial; mais cando chega o tempo das festas e recibo os convites pra ir a elas, ponme door toparme sin don Manoel o perito, sin don Gonzalo o boticario... e quédome na casa. Vós que non tendes esta laña no corazón debedes de acudir a elas e conoceredes o ledo señorío propio do seu natural. Eu non podo, eu non podo...

Finalmente en 1970, xa enfermo, fai a última colaboración para as festas patronais, baixo o título Guía sentimental de A Estrada, publicada no programa das festas do mesmo ano, onde recolle:

Si o fado que preside os meus trafegos fixese doado que eu dispuxese de uns minutos cada día, adicariame a facer unha «Guía sentimental de A Estrada», fuxindo da friaxe que envolve as guías turísticas. Para compor a miña «Guía» non tiña senón que colleitar as novas que teño collidas quince anos arreo polas terras estradenses, porque elas dormen un sono, quezais eterno, nun cartafol que leva na cuberta o nome ben amado de esta vila nobre, por nova e por fecunda, que ten signo itinerante de andar e andar. A Guía non nata levaría as emocións de todas as terras da que A Estrada é testa visible, como a de Tabeiros, a de Vea, a de Montes e a de América, onde a emigrazón levou a tantos estradenses a deixar os seus sudores e a súa vida, dende o que foi notorio e relevante como Waldo Álvarez Insua,

hastra o que descansa no máis homildoso dos artegos da Chacarita... Precuraría que a miña Guía, en fin, fose latexante como un corazón, onde bulisen vellas memorias pantasmales; onde ecoasen os máis floridos días da historia estradense, en aqueles episodios de ventura ou desventura de poesía ou de misterio que gardo no meu cartafol, en sono quezais eterno, de maneira que se poidese, en oíndo a milla refenda parodiar aquela tríada que a miña amiga Xosefa Neira me ditou outrora:

Canta, canta meu amigo canta.
Para honrar as terras da Estrada
Non houbo mellor garganta.

Pero a relación de Bouza Brey coa Estrada a partir de 1942, en que abandona a nosa vila, non é só con ocasión das festas patronais. Pola contra, a súa disposición a colaborar co desenvolvemento cultural destas terras, ponse de manifesto a través da súa relación epistolar co seu amigo Mario Blanco Fuentes, na súa etapa de alcalde, unha disposición que, sen dúbida, aparece perfectamente documentada. Por outra banda, dan conta do afecto e amizade de Bouza Brey co alcalde, as cariñosas dedicatorias que lle fai nalgunhas das súas obras.

En agosto de 1959, o Gobernador Civil de Pontevedra nomea alcalde da Estrada a Mario Blanco Fuentes, o único alcalde, que se saiba, que durante a ditadura franquista acepta este cargo para servir o seu pobo, pero se nega a asumir o, entón inherente á alcaldía, de xefe local do movemento, circunstancia esta que obrigou ao Gobernador Civil a facer unha excepción e nomear a outra persoa para este cometido. Con ocasión do nomeamento, Fermín Bouza Brey remítelle a Mario Blanco unha carta de felicitación na que lle di, entre outras cousas:

Hoxe en que me veñen a lembranza todos aqueles dos teus que se foron para sempre, grandes espíritos eles, chámote "Marito" como entón. Si eles vivisen verían no teu nomeamento de Alcalde o trunfo do ben sobre da ruindá, da honradez sobre da rapiña, do espírito sobre da materia. Despois de dar a volta a roda sobre das inmundicias, a agulla parouse no que trunfa sempre: A bondade, a lealdade, o traballo de boa lei.

Eu sabía que ías a ser nomeado; mais non quixen adiantarme. Iñoraba si te aquecía, si calesquera volta de baixa política te desbotaría ao cabo. Agora vin o "Faro" e recibín o teu comunicado que tanto agradezo. Deus che dea tino e sorte, que desexo de acertar e principios de bonhomía telos desde que naciches.

Tanto a miña muller como eu recibimos a nova con grande ledicia. Saca avante a economía local e despois... podes facer moito por honrar aos fillos ilustres da Estrada, ao propio país, pois D. Marcial Valladares está pedindo un homaxe e a bisbarra isa quere tamén un libro que puidera ser a «Guía turística e sentimental da Estrada e a súa comarca», patrocinada polo Concello da túa presidencia.

Nesta misiva, que destila amizade e ledicia polo nomeamento de Mario Blanco,ponse tamén de manifesto a preocupación de Bouza Brey polo desenvolvemento

FERMÍN BOUZA-BREY TRILLO
DOCTOR EN CIENCIAS HISTÓRICAS
ABOGADO
De los Nombres Colegios de Santiago y La Coruña

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa del Villar, 43-2.
Tel. 1888

5-VIII-1959
Sr. D. Mario Blanco Fuentes
LA ESTRADA

Carísimo Marito:

Pra min aínda eres aquel rapaz afectuoso e pensatibre que eu conecín nos anos amargurados pra quen che dou o ser. Por iso hoxe, en que me veñen á lembranza todos aqueles dos teus que se foron pra sempre, grandes espíritos eles, chámote "Marito" como entón. Si eles vivisen verían no teu nomeamento de Alcalde o trunfo do ben sobre da ruindá, da honradez sobre da rapiña, do espírito sobre da materia. Despois de dar a volta a roda sobre das inmundicias, a agulla parouse no que trunfa sempre: a bondade, a lealdade, o traballo de boa lei.

Eu sabía de que ías a ser nomeado; mais non quixen adiantarme. Iñoraba si te aquecía, si calesquera volta de baixa política te desbotaría ao cabo. Agora vin o "Faro" e recibín o teu comunicado que tanto agradezo. Deus che dea tino e sorte, que desexo de acertar e principios de bonhomía telos desde que naciches!

Tanto a miña muller como eu recibimos a nova con grande ledicia. Saca avante a economía local e despois... podes facer moito por honrar aos fillos ilustres da Estrada, e ao propio país, pois D. Marcial Valladares está pedindo un homaxe e a bisbarra isa quere tamén un libro que puidera ser a "Guía turística e sentimental da Estrada e a súa comarca", patrocinada polo Concello da túa presidencia.

Saudos moi afectuosos aos teus, e si ti chegas a saber

que eu podo serche de algunha utilidade no teu cárrago, non dubides en utilizarme con aquela vella espiritualidade que nos vincula, na seguraza de que sempre te lembra con cariño quen agora che felicita e aperta cordialmente

económico da comarca e pola figura de Marcial Valladares que tiña estudado na súa etapa estradense, publicando no ano 1970 a súa descrición biográfica no *Boletín* da Real Academia Galega.

En 1963, remesa unha nova carta ao alcalde, na que lle dá conta da publicación no vespertino *La Noche* dun artigo seu sobre a figura de Marcial Valladares e a iniciativa da creación dun instituto co seu nome, que pretendía fose tratado no Instituto de Estudos Galegos «Padre Sarmiento», naquel momento baixo a presidencia de Sánchez Cantón. Comunica a Mario Blanco que tres académicos de número da Galega, entre os que el mesmo se atopa, tiñan elaborado un resumo da vida do escritor estradense para ser tratado no Pleno da institución, coa pretensión de que se lle dedicase a Marcial Valladares un día das Letras Galegas.

FERMÍN BOUZA-BREY TRILLO
DOCTOR EN CIENCIAS HISTÓRICAS
ABOGADO
De los Ilustres Colegios de La Coruña y Santiago

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa del Villar, 43-2.
Tel. 1888

6-VIII-1963
Sr. D. Mario Blanco Fuentes
LA ESTRADA

querido amigo Mario:

Como habrás visto en LA NOCHE, sobre la marcha de tu carta he dado un primer golpe al asunto del INSTITUTO MARCIAL VALLADARES en la reunión del de Estudios Gallegos, bajo la presidencia de Sanchez Canton y para que la prensa diese ya un avance haciéndose eco de la pretension.

Ahora te envío una copia del escrito que enviamos tres académicos de Numero a la Gallega para que tengas tambien un pequeño resumen de la vida del escritor que se quiere homenajear y lo utilices en su día. Va lo mas escueto posible, pues si no se lee arriba. Los Académicos firmantes seremos Fraguas, Chamoso y yo, y si tardase en venir Chamoso por aquí, lo sería cualquier otro. Saludos a Espinosa y demas amigos y tambien muy afectuosos para Mundo y los tuyos.

Para ti fuerte abrazo del viejo amigo

Finalmente, e en relación con este mesmo asunto, o día 8 de xullo de 1968, Bouza Brey comúncalle ao alcalde que na derradeira xuntanza da Academia Galega se tratara da designación da personalidade a que se lle dedicará o día das Letras Galegas do ano 1970 e que trunfara a súa proposta de ser Marcial Valladares o homenaxeado. Tamén se lle facía saber que debería asentarse no pobo unha lembranza da figura ilustre das nosas letras. A tal efecto, constitúese unha comisión formada polo presidente da RAG Sebastián Martínez-Risco, García

ERMÍN BOUZA-BREY TRILLO
DOCTOR EN CIENCIAS HISTÓRICAS
ABOGADO
a los Ilustres Colegios de La Coruña y Santiago

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa del Villar, 43-2.
Tel. 5818 88

8-VII-1968
Sr. D. Mario Blanco Fuentes
LA ESTRADA

Meu caro amigo Mario:

Na xuntanza derradeira da Academia tratouse da perspalidade que habería de ser conmemorada pra o Día das Letras Galegas do ano vindeiro. Houbo diversas propostas, mais trunfou a miña de ser don Marcial Valladares o Homenaxeado.

Agora ben. Como o propósito da Academia é que nos pobos galegos se asente unha lembranza da figura ilustre das nosas letras e levar ó pobo o coñecimento do fillo da Galicia que se honora, compre ter unha xuntanza pra determinar o que compre facer. Pra iso nomeou se unha Comisión formada polo Presidente Risco, G. Sabell e mais eu que se puxese de acordo ca Alcaldía de Estrada pra pór un día e xuntarnos. Encarregado eu de pedirche día e hora, así como logar, fágoo pedindo que me digas cando podería ser esta xuntanza contigo como Alcalde, ou con quen be represente ou represente á Corporación Mpal.

Unha vez feita por ti a proposta de día, hora e logar, escribiríralle a Risco e falaría con Sabell pra ver si lles conviña ou me viña ben a min mesmo. E isto é todo.

Agardo, pois, as tuas letras e coído chegaremos a bon fin pra conmemorar ó fillo da comunidade estradense. Gracias pola felicitación. Saúdos a todos e unha aperta do vello amigo

Sabell e o propio Fermín Bouza Brey. En consecuencia os empeños do alcalde Mario Blanco e do académico Bouza Brey conseguen que se dedique a Marcial Valladares o Día das Letras Galegas de 1970, e se levante nos xardíns municipais, preto do Concello, un monolito que recorda ao escritor, que foi inaugurado o día 17 de maio daquel ano baixo a presidencia do alcalde Mario Blanco, coa asistencia, entre outros, de Bouza Brey, Martínez-Risco e García Sabell, coa bandeira galega como testemuña.

No ano 1960 remítelle outra carta ao alcalde Mario Blanco na que lle di atender a súa demanda e enviarlle algúns das máis importantes costumes dese Concello. O documento que Bouza Brey di *enviar aparte para que o alcalde llo entregase a alguén que non se identifica na carta, non foi localizado se ben o seu destinatario puido ser Antón Fraguas.*

Pero existe constancia escrita doutra contribución de Fermín Bouza Brey á promoción da actividade cultural na Estrada. En 1970, a Corporación Municipal acorda crear unha bolsa dotada con 25.000 pesetas para facer un estudo-catálogo de toda a riqueza histórica e monumental do municipio, incluídos arquivos parroquiais e privados que puidesen ter interese histórico.

9-III-966
Sr. D. Mario Blanco Fuentes
LA ESTRADA.

Meu caro amigo Mario:
Trafegos, viaxes e doenzas tiveron detida
hastra de agora a miña resposta á tua saudación, con mais o pedido anexo
relativo ós costumes de ise Concello.
Son moitísimas as cousas que se podían aportar, pro somentes
envío aparte algunhas mais importantes a fin de que llas poidas en-
viar, chamando a atenzon especialmente sobre de algunhas.
Non me deteño mais pra que a demora non se alongue.
Recibe apertadas afectuosas con saúdos pra os teus do vello ami-
go

Nesta mesma sesión plenaria, acordouse tamén constituír unha comisión para redactar as bases do premio, composta polo alcalde que a presidiría, o presidente da Real Academia Galega ou persoa en que delegase, o director de Instituto de Estudos Galegos «Padre Sarmiento» ou membro en que delegase, o director do Museo de Pontevedra, o director do Instituto de Ensino Medio da Estrada, o arcipreste de Tabeirós e como secretario o da Corporación Municipal. Malia a existencia deste acordo, o certo é que as bases foron elaboradas por Fermín Bouza Brey, tal como resulta do contido da súa carta dirixida a Mario Blanco o día 11 de xullo do mesmo ano 70. Nesta carta, Bouza di que achega as bases que elaborou segundo o acordo da sesión municipal e propón algunhas modificacións con respecto ao mesmo. Igualmente lle comunica que xa llas leu a Fraguas que mostrou a súa conformidade, se ben propoñendo que o catálogo se fixese por encargo directo e non por concurso.

III.- UNHA ETAPA DE TRISTURA

Pero se a vida de Fermín Bouza nesta vila non foi sempre un camiño de rosas, unha vez abandona A Estrada, e xa despois do seu ascenso a maxistrado co primeiro destino en Pontevedra, comeza para el un verdadeiro calvario, sentíndose traizoado por algúns compañeiros e amigos. No ano 1947, un ano despois de chegar a Pontevedra, recibe unha nova e importante condecoración, esta vez, a



EXCMO. AYUNTAMIENTO
DE
LA ESTRADA
(PONTEVEDRA)

DON JOSE ANTONIO ARMESTO RODRIGUEZ, Secretario del -

Excmo. Ayuntamiento de LA ESTRADA (PONTEVEDRA). -----

Negd.*

Ref.*

Núm.*

CERTIFICA: Que el Ayuntamiento Pleno en sesión ordinaria celebrada el día veintisiete de Abril último ha adoptado entre otros, el siguiente acuerdo: -----

"2ª.- MOCION DE LA ALCALDIA SOBRE CREACION DE UNA BECA PARA ESTUDIOS HISTORICO-ARTISTICOS DEL MUNICIPIO.- Se de lectura al Pleno de la Moción presentada por el Sr. Alcalde en la que se indica la conveniencia de crear una Beca para estudios histórico-artísticos, al efecto de descubrir y conocer aquellos monumentos de interés que indudablemente existen en el término municipal de La Estrada. Lo cual constituye una obligación y atribución de los Alcaldes según dispone el párrafo j) del artº 101 de la Ley de Régimen Local y artº. 121 párrafo 11 del Reglamento de Organización. Propone el Sr. Alcalde que la Beca sea dotada con 25.000.- pesetas y que se designe un Tribunal bajo la Presidencia del Sr. Alcalde al efecto de redactar las bases de un concurso, especificando los estudios y trabajos a realizar y que resuelva sobre quien ha de ser la persona elegida, que a ser posible sea estudiante de Filosofía y Letras de la Universidad de Santiago o del Seminario Conciliar, cursando el último año de carrera. El indicado Tribunal tendría como Vocales al Presidente de la Real Academia Gallega o Académico en quien aquél pueda delegar; el Director del Seminario "Padre Sarmiento" de Estudios Gallegos o miembro en quien delegue; el Sr. Director del Museo de Pontevedra o persona en quien delegue; el Sr. Director del Instituto de Enseñanza Media de esta Villa y el Sr. Arcipreste de Tabeirós, actuando como Secretario el de esta Corporación. Los trabajos realizados serían propiedad del Ayuntamiento. Igualmente se propone solicitar del Eminentísimo y Reverendísimo Sr. Cardenal-Arzbispo de Santiago que para el mejor cometido de la persona investigadora, se interesase de los Sres. Curas Párrocos, facilidad de acceso a los Archivos parroquiales.- -----

"Vista la anterior Moción del Sr. Alcalde-Presidente el Pleno acuerda por unanimidad:-----

"Primero.- Crear una beca dotada con 25.000 pesetas para hacer un estudio catálogo de toda la riqueza histórica, artística y monumental del municipio, incluidos Archivos parroquiales y privados que puedan tener interés histórico, facilitando este Ayuntamiento transporte desde esta Villa a las diversas parroquias a la persona elegida.- -----

"Segundo.- Que el Tribunal que se encargue de redactar las bases del concurso, otorgar la beca y aprobar la calidad del trabajo efectuado se componga de las personas que propone la Alcaldía en su Moción, a las que el Pleno ruega encarecidamente acepten el cargo.- -----


"Tercero.- Facultar ampliamente a la Alcaldía-Presidentencia para que, de acuerdo con dichas personalidades se redacten las bases del concurso y una vez confeccionadas se anuncie

el mismo, facultando igualmente a dicho Tribunal para aprobar el trabajo una vez efectuado, si lo estima completo. =

"Cuarto.- Con envío de testimonio de este acuerdo se suplica al Sr. Cardenal-Arzbispo de Santiago que los Sres. Cofrades Párrocos del Municipio den facilidades de acceso a los Archivos parroquiales a la persona elegida para llevar a cabo este estudio. =

"Quinto.- Que el trabajo-estudio que se haga quede propiedad de esta Corporación con facultad de editarlo si lo creyere oportuno." =

Y para que conste, extiende la presente certificación, de orden y con el Vº. Bº. del Sr. Alcalde-Presidente, en la Villa de La Estrada a nueve de Mayo de mil novecientos setenta. =



Cruz distinguida de San Raimundo de Peñafort, aínda que non se trate do maior galardón do Estado español para premiar o labor no ámbito do Dereito –como se afirma nalgunha biografía– pois a máxima condecoración para premiar o labor xurídico é a Gran Cruz. En calquera caso, a concesión desta distinción, ademais dos seus méritos como xurista, premia especialmente a súa participación nos actos programados con ocasión da visita a Galicia do ministro de Xustiza como delegado do xefe do Estado na ofrenda ao Apóstolo daquel ano, circunstancia esta que confirma José Carro Otero quen fora un dos seus amigos. Segundo Cuña Novás, será esta distinción a que desperte a envexa dos seus inimigos, o mesmo políticos que persoais, sendo, polo tanto, o punto de partida dos problemas e conflitos que o afastarán da maxistratura en 1952, tras un procedemento de expulsión.

É precisamente no seu destino de Pontevedra como maxistrado da Audiencia Provincial, onde foi denunciado por cuestións de índole persoal e política, ao pouco de recibir a Cruz de San Raimundo de Peñafort. A súa dona diría con amargura, uns anos despois: *Na Audiencia tiña bos amigos pero tamén bos inimigos, entre estes últimos estaba o Presidente e outro Maxistrado que non pararon ata que o derrubaron.* Coincidindo tamén coa súa estancia na Audiencia, Celso Emilio Ferreiro, a quen Bouza Brey axudara nalgunha ocasión, compón unha copla de mofa dirixida a este, que chega a circular por Pontevedra para satisfacción dos

seus inimigos. Como consecuencia da denuncia e apertura do expediente, no ano 1948, no que nace o seu último fillo José Luis, trasládase a Lleida, coa idea de pedir a excedencia como maxistrado para dedicarse a avogacía en Santiago, segundo comunica a algún amigo, pero finalmente non o fai.

En 1951 trasládase a Oviedo. Neste mesmo ano, o seguinte ao da morte de Castelao naquela cidade, Fermín Bouza Brey fai unha viaxe a Bos Aires onde mantén encontros en distintas institucións da colectividade galega e na universidade. No Centro Galego pronuncia unha conferencia de claro matiz galeguista. Esta circunstancia unida á colocación, ao parecer, dunha bandeira galega no salón e a ausencia da bandeira española, dá aos seus inimigos o pretexto definitivo para acusalo de galeguista e pechar o expediente coa súa expulsión da carreira xudicial, feito que acontece no ano 1952.

FERMÍN BOUZA-BREY TRILLO
DOCTOR EN CIENCIAS HISTÓRICAS
ABOGADO
Los Ilustres Colegios de La Coruña y Santiago

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa del Villar, 43-2.
Tel. 581888

11-VII-970
Sr. D. Mario Blanco Fuentes
A ESTRADA.

-5-

Querido Alcalde e amigo:

Elaborei isas bases que lle adxunto, tomando por fundamento o Acordo da sesión municipal cuio certificado me foi remitido, encol do concurso pra a beca. Algunha variante que, dentro de aquelas normas xéreas, se consiña pode e debe ser discutida na xuntanza que teñamos, pois foi feita tomando por base que, realmente, dado o grande número de parroquias que ten o municipio, non resulta o importe da beca moi importante. Por outra banda, non se pode impedir, senon o contrario, que algun concursante queira facer tamen as plantas dos moimentos e neste caso pode asociar a algun que sepa de isto, ou callsquera outra laboura que elixa un axudante.

Tamen deixei en branco certos extremos de datas e de percepción do importe de beca pra fixar na xuntanza.

O Fraguas, a quen lle leu ditas bases, mostrou a súa conformidade e nada oixetou, inda que é partidario de que o catálogo logo se fíxese mellor por encargo directo que por concurso.

Nada mais senon agardar as tuas novas.

E con saúdos aos teus, así como aos componentes do Concello e demais amigos, cho manda unha aperta, teu de cote amigo (e vello amigo)

A handwritten signature in black ink, appearing to be "Fermín Bouza Brey".



Fermín Bouza Brey en Sala na Audiencia Provincial de Pontevedra. Foto cedida por Edicións Xerais

A partir de aquí, Bouza Brey coñecerá momentos de penuria económica e de soidade. O que máis lle doe é o illamento por parte de moitos dos que ata entón parecían ser seus amigos, circunstancia que o sume nunha tristura que se pon de manifesto no seguinte

texto dunha carta a Álvarez Blázquez en 1956, ano no que se colexia como avogado en Santiago: *Filosofei dabondo en col de este tema e, aunque non sexa moi ortodoxas as miñas conclusións, paréceme que o que hai que reformar é o pensamento e o uso que nos dan feito dende que nacemos. Coa canseira túa e a miña, coa intranquilidade da vida actual, non se pode facer nada que encha o espírito. Está baleiro e vaise. Desexa irse, Quere desvencellarse canto máis antes.* Porén, Fermín Bouza Brey recuperaríaa a alegría, xunto á súa familia, tras o nacemento dos seus netos.

Finalmente, Bouza Brey, fina o día 11 de xuño de 1973, ano no que se cumpren cincuenta da creación do Seminario de Estudos Galegos, no que el tanto tivo que ver. Diría dona Emilia tras o seu pasamento que *Fermín deixou tres grandes cousas na vida, a súa poesía, a súa obra de investigación, que toda ela ten por norte o amor a Galicia, e a súa familia.* Os seus restos repousan no panteón familiar en Cortegada de Miño, vila na que tamén se conserva a súa biblioteca, mobles e despacho, na casa *Nao Senlleira*.

En 1991, tras o acordo de dedicarlle o Día das Letras Galegas do ano seguinte, a Real Academia escolle Cortegada de Miño como sede dos actos oficiais, fronte a Ponteareas e Vilagarcía. O Alcalde da vila, Enrique Carpintero, ao ter coñecemento desta designación declara publicamente que o Concello non participará nos actos, porque o homenaxeado non era de alí e nunca fixera nada pola localidade. Unha semana máis tarde, e

Das conferencias pronunciadas en Bos Aires, a da Casa de Galicia (na páxina, borrador) serviu para que Bouza vise nela a razón do seu cese, que, segundo Dona Emilia, se produciu en 1952. Neste ano, a sete meses do seu regreso da Argentina, Bouza escribelle a Xosé María Álvarez Blázquez e explicalle, "(Teño) preocupacións de traballo e de índole política. (...) Trouxen de América unha espiña no corazón. Nada digas do que che conto, senón ao teu amigo del Riego. ¡Verás! Un señor Delegado de Cultura da Embaixada (non o 'Agregado Cultural') que coído é o Xefe da F. E. no Exterior, invitoume ao saír da miña conf. na Univ. de Bs. Aires a subir ao seu coche pra me levar á casa pois eu fora a il presentado pol-o M. de Lozoya. Pol-o camiño díxome que eu tería grave desgosto por ter dado unha conf. no 'Centro Galego' porque iste non leva relacións coa Embaixada. (Respondínlle) que non-o sabía e que ninguén me avisara ren; mais ao voltar e irme a despedir repiteu o mesmo ca miña protesta. Mais o certo é que estou baixo isa acusazón a través de dous Ministerios, Asuntos Ext. e Gobernación, que (apurán) ao de Xustiza: galeguista, campaña no estranxeiro, enlace (...) ... e máis o que che vai n-ise papeliño aparte".

Texto dunha misiva enviada por Bouza Brey a Xosé María Álvarez Blázquez tras a súa viaxe a Arxentina. Foto cedida por Edicións Xerais

tras unha entrevista co presidente da Xunta Manuel Fraga, o alcalde de Cortegada cambiou de opinión, rectificando publicamente as súas palabras.

IV.- HONRAS PARA UN ESTRADENSE DE CORAZÓN

Na Estrada, esta efeméride tivo a repercusión e o recoñecemento que Fermín Bouza Brey merecía. O Concello, en colaboración coa Asociación Cultural A Estrada e a Asociación de Fillos e Amigos da Estrada, dedican unha semana á figura de Fermín Bouza Brey, entre os días 11 e 14 de maio, na que ademais do seu amigo e ex alcalde Mario Blanco Fuentes, interveñen os catedráticos composteláns Carlos Amable Baliñas e Fernando Acuña Castroviejo, o secretario do Instituto de Estudos Galegos «Padre Sarmiento» José Carro Otero, o etnógrafo José Manuel González Reboredo, o subdirector do Museo do Pobo Galego Carlos García Martínez, Manuel María, Teresa López, Francisco Rodríguez, Dorinda Castro, Fermín Bouza Álvarez, Miguel Anxo Fernán-Vello, Ana Romani, Carlos García Martínez e Manuel Reimóndez Portela. Renden homenaxe e glosan a figura e a obra de Fermín Bouza Brey.

Pero ademais de achegar un contributo importante á difusión da figura e obra de Bouza Brey, o Concello da Estrada, neste mesmo ano de 1992, quixo que o seu nome quedase unido para sempre á nosa vila e para tal efecto, en maio do mesmo ano, a Corporación Municipal presidida polo alcalde Jesús Manuel Tallón Maceria, da que formaba parte o tamén alcalde actual José Antonio Dono López e eu mesmo, acorda dar o nome de Fermín Bouza Brey á rúa número 18 do plano urbanístico, honrando así a súa figura e a súa obra, e recordando a súa vinculación a Estrada como xuíz de Primeira Instancia do noso partido xudicial, e á súa vocación de estradense de corazón, vila da que diría en 1957, *terra de promisión para os espíritos selectos, non te esquecín xamais.*

BIBLIOGRAFÍA UTILIZADA

- Fermín Bouza Brey. Unha fotobiografía.- Edicións Xerais
- Contrarretanca.- Revista Cultural Estradense

ANTONIO PLATAS TASENDE
DECANO DO COLEXIO DE AVOGADOS
DA CORUÑA

FERMIN BOUZA BREY
Xuíz, AVOGADO, POETA, ERUDITO...

**A XUSTIZA E O EXERCICIO PROFESIONAL
DO DEREITO NA DÉCADA DOS 50-60**

A pouco que afondemos no estudo da vida e obra de Fermín Bouza Brey ao que se lle dedicou, con todo merecemento, o Día das Letras Galegas no ano 1992, decatámonos de contado da grandeza humana do persoeiro e os seus logros.

Poucas persoas tiveron que aturar e superar -e nisto último radica a súa maior grandeza- tantas adversidades e infortunios por mor das circunstancias históricas e políticas do seu tempo, carente de liberdades democráticas e mergullado nunha situación de represión e de censura absoluta.

Licenciado en Dereito moi novo, premio extraordinario de fin de carreira, ingresou na carreira xudicial no ano 1926. Licenciouse igualmente en Filosofía e Letras e o seu afán investigador levouno a profundizar nos estudos de Prehistoria e Arqueoloxía nunha época socio-política chea de eivas, dificultades económicas, carencia de subvencións e oposta á permisividade do estudo da singularidade de Galicia. Nese clima negativo salienta a súa presenza na fundación do Seminario de Estudos Galegos, figurando na súa acta fundacional de 23-10-1923 a súa sinatura e, entre outras, as de Filgueira Valverde, Francisco Romero Lema, Armando Cotarelo Valledor...

Compróbase como a una idade moi temperá ten xa moi vivas inquedanzas que permanecerán durante toda a súa vida, presidíndoa.

Foi obxecto de expedientes administrativos que o arredaron varias veces do exercicio da xudicatura por períodos temporais, máis ou menos longos, deica a persecución que rematou en 1952 coa defenestración da xudicatura de forma irreversible, sendo marxinado en todos os ámbitos polo seu galeguismo activo, relacións con compañeiros que xa estaban no exilio...

Chegouse a prohibirlle, na súa faceta literaria, publicar en España, o que deu lugar a que tivese que facelo en Portugal. A súa erradicación da xudicatura derivou a súa actividade cara o exercicio da avogacía que lle permitía atender economicamente a súa familia, desenvolvendo este labor fundamentalmente en Santiago de Compostela onde falecería en 1973, no medio da indiferenza dos seus contemporáneos eruditos, temerosos pola situación de represión política imperante. Xusto é dicir que sempre contou co apoio de Don Ramón Otero Pedrayo.

Non é de estrañar, como quedou dito ao principio desta exposición, que un sinta admiración pola traxectoria de Fermín Bouza Brey capaz de superar tanta desventura e incompreensión sen deixar de acrecentar os seus coñecementos científicos, investigar todo o concernente á Prehistoria e Arqueoloxía de Galicia,

incorporarse ao Instituto de Estudos Galegos, Padre Sarmiento, estar presente desde 1941 na Real Academia Galega, un ano máis tarde na Real Academia de Historia e colaborar en distintos medios de publicación da época, sen deixar nunca de cultivar a súa faceta literaria con distintas achegas e colaboracións poéticas conseguindo mesmo premios en diversos certames.

Non pode dicirse que tivese un camiño na vida sen obstáculos e foi nesta escola do sufrimento onde soubo sempre superarse para loitar contra o desacougo que o rodeaba permanentemente.

Os expedientes, as inhabilitacións, a expulsión da carreira xudicial, as extremas dificultades para as súas investigacións científicas están reflectidas no poema “Candea Eterna” do seu libro de poemas “Seitura” publicado en Portugal en 1952; nos seus versos iniciais fala de silencios e de medos:

*“A longa das somas afumadas de dúbidas
Cíngue-me neste mar de sonos e silenzos.
Meus sensos agriloados por astraes cadeas
Non saben derrubar os ídolos do medo”.*

Defenestrado, como dicimos da xudicatura, nunha situación de abafamento social e represiva desenvolve o seu labor como avogado en Santiago de Compostela durante vinte anos, sen descoidar en absoluto as súas investigacións, tarefas e traballos científicos sobre a súa querida terra galega. Non cabe dúbida de que o tamaño da cruz que estaba soportando era a propia medida da súa grandeza.

Nesas circunstancias que sentimento lle farían aqueles versos que tempo atrás escribira Curros Enríquez, nunha situación similar:

*“Oh tierra de mis padres, tierra esclava
Tu redención es huésped que no llega
Sol esperado en noche que no acaba”*

A avogacía nos anos 1950-1960 ofrecía evidentes singularidades onde é obvio, que o autor deste artigo envorca inevitablemente os seus coñecementos e o subxectivismo propio do que tamén exerceu a avogacía posteriormente durante case cinco décadas. Aínda que a Xustiza, con maiúscula, na súa acepción e concepto segue a ser a mesma nese período, no actual, ou na Roma de Xulio César, non hai dúbida de que o exercicio, o procedemento, a tipoloxía de accións, a bibliografía sufriron ao longo dos tempos un cambio considerable. Abonda mencionar a informática, internet, bases de datos, medios técnicos, modificacións legislativas substanciais en todos os campos do Dereito.

Pero se hai algo que non me resisto a mencionar é a aparición das fotocopiadoras. Feito que supuxo un cambio radical na axilización dos procedementos. Lembro as longas xornadas de copia dos procuradores para daren traslados ás partes de demandas, documentos, certificacións, periciais... o que imposibilitaba, ás veces, as formulacións rápidas das demandas e dilataba a súa presentación, despois de confeccionadas, durante meses. Sirva de exemplo a copia dunha certificación literal de matrimonio, nacemento ou defunción, inmersa nunha testamento con dez herdeiros... ben deitamos que a Lei de Axuizamento Civil de 1981 incorporou un artigo que non esixía copia cando os documentos tiñan máis de vinte e cinco folios. Todos os que xa temos unna certa idade e lembramos aqueles anos non esqueceremos o papel de calcar. Botemos unha ollada agora, na época actual, onde un dos grandes retos del Ministro de Xustiza é a comunicación telemática das resolucións xudiciais ou do íter procesual dos procedementos, directo dos Xulgados aos despachos profesionais, e viceversa.

En Santiago de Compostela había só un Xuíz- Maxistrado, abondo para atender a litixiosidade da cidade. Os Xulgados estaban situados no Pazo de Raxoi, no primeiro andar, e durante un mes ao ano celebrábanse xuízos importantes desprazándose a Audiencia da Coruña para celebralos en dita cidade co obxecto de que puidesen asistir os alumnos da facultade de Dereito. Aínda lembramos a presenza dos Maxistrados da Coruña, dos funcionarios da Sala, especialmente Penal, e mesmo de actuacións singulares, como avogado, dalgún Catedrático da Universidade que actuaba no Foro: Jordano Barea, por exemplo.

Nese contexto, desenvolvía a súa profesión de avogado Fermín Bouza Brey desde o ano 1952 ata o seu pasamento compaxinándoo, como queda dito, cos seus estudos e investigacións científicas, e a súa presenza e traballos no Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos.

Certo que, en tal década, a tipoloxía dos asuntos distaba moito de semellanzas coa época actual, onde houbo unha enorme variación nos textos legislativos e, xa que logo, nos procedementos. A chegada dos problemas de circulación (hoxe constitúen un 40% dos asuntos que se tramitan nos Xulgados), os delitos informáticos, protección de datos, competencia desleal, nova Lei Concursal, Propiedade Intelectual, delitos contra a saúde pública, violencia de xénero, etc...

Cómpre salientar que os avogados que sobreviviron a Fermín Bouza Brey, e que tiveron no seu tempo preitos con el, refírense ao seu compañeiro falando de gran competencia profesional e excelente compañeirismo.

Á súa faceta de avogado en exercicio uníase o seu compromiso con Galicia estudando a súa Arqueoloxía e Prehistoria e ao mesmo tempo sen ningún descoído da súa faceta como creador literario deixándonos unha ampla obra poética, colaboracións en entrevistas e medios de comunicación e presenza constante e activa no Instituto Padre Sarmiento, todo isto conceptúao como un avogado erudito, humanista de primeira orde.

Coincidíu no tempo con figuras da avogacía de dimensión tamén trascendente en Galicia: Don Manuel Iglesias Corral, Pedro González López, Sebastián Martínez Risco, entre outros. A maior grandeza destes profesionais radicaba, desde logo, en que exercían nunhas circunstancias difíciles pola ausencia de liberdades democráticas e a existencia de leis de represión: masonería, comunismo, bandidaxe...

Manuel Iglesias Corral foi avogado e Decano do Colexio de Avogados da Coruña desde 1963 ata 1987 así como presidente vitalicio da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación. A súa vida dilatada no tempo tivo ademais facetas diversas, compatibles co exercicio profesional: concelleiro republicano, alcalde da Coruña en 1932, Deputado en 1933, Fiscal Xeneral da República en 1936 e logo de corenta anos de silencio obrigado, Senador e Deputado en varias lexislaturas. Era un gran orador e impartiu conferencias por toda a xeografía nacional e mesmo no extranxeiro. Co seu particular historial político non hai dúbida de que o factor sorte estivo presente permitíndolle sobrevivir coa chegada do réxime político ulterior á finalización da guerra.

Pedro González López foi, mesmamente, un gran avogado, un excelente orador e un exemplo de honradez e coherencia política na defensa dos intereses galeguistas. Aínda nos sobrecolle a lembranza do seu pasamento no Pazo de Xustiza de Lugo coa toga posta.

Sebastián Martínez-Risco, nado en Ourense en 1899, rematada a carreira de Dereito gañou as oposicións a xuíz, exercendo a xudicatura ata que pediu a excedencia e se dedicou á avogacía sendo un dos letrados máis prestixiosos e activos en Galicia durante veinticinco anos. Fundou e dirixiu o Ateneo de Lugo, organizou múltiples encontros culturais e presidiu a Real Academia Galega nun período no que se institucionalizou o Día das Letras Galegas. Tivo unha ampla produción literaria de poesía e ensaio. Na derradeira etapa da súa vida regresou á carreira xudicial con destino na Audiencia de Girona. Faleceu o ano 1977.

Na década á que aludimos constantemente, os procesos que gozaban de celebridade estaban esencialmente adscritos ao campo Penal, xa que non tiñan cabida, pola censura imperante, para a presenza nos medios de comunicación, de noticias que fosen contrarias ao réxime político existente. Deste xeito, só a través dos periódicos de Galicia podiamos ter coñecemento dos asuntos xudiciais que autorizara a censura.

Desde logo, o asunto de maior trascendencia foi a captura, proceso e execución a garrote vil de Benigno Andrade “Foucellas” que se convertiu nun personaxe lendario; o seu xuízo tivo lugar na Agrupación de Sanidade Militar da Coruña o 26 de xuño de 1952 actuando perante o Tribunal Militar correspondente no Consello de Guerra como Fiscal, Don Balbino Teijeiro Piñón, que posteriormente exerceu a avogacía, e como defensor Don Benito Rivas Pichel, ámbolos dous persoas moi vencelladas á Coruña e a súa cidade.

A sentenza ditada polo tribunal militar condenou a morte a Benigno Andrade “Foucellas” e foi executado o 7 de agosto dese ano (1952).

O control dos medios de difusión non permitiu coñecer con amplitude as circunstancias que rodearon o xuízo e a morte do personaxe. Posteriormente coa restauración das liberdades democráticas e a consulta dos arquivos a vida e morte do guerrilleiro “Foucellas” foi xa moi coñecida a través de publicacións que a recollen amplamente.

Benigno nacera nunha aldea chamada As Foucellas do concello de Curtis o 22 de Outubro de 1908. Lémbraelle como extrovertido, ledo e simpático. Traballou no campo e na mineiría e no ano 1936 ao producirse a sublevación militar contra a República tomou partido na defensa da legalidade daquela vixente, polo que finalizada a guerra, uníuse a outros compañeiros actuando nas zonas de Curtis e Ordes durante anos. Para a súa execución, ditada a sentenza, houbo necesidade de facer vir a Mariano, o famoso verdugo de Burgos e aplicáronlle o garrote vil. Antes de morrer, permitiúselles ver a súa familia e outorgar testamento a fe do notario don José Roán Tenreiro.

Gozaron tamén de repercusión durante esa época o crime ocorrido no buque “Eolo”, ao que se lle aplicou a Lei Penal da mariña mercante, e o seu autor, Eduardo Muñiz que morreu a garrote vil.

Non quero deixar de mencionar outro xuízo de notoriedade ampla na prensa celebrado na Sala de Xustiza da Auditoría de Mariña do Ferrol o 10 de novembro de 1960 no que interviu como avogado defensor, o daquela aínda letrado mozo, don

Luis Spiegelberg, no coñecido crime da praia de Baldaio, no que foi acusado pola morte da súa muller, Evaristo Vilas Cotelo, e condenado a 26 anos de cárcere.

No período 1950-1960, que coincide con relación a Fermín Bouza Brey, co pulo da súa vida profesional como avogado, a escaseza de unidades xudiciais era evidente. Sirva de exemplo A Coruña, onde había unicamente dous xulgados de primeira instancia e instrución, que transcorridos algúns anos tiveron como titulares a xuíces e maxistrados, algúns xa falecidos; evocamos os seus nomes con admiración e simpatía: Ricardo Leirós Freire, Julián Rodríguez Gil, José Antonio García Caridad, Juan Rodríguez Cardama, Victorino Fuentes Pinto entre outros, todo eles co paso do tempo pasaron a teren postos de maior responsabilidade na Audiencia e Tribunal Superior de Xustiza.

Estes breves apuntamentos arredor de Fermín Bouza Brey e o seu tempo, son unha moi modesta e sinxela contribución destinada a manter viva a lembranza desta figura galega, referente importante nos aspectos xurídicos, literarios e humanísticos.

Non quero finalizar, aínda que sexa reiterativo, sen afirmar unha vez máis a miña admiración por esta figura que tiña na súa alma o nome de Galicia, e que, aguilloado e abafado polo entorno socio-político, non se dobregou na súa vontade e na súa grandeza, deixándonos unha importante obra xurídica, literaria e humanística que tiña como cerne esencial a súa patria galega.

ANXOS SOBRIÑO PÉREZ
LINGÜISTA DA AUDIENCIA PROVINCIAL
DE PONTEVEDRA

A MODERNIZACIÓN DA
LINGUAXE XURÍDICA GALEGA

1. A LINGUAXE XURÍDICA, LINGUA DE ESPECIALIDADE

A lingua do dereito é unha lingua de especialidade que se define por dous trazos principais: a **materia** ou materias que abrangue e os **contextos** nos que se produce. Por unha parte, a materia non é única, xa que temos dentro do dereito diferentes áreas e subáreas con terminoloxía específica: civil, penal, administrativa, laboral, mercantil, etc. E tampouco o contexto é unitario pois a linguaxe xurídica non se produce só nos tribunais de xustiza, senón tamén nos parlamentos, nas administracións públicas, nas notarías, nas universidades como materia de estudo e investigación, e mesmo en certas relacións privadas entre as persoas (nos contratos). De feito, algúns autores diferencian subtipos de linguaxe xurídica en función do contexto: por exemplo, Jesús Prieto de Pedro fala de linguaxe legal¹ (a linguaxe das leis) fronte a linguaxe xudicial (a dos órganos que imparten xustiza).

Alén da especificidade do tecnolecto xurídico, os textos xudiciais inclúen terminoloxía de moi diversos ámbitos, porque as leis e as resolucións xudiciais falan da realidade social e esta é moi variada. Unha lei sobre urbanismo ten termos de construción, unha sentenza sobre delitos de lesións contén termos médicos, e así con calquera materia que poidamos imaxinar.

Neste texto imos analizar dunha maneira xenérica as características lingüísticas da linguaxe xurídica galega, que non son moi diferentes das da castelá, porque ambas beben das mesmas fontes lexislativas. Entre os trazos que estudaremos, abordaremos con máis detalle unha serie de cuestións gramaticais, sintácticas e estilísticas que cómpre mellorar na lingua do dereito, se buscamos que sexa máis comprensible sen restarlle precisión. Por outra banda, completaremos esta análise con recomendacións de mellora. E, finalmente, describiremos os tímidos pasos que se deron institucionalmente para modernizar a linguaxe do dereito.

2. CARACTERÍSTICAS DA LINGUAXE XURÍDICA

Os trazos que definen a linguaxe xurídica están determinados polo propio feito de ser unha linguaxe de especialidade utilizada en contextos formais. Isto implica, por exemplo, que pertenza ao rexistro culto, ou que teña unha estrutura ríxida e un carácter eminentemente argumentativo.

¹ Jesús Prieto de Pedro inclúe no seu libro *Lenguas, lenguaje y derecho* un capítulo específico sobre os vicios da linguaxe legal e fai propostas para melloralas: “Los vicios del lenguaje legal. Propuestas de estilo”, páx. 143-192 de Prieto de Pedro (1991).

Por outra banda, hai trazos que son consecuencia da evolución desta linguaxe; prodúcense maioritariamente por mor do seu carácter conservador e arcaico. A tendencia á excesiva complicación da sintaxe ou a preferencia por parágrafos e oracións demasiado longos son mostras destas características. As recomendacións actuais de mellora da calidade, modernización e democratización da linguaxe xurídica aconsellan corrixir pouco a pouco estes aspectos.

Entre os primeiros trazos, podemos enumerar os seguintes:

- **Rixidez estrutural dos documentos:**

A maior parte dos textos xurídicos teñen unha división en seccións fixada legalmente, e isto condiciona a maneira de ordenar a información e de compor o discurso. Por exemplo, os artigos 206 a 209 da Lei de axuizamento civil (LAC) indican como deben organizarse providencias, autos e sentenzas. Afortunadamente, esta lei superou a antiga división das resolucións xudiciais en “resultandos” e “considerandos”, que obrigaban a comezar cada parágrafo cunha oración subordinada e provocaban períodos sintácticos extensos e artificiosos.

- **Formalidade, impersonalidade e funcionalidade comunicativa:**

O texto xurídico pertence ao rexistro culto, xa que se produce en contextos –máis escritos ca orais– dun alto formalismo. Este feito provoca que na comunicación xurídica deban predominar trazos de neutralidade afectiva e respecto entre os interlocutores. Ademais, a principal función dun texto xurídico é a comunicación eficaz cos seus destinatarios, por riba de criterios estéticos ou expresivos.

- **Discurso eminentemente argumentativo:**

Aínda que nos textos xurídicos se combinan diferentes formas de discurso (hai descrición e narración, por exemplo, cando se redactan os feitos probados dunha sentenza), a argumentación é o piar da composición xurídica. A expresión de ideas e pensamentos ten que ser fundamentada e xustificada con base no ordenamento xurídico, para chegar finalmente a unhas conclusións ou decisións categóricas e convincentes. Esta característica supón outros trazos engadidos: necesidade de claridade e precisión á hora de redactar, máximo coidado na estruturación do texto, ordenación lóxica de ideas, etc.

- **Precisión terminolóxica:**

Na redacción xurídica, coma noutras linguas de especialidade, a precisión dos termos que se empregan é garantía dunha comunicación fiable e segura. Ademais, a terminoloxía do dereito ten unha característica peculiar que a diferencia, en parte, doutras linguas de especialidade: unha alta porcentaxe dos seus termos está formada por palabras de uso común que, no contexto formal dunha resolución xudicial ou dun documento legal, adquiren valores técnicos. Por iso, moitas palabras de uso case sinónimo na lingua común son conceptos totalmente distintos na lingua do dereito (*roubo/furto, homicidio/asasinato, etc.*), ou simplemente teñen significados diferentes no contexto xudicial (*actor, falta...*).

- **Certo arcaísmo nas formas:**

Os textos xurídicos aínda inclúen numerosos latinismos (*in dubio pro reo, ab intestato; in fine; mortis causa...*), e formas arcaicas da lingua (*por maior abastanza, outrosí, desafuzamento, estupro, aleivosía...*). Isto é debido en boa medida a que a lingua do dereito é a linguaxe de especialidade coa tradición documental máis antiga, o que, unido ao seu carácter inmovilista, permitiu que se conservase terminoloxía arcaica de maneira natural. Ademais, no galego esta característica tamén se debe a que a fixación do léxico do dereito se fixo en moitos casos a partir dos textos xurídicos medievais: *danos e perdas, axuda de custa, allear, testamenteiro, concello, etc.*

O segundo grupo dos trazos que describen os textos xurídicos está formado por aspectos herdados da maneira de redactar ampulosa e escura que caracterizou a linguaxe xurídico-administrativa doutro tempo. Mantéñense por inercia e por unha falta de modernización total desta linguaxe. Así e todo, moitos deles tampouco son trazos exclusivos dos documentos xurídicos, son problemas de redacción e erros sintácticos que podemos encontrar tamén, especialmente, en textos xornalísticos. Iremos enumerar algúns deles con exemplos extraídos de documentos xudiciais.

A. Abuso das oracións subordinadas

A lexislación procesual di que **as resolucións xudiciais teñen que estar motivadas** (art. 218 da LAC). Esta obriga legal fai que os redactores das sentenzas se vexan ás veces “forzados” a introducir numerosas oracións subordinadas, para intentar aclarar o mellor posible a súa decisión final. No entanto, a precisión de matices,

posibilidades e excepcións non ten que facerse nunha única oración; existen outros recursos que debemos potenciar para facer máis comprensible o discurso. Así, cumprimos tamén a outra indicación do artigo 218 da LAC: *as sentenzas deben ser claras.*

O exceso de subordinación ten como consecuencia outro problema bastante común: a composición de **oracións e parágrafos demasiado longos**. Se queremos redactar textos máis comprensibles, é preferible optar por parágrafos nos que desenvolvamos un único tema por medio de oracións máis breves, pero ben enlazadas. Para darlle unha estrutura coherente e intelixible tanto a oracións coma a parágrafos, son moi útiles os chamados “marcadores textuais”, que axudan o lector a comprender o texto: *en primeiro/segundo/terceiro lugar, en relación co anterior, en cambio, en concreto, para concluír, etc.*

Finalmente, como consecuencia do abuso da subordinación e da excesiva lonxitude das oracións, non é raro cometer outras incorreccións gramaticais: faltas de concordancia ou anacolutos. Con oracións breves e máis puntos e seguido podemos chegar á mesma precisión, sermos máis claros e evitarmos este tipo de erros involuntarios. Os dous parágrafos seguintes serven para exemplificar todos estes trazos:

O Ministerio Fiscal nas súas conclusións provisionais que logo elevou a definitivas cualificou os feitos como constitutivos dun delito contra a saúde pública na súa modalidade de substancias que causan grave dano á saúde pública do artigo 368 do Código penal, do que consideraba responsable, en concepto de autor, o acusado, non apreciando a concorrencia de circunstancias modificadoras da responsabilidade criminal, e solicitando a pena de 4 anos de prisión, coas accesorias de inhabilitación especial para o dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena, así como a multa de 207 euros coa responsabilidade persoal subsidiaria en caso de non pagamento de vinte días de privación de liberdade, pagamento das custas, así como o comiso da droga intervida consonte o artigo 374 do Código penal, co seu destino legalmente previsto.

Non se pode penar por un delito distinto do que foi obxecto de acusación aínda que a pena dunha e outra infracción fosen iguais ou, incluso, a correspondente ao novo delito fose inferior á do delito acusado, agás que entre ambos exista unha evidente e notoria homoxeneidade que se vén predicando dos delitos que coinciden nos elementos compoñentes da acción primaria, de xeito que os que configuren a forma delituosa pola

que se condene formen así mesmo parte dos elementos integrantes ou definidores do delito polo que se acusou, quedando así incólume o dereito de defensa posto que a quen se lle efectúa o definitivo reproche penal ben puido defenderse dos elementos ou requisitos da infracción delituosa pola que se viu condenado. [En negra salientamos un erro de concordancia.]

B. Exceso de incisos

Probablemente tamén por mor da necesidade de motivar as decisións, enchemos os textos de aclaracións constantes, que fragmentan o discurso e dificultan a comprensión. Valerían tamén como exemplos os textos do punto anterior, pero o seguinte fragmento sérvenos para ilustrar que moitas veces se trata dun vicio herdado dos textos legislativos. Este parágrafo fai referencia a un artigo da Lei de axuizamento criminal que está redactado exactamente cos mesmos incisos:

No artigo 759.1º do mesmo texto legal dispónse que, cando un tribunal ou xulgado rexeite o coñecemento dunha causa ou reclame o coñecemento da que tivese outro, e exista dúbida verbo de cal é o competente, se non hai acordo na primeira comunicación que con tal motivo se dirixan, poñerán o feito, sen dilación, en coñecemento do superior xerárquico, por medio de exposición razoada, para que o referido superior, tras oír o fiscal e os que se constituíron en parte en comparecencia que se celebrará dentro das vinte e catro horas seguintes, decida no acto o que estime procedente, sen ulterior recurso.

C. Puntuación deficiente ou confusa

Cando un texto é complicado sintacticamente, é necesario que a puntuación sexa clara e axude o lector, cousa que non sempre conseguimos nos textos xurídicos: faltan ou sobran signos e utilizamos repetitivamente o mesmo recurso, a coma. Ademais, tamén é un erro común pórmos comas onde non deben ir: por exemplo entre suxeito e verbo ou entre verbo e complemento directo.

**O Ministerio Fiscal, presentou o escrito de conclusións provisionais.* [Non debe ir coma entre suxeito e verbo, aínda que se faga unha pequena pausa; o correcto é: *O Ministerio Fiscal presentou o escrito de conclusións provisionais.*]

Cando redactamos **oracións de relativo**, hai que ter especial coidado á hora de puntuar. O uso ou non da coma para separar a oración subordinada do antecedente supón un cambio de significado importante; con coma ten valor explicativo, sen ela teno especificativo:

A recorrente, Xoana Vieira, alegou... [Hai unha única recorrente e explicamos como se chama.]

A recorrente Xoana Vieira alegou... [Entendemos que pode haber máis recorrentes, e neste caso especificamos que se trata de Xoana Vieira.]

D. Ordenación estraña dos elementos da oración

É bastante habitual que a orde dos elementos da oración non sexa a máis sinxela e transparente, o que nos obriga a facer un esforzo suplementario para situar mentalmente os elementos. Debemos recoñecer que hai veces en que a colocación diferente dos elementos da frase ten unha explicación informativa: queremos destacar o que dicimos primeiro porque é máis importante:

Como autor dunha falta de lesións [...] foi condenado AAA; polo delito de posesión de armas foi condenado BBB. [Dámoslle máis importancia ao motivo polo que foron condenadas ambas as persoas ca ao seu nome, quizais porque xa se especificou antes.]

Con todo, esta función informativa que acabamos de exemplificar non adoita cumprirse sempre. Moitas veces a ordenación dos elementos da oración é unha mostra do carácter arcaico desta linguaxe, xa que reproduce estruturas anticuadas. Un exemplo común é a colocación dos adxectivos preferentemente antes do substantivo que modifican, cando a orde non marcada da nosa lingua é a posposición:

A pola xuíza reflectida contundente declaración... en lugar de *A contundente declaración reflectida pola xuíza...*

A condena pola falta de lesións do artigo 617.1º do Código penal, motivada, correcta e axustada a dereito se presenta. [É moito máis claro *A condena pola falta de lesións do artigo 617.1º do Código penal preséntase motivada, correcta e axustada a dereito.*]

E. Preferencia pola substantivación

Co fin de darlle ao discurso un carácter máis impersoal, tendemos a abusar dos substantivos que indican acción, en lugar dos verbos correspondentes. Con todo, o emprego destes substantivos produce un discurso menos preciso (non queda sempre claro quen realiza a acción) e máis repetitivo (sobre todo, con sucesións de substantivos acabados en *-ción*):

*Coa medida cautelar da prisión provisional perséguese o **aseguramento** da presenza do imputado no xuízo, así como a **evitación** da **ocultación**, **alteración** ou **destrución** das fontes de proba.* [É máis precisa e fluída a redacción seguinte: *Coa medida cautelar da prisión provisional perséguese **asegurar** a presenza do imputado no xuízo, así como **evitar** que este **oculte**, **altere** ou **destrúa** as fontes de proba.*]

Relacionado coa preferencia pola construción nominal está outro trazo cotián nos textos xurídicos: o abuso da construción formada por un verbo baleiro –sen significado pleno no contexto– e un substantivo que si achega valor léxico. Podemos alixeirar o discurso simplemente cun verbo que ten o valor do conxunto:

En lugar de *facen uso, proceden á sinatura, facen entrega, proceden á declaración, proceden á reforma*, ou *están en posesión* podemos empregar *usan, asinan, entregan, declaran, reforman*, ou *posuín.*

F. Despersonalización do discurso

A comunicación xurídica ten que ser correcta, impersoal e obxectiva cos destinatarios. Pero isto non significa que se deba diluír a responsabilidade das persoas que asinan os documentos e que toman as decisións. Aínda é común encontrar nas resolucións xudiciais verbos en forma pasiva reflexa (con valor impersoal) que deberían ir en primeira persoa, porque fan referencia aos asinantes e responsables do documento.

En lugar de *Absólvese a AAA do delito...* é preferible optar por *Absolvo/ Absolvemos a AAA do delito...*

G. Uso frecuente da voz pasiva

Nos textos xurídicos é moi habitual o emprego preferente da voz pasiva fronte á activa. O erro en si non está no uso, porque é unha construción propia dos rexistros formais, senón no seu abuso inxustificado.

O discurso é máis fluído se damos prioridade a construcións como *A procuradora presentou unha denuncia*, en lugar de *Foi presentada unha denuncia pola procuradora*.

Unha consecuencia da proliferación da pasiva e das construcións impersoais son as chamadas tradicionalmente **pasivas reflexas**, que por erro se empregan **con complemento axente expreso**. A función da pasiva reflexa é darlle un valor impersoal á acción, xa que se utiliza cando non sabemos quen é o axente ou non o queremos indicar. Daquela, é contraditorio co seu valor o uso simultáneo cun axente expreso. Neste caso, recomendamos substituílas por construcións activas:

En lugar de **interpúxose unha querela polo procurador de AAA*, o correcto é *o procurador de AAA interpuxo unha querela*.

Quizais tamén como consecuencia da preferencia polas construcións pasivas topamos nos textos xurídicos algúns verbos “transitivizados”: verbos intransitivos utilizados en voz pasiva como se fosen transitivos.

Non se debe dicir **mercadorías supostamente apropiadas polo acusado*, senón *mercadorías das que supostamente se apropiou o acusado*.

H. Erros no réxime preposicional dos verbos

Tendemos a empregar como se fosen transitivos, é dicir, con obxecto directo, algúns verbos que son intransitivos. Ás veces a confusión prodúcese por semellanza de significado con outros verbos (por exemplo, *impugnar* e *apelar* teñen un significado semellante, pero unha estrutura sintáctica diferente):

Non é **recorreron a sentenza*, senón *recorreron **contra** a sentenza*; nin tampouco **apelou a decisión do xulgado*, senón *apelou **contra** a decisión do xulgado*; pero si é correcto *impugnou a decisión do xulgado*.

I. Emprego incorrecto do xerundio

O xerundio en galego é unha forma correcta se a empregamos de maneira adecuada, basicamente con valor de **simultaneidade** ou **anterioridade**. Mais nos textos xudiciais abundan casos de usos deturpados: os que indican posterioridade, os xerundios especificativos, ou os que expresan consecuencia. No caso dos primeiros, non se trata só dun problema de estilo, senón tamén de precisión: o xerundio emprégase cun matiz de tempo que non lle corresponde, o que pode levar a erros de interpretación.

*[...] precisou tratamento cirúrxico consistente na sutura das feridas e do tendón extensor, ***tardando** en sandar uns dezoito días impeditivos, e ***quedándolle** como secuela cicatrices de dous e tres centímetros no cuarto e no quinto dedo da man dereita.* [Xerundios que indican posterioridade; debemos substituílos por *tardou* e *quedáronlle*.]

*Presentou un recurso ***probando** os vicios da resolución da primeira instancia.* [Exemplo de xerundio especificativo, tamén chamado “xerundio do BOE” por ser habitual nas súas disposicións: *orde ***aprobando**...* Debemos pór no seu lugar *recurso no que proba os vicios* ou *recurso co fin de probar os vicios*.]

*Non tivo coñecemento da citación ata o día da vista, **impedíndolle** así o lexítimo dereito de defensa.* [Xerundio consecutivo; debemos cambialo por *o que lle impediu o lexítimo dereito de defensa*.]

J. Abuso de anáforas

En boa parte por mor da complicación das oracións e da cantidade de incisos, vémonos tamén obrigados a empregar continuamente referencias anafóricas para que o lector non perda o fío do discurso: *o/a mesmo/a, o/a devandito/a, o/a referido/a, aquel/a, ese/a, o/a dito/a, tal*, etc. Curiosamente, a máis común (*o/a mesmo/a*) é unha anáfora considerada vulgar pola Real Academia Española, malia ser unha praga nos textos xurídico-administrativos. Xa no ano 1997, Lázaro Carreter incluía no seu libro *El dardo en la palabra* un xocosos exemplo para ridiculizar o abuso desta anáfora (páx. 311):

[...] Hasta ahora no ha pasado a la lengua coloquial; se mantiene en la prosa escrita o leída; pero, si el ridículo no lo extingue [...], pronto mantendremos diálogos así:

-Juraría que me había echado las llaves al bolsillo de la chaqueta, pero no llevo las mismas en el mismo.

-¿Te has mirado en el pantalón? Puedes llevarlas en los bolsillos del mismo.

-No, no llevo las mismas en el mismo. Al salir de casa habré dejado las mismas sobre algún mueble de la misma, mientras sacaba el abrigo y me ponía el mismo.

-Tendrás que llamar al cerrajero para que abra la puerta.

-Sí, aquí tengo el teléfono del mismo. Nos cambió la cerradura de la misma hace poco, y conocerá la misma...

Este texto é unha esaxeración, porque non falamos así, pero si escribimos algo semellante ao anterior. A maioría das veces *o/a mesmo/a* pódese substituír facilmente por un posesivo, por outro pronome, ou simplemente é innecesario.

En canto á declaración da vítima e á aptitude da mesma [mellor e á súa aptitude].

Reducíndose a proba a tales datos obxectivos, os mesmos non constitúen delito [mellor estes].

Tal decisión determinará os feitos punibles e identificará a persoa a quen se lle imputan os mesmos [neste caso a anáfora podería eliminarse sen perder precisión].

K. Abuso de maiúsculas

Nos textos xudiciais tendemos a usar as maiúsculas de forma desmesurada e inapropiada. Non é función da maiúscula destacar palabras, nin sinalar a importancia dun cargo ou dunha profesión. Para exemplificar este trazo, indicamos só algúns dos casos máis repetidos de emprego errado das maiúsculas:

Cos días da semana e meses do ano, probablemente por anglicismo.

Cos nomes de cargos e profesións de certa relevancia, ou para marcar a autoridade: **Xuíza, *Avogada, * Conselleiro*, etc.

Para darlle énfase a elementos do texto: *Presentou un *Recurso de *Apelación contra o *Auto que lle denegaba o permiso.*

3. A CALIDADE DA REDACCIÓN XURÍDICA: ALGUNHAS RECOMENDACIÓNS

Como acabamos de ver, os problemas principais dos textos xurídicos radican na sintaxe, na construción de parágrafos e oracións e en cuestións estilísticas. Daquela, as solucións deben basearse na procura dunha **redacción máis comprensible, ordenada e sinxela**, sen prexuízo de que cada autor manteña o seu estilo persoal. Coas seguintes recomendacións procuramos dar pautas para que cadaquén mellore a calidade dos seus textos co obxectivo de conseguir a máxima eficacia comunicativa, sen renunciar ao rexistro culto característico do tecnolecto xurídico. É un erro presupor que unha maior sinxeleza atenta contra a especialidade da linguaxe do dereito, ou que a calidade da lingua escrita precisa de complexidade gramatical.

Ademais, a **comunicación xurídica debe ser democrática**, é dicir, respectar o dereito de todas as persoas a acceder á información que as incumbe, de acordo coa *Carta de dereitos dos cidadáns ante a xustiza*². Xa que logo, debemos procurar que os textos xurídicos sexan claros, concisos e precisos, sen recursos retóricos innecesarios que dificulten a comprensión.

Alén de evitar os erros mencionados no punto anterior, aconsellamos ter en conta varios aspectos á hora de afrontar a composición dun texto xurídico³:

Cómpre **estruturarmos adecuadamente o que imos dicir**. Antes de iniciar un texto de tamaño medio, e especialmente sendo argumentativo, é recomendable **compilar as ideas e xerarquizalas**. A partir desa xerarquización, podemos facer un esquema dos temas que imos tratar, con seccións, subseccións, etc., que será o esqueleto do documento e nos axudará a organizar mellor a información.

De entre os elementos do texto (seccións, capítulos, parágrafos, oracións...), imos centrar as recomendacións na composición das oracións e dos parágrafos.

Orientacións para a elaboración das oracións:

A. Se podemos evitalo, intentaremos que **non sexan demasiado longas e complexas**, para que a comprensión do texto non requira un esforzo suplementario. Procuraremos facer un **uso moderado dos incisos**, porque provocan unha fragmentación das ideas e dificultan a intelixibilidade do texto. O exceso de incisos e subordinación podemos convertelo en oracións novas dentro do mesmo parágrafo:

² http://cpapx.xunta.es/c/document_library/get_file?folderId=127843&name=DLFE-4829.pdf

³ Son recomendacións maioritariamente tiradas do libro de Daniel Cassany *La cocina de la escritura*.

Exemplo:

Con motivo dos feitos, consta que a vítima presentou, e padece, un cadro clínico con trastorno por desorde postraumática, polo demais, que, tamén confirmado polos médicos forenses, no seu caso é maior do habitual, polo que a teor disto a indemnización por danos morais solicitada pola acusación é adecuada.

Proposta de redacción alternativa:

Con motivo dos feitos, consta que a vítima presentou -e padece- un cadro clínico con trastorno por desorde postraumática. De acordo coa opinión dos médicos forenses, neste caso a enfermidade acada un grao de gravidade maior do habitual. Xa que logo, a indemnización por danos morais solicitada pola acusación é adecuada.

B. Tampouco son aconsellables **oracións** demasiado **telegráficas**, porque son difíciles de enlazar dentro dun parágrafo.

C. A orde lóxica dos elementos da oración (suxeito + verbo + complementos) é máis accesible para o receptor. Cómpre mudala unicamente cando o cambio teña unha función informativa.

D. Resulta máis directo usar construcións en voz activa (*O xuíz resolveu concederlles a custodia compartida...*) ca oracións en voz pasiva ou impersoais (*Resolveuse a prol da custodia compartida...*).

E. Debemos evitar unha linguaxe excesivamente telegráfica, sen os artigos e os conectores necesarios:

O correcto é *a defensa solicitou **que** se ditase unha sentenza*, en lugar de **a defensa solicitou se ditase unha sentenza*; ou é mellor *a psicóloga presentou **un** informe pericial* que *a psicóloga presentou informe pericial*.

F. É recomendable evitar unha excesiva nominalización do discurso, é dicir, usar preferentemente nomes no canto dos verbos correspondentes. Esta técnica réstalle naturalidade á redacción e faina máis monótona.

A parte demandante solicitou que a condena incluíse o pagamento das rendas pendentes e dos xuros legais [...] resulta máis natural ca *A solicitude da parte demandante da condena ao pagamento das rendas pendentes e dos xuros legais [...]*.

Orientacións para a composición dos parágrafos:

A. Os parágrafos serven para desenvolver unha idea; xa que logo, deben ter **unidade de significado**: o correcto é que coloquemos dúas ideas contrapostas ou totalmente distintas en parágrafos diferentes, e que unha idea única a desenvolvamos nun só parágrafo. Unha estratexia para verificar se cumprimos estes requisitos é intentarmos pórllle mentalmente un título a cada parágrafo: se os títulos mentais non se solapan e gardan unha estrutura de contidos lóxica, os parágrafos están ben construídos e o esquema do texto é coherente.

B. Procuraremos **evitar os parágrafos que só inclúen unha oración**. Se se trata dunha oración curta, dificilmente pode servirnos para desenvolver un tema. E se cunha oración moi longa chegamos a tratar polo miúdo unha idea, resultará demasiado complicada de entender, terá moitos incisos e sempre se poderá dividir en varias.

C. Como orientación, o tamaño que recomendan os libros de estilo é de non máis de 5 oracións, 20 liñas ou 100 palabras para cada parágrafo.

Ademais, debemos procurar que os textos teñan **corrección léxica e gramatical**: termos coidado coa colocación dos pronomes, evitarmos castelanismos gramaticais e léxicos, respectarmos as regras de acentuación...

Un texto mal puntuado pode ser ambiguo, confuso, ou mesmo dicir o contrario do que pretendemos. É moi importante **coidar a puntuación**, especialmente en textos longos e complicados.

Logo de redactalo, **é imprescindible revisar o texto**. Coas présas do traballo cotián tendemos a deixar de lado esta fase da composición, que é unha das máis importantes. Cómpre reler o texto con tranquilidade e avaliar se o resultado cumpre as condicións de coherencia, claridade e precisión dun documento de calidade. Esta fase tamén nos serve para corrir erros puntuais que non apreciamos durante o proceso de redacción e para depurar e simplificar o contido innecesario e a información repetida.

4. A MODERNIZACIÓN DA LINGUAXE XURÍDICA DESDE AS INSTITUCIÓNS

A linguaxe xurídica -como a administrativa- sufriu nas últimas décadas un proceso lento de modernización e adaptación á realidade actual, máis democrática e equilibrada no trato entre Administración e cidadanía. Os factores que motivaron

estes cambios foron basicamente tres: a consolidación dunha sociedade na que a relación da cidadanía cos poderes públicos é máis igualitaria; o aumento da complexidade da sociedade, que se plasma nos textos xurídicos e administrativos e os fai difíciles de entender; e os movementos cívicos na procura dunha linguaxe xurídico-administrativa máis comprensible e de maior calidade (*Plain English Movement* nos Estados Unidos ou a *Association pour le bon usage du français dans l'administration* en Francia).

En España, os avances no eido da linguaxe xurídica aínda son pequenos en comparación co camiño andado pola lingua administrativa. As recomendacións do *Plain Language Movement* ou *movemento pola linguaxe chá ou sinxela* incidiron maioritariamente nesta última⁴, tanto desde a lingua castelá coma desde as demais linguas cooficiais. Neste punto, cómpre destacarmos o caso do catalán, éuscaro e galego, que chegaron ao status de oficialidade no momento de xeneralización deste *movemento pola linguaxe chá*, e souberon aproveitalo para, asemade, diferenciarse do castelán e modernizar a súa linguaxe administrativa⁵. No entanto, no campo xurídico, os avances aínda están lonxe do desexable.

Con todo, un dos cambios máis relevantes –que xa mencionamos– foi o paso dos “considerando” e “resultando” da antiga lei de axuizamento civil á actual estrutura das resolucións xudiciais en “antecedentes de feito”, “fundamentos de dereito” e “parte dispositiva” (artigos 208 e 209 da LAC). A nova estruturación conseguiu pouco a pouco evitar que cada parágrafo das resolucións comezase cun deses xerundios, que obrigaban a continuar con oracións subordinadas interminables.

A preocupación pola calidade e a modernización da linguaxe xurídica tamén se plasmou en iniciativas gubernativas, mais de momento non tiveron un froito que poidamos loar. O Ministerio de Xustiza aprobou en 2003 unha orde para a creación dunha Comisión de Estudo para a Modernización da Linguaxe Xurídica (Orde JUS/3126/2003, do 30 de outubro⁶), que nunca chegou a funcionar. E o actual Goberno promulgou unha resolución pola que se crea unha comisión semellante co fin de analizar a situación e impulsar accións para que a linguaxe xurídica sexa máis comprensible (Resolución do 21 de xaneiro de 2010, pola que se publica o

⁴ O proceso de modernización da linguaxe administrativa iniciouse nos anos 80 e 90 do século pasado (Nagore Laín, 2009, páx. 22-27).

⁵ Para o caso galego cómpre destacar, entre outras accións, a constitución dunha sección de linguaxe administrativa no Instituto da Lingua Galega nos anos 80, a publicación do boletín *Lingua e Administración* da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística ou a edición do *Manual de linguaxe administrativa* pola EGAP no 1991.

⁶ <http://www.boe.es/boe/dias/2003/11/11/pdfs/A39810-39810.pdf>.

Acordo do Consello de Ministros do 30 de decembro de 2009, para constituír a Comisión de Modernización da Linguaxe Xurídica)⁷.

Todas estas accións enmárcanse no *Plan de transparencia xudicial*⁸ e procuran o cumprimento dos artigos 5, 6, 7 e 8 (“Unha xustiza comprensible”) da *Carta de dereitos dos cidadáns ante a xustiza* [as negras son nosas]:

5.- O/A cidadán/á ten dereito a que as notificacións, citacións, emprazamentos e requirimentos conteñan **termos sinxelos e comprensibles**, e a que se evite o uso de elementos intimidatorios innecesarios.

6.- O/A cidadán/á ten dereito a que nas vistas e comparencias se utilice unha **linguaxe** que, respectando as esixencias técnicas necesarias, resulte **comprensible para as persoas que non sexan especialistas en dereito**.

Os xuíces e maxistrados que dirixan os actos procesuais velarán pola salvagarda deste dereito.

7.- O/A cidadán/á ten dereito a que as **sentenzas e demais resolucións xudiciais** se redacten de tal forma que sexan **comprensibles** polos seus destinatarios, empregando unha **sintaxe e estrutura sinxelas, sen prexuízo do seu rigor técnico**.

Deberase facilitar especialmente o exercicio destes dereitos naqueles procedementos nos que non sexa obrigatoria a intervención de avogado e procurador.

8.- O/A cidadán/á ten dereito a dispor gratuitamente dos formularios necesarios para o exercicio dos seus dereitos ante os tribunais cando non sexa preceptiva a intervención de avogado e procurador.

A pesar destes esforzos teóricos, na práctica o programa informático que se emprega hoxe na maioría dos órganos xudiciais, o Minerva –agora reconvertido en Minerva NOX (nova oficina xudicial)–, aínda contén modelos de documentos cunha redacción anticuada, escura e incomprensible para a maioría da cidadanía.

⁷ <http://www.boe.es/boe/dias/2010/02/01/pdfs/BOE-A-2010-1522.pdf>.

⁸ <http://www.boe.es/boe/dias/2005/11/01/pdfs/A35729-35755.pdf>.

É dicir, a principal ferramenta de traballo dos órganos xudiciais non cumpre co espírito da citada carta.

Non obstante, no contexto galego, si se produciron algúns avances, a pesar das eivas que aínda existen hoxe para traballar en galego -nas que non entraremos agora-. Un dos máis destacados foi a publicación en 2010 do *Manual básico de documentación administrativa e xurídica*⁹, no que se inclúen modelos de documentos xurídicos cunha redacción sinxela, clara e ben estruturada. Esta publicación editouse co fin servir de apoio para os cursos de linguaxe xurídica, outro dos grandes polos para a modernización da lingua do dereito.

Sen entrar a valorar a calidade destes cursos -que non sempre cumpriron o que se agardaba deles-, nin os inconvenientes que pode supor a heteroxeneidade do seu alumnado, debemos recoñecer que tamén contribúen a mellorar a redacción dos documentos xurídicos e a modernizar o seu estilo. No programa destes cursos inclúense contidos sobre calidade na redacción, estruturación de ideas, puntuación, etc.

Dentro do eido da formación, merecen unha mención especial os cursos de linguaxe xurídica que organizan as escolas de práctica xurídica, porque preparan un alumnado moito máis homoxéneo directamente para a actividade profesional. Estes cursos palían o déficit de formación lingüística das facultades de dereito. Ademais, o feito de que se trate de cursos de linguaxe xurídica galega axuda a crear seguridade na nosa lingua entre os futuros profesionais. E, finalmente, é moi positivo que vaian dirixidos a persoas que están a punto de incorporarse ao mercado laboral, porque poden aplicar os coñecementos adquiridos desde o primeiro momento da súa carreira profesional.

Por último, cómpre mencionar o labor dos equipos lingüísticos da Administración de xustiza, especialmente nos momentos en que tiveron oportunidade de traducir ao galego os formularios dos programas de tramitación procesual (Libra e a versión anterior de Minerva)¹⁰. Á hora de elaborar a versión galega destes documentos, simplificaron e melloraron a súa redacción de acordo coas recomendacións de estilo que acabamos de comentar. Desta maneira contribuíron a que as versións en galego tivesen unha estrutura máis clara e fosen máis comprensibles.

⁹ <http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/manualxuridico2010.pdf>

¹⁰ Na actualidade o programa que se emprega nos xulgados é Minerva NOX, pero aínda non se iniciou a tradución ao galego dos formularios.

5. CONCLUSIÓN

Debemos partir de que a linguaxe xurídica, para cumprir a súa función, debe seguir a ser unha linguaxe de especialidade, é dicir, ten que manter as características de formalidade, terminoloxía específica, eficacia comunicativa, etc. Pero a xustiza tamén é un servizo para a cidadanía, e un bo uso da linguaxe evita erros de interpretación e supón unha garantía para os dereitos das persoas que se ven envoltas nos procedementos xudiciais. Por todo isto, hoxe as recomendacións neste eido indícanos que avancemos cara a unha linguaxe xurídica máis **sinxela, concisa, e precisa**. Desta maneira, obteremos textos menos ambiguos e a comunicación técnica será moito máis eficaz.

Neste camiño de mellora, alén do labor dos e das profesionais, é necesario que se impliquen as institucións, ofrecendo modelos de documentos acordos coa realidade. A estas alturas, cómpre unha fonda revisión dos formularios que inclúen os programas de tramitación: probablemente con menos modelos pero mellor redactados a comunicación coa cidadanía sería moito máis eficaz. Para levar a cabo este labor é recomendable a colaboración de xuristas e lingüistas: só deste xeito se pode lograr combinar a corrección lingüística coa precisión xurídica.

E, finalmente, temos que puntualizar que moitos dos problemas de redacción mencionados neste artigo se deben á dependencia da linguaxe xurídica galega do modelo castelán. Daquela, podemos aproveitar a opción de pasarnos ao galego como unha oportunidade para superar eses erros adquiridos e asentados ao longo do tempo. O cambio de lingua favorece a reflexión sobre a corrección lingüística e axúdanos a sermos conscientes de que unha linguaxe máis sinxela pode ser asemade elegante, precisa e intelixible.

6. BIBLIOGRAFÍA

Bayo Delgado, Joaquín (1998): “La formación básica del ciudadano y el mundo del derecho. Crítica lingüística del lenguaje judicial”, en Bayo Delgado, Joaquín (dir.): *Lenguaje judicial*. Madrid: Consejo General del Poder Judicial, Cuadernos de Derecho Judicial, páx. 9-37.

Cassany, Daniel (1995): *La cocina de la escritura*. Barcelona: Editorial Anagrama.

Cazorla Prieto, Luis María (2007): *El lenguaje jurídico actual*. Cizur Menor: Thompson-Aranzadi.

Cazorla Prieto, Luis María (2008): “Consideraciones sobre el lenguaje jurídico actual”, en *Estudios en homenaje al profesor Gregorio Peces-Barba*. Madrid: Dykinson, vol. 2, páx. 331-354. <http://www.dykinson-on-line.com/Consideraciones_sobre_el_lenguaje_juridico_actual.ebook5181>

Centro de Estudios Garrigues (2005): *Libro de estilo Garrigues*. Cizur Menor: Garrigues/Thompson-Aranzadi.

De Miguel, Elena (2000): “El texto jurídico-administrativo: análisis de una orden ministerial”, en *Círculo de Lingüística Aplicada a la Comunicación*, núm. 4. Madrid: Universidad Complutense. <<http://www.ucm.es/info/circulo/no4/demiguel.htm>>

Duarte Montserrat, Carles (1998): “Lenguaje administrativo y lenguaje jurídico”, en Bayo Delgado, Joaquín (dir.): *Lenguaje judicial*. Madrid: Consejo General del Poder Judicial, Cuadernos de Derecho Judicial, páx. 39-85

Etxebarria Arostegui, Maitena (1997): “El lenguaje jurídico-administrativo: propuestas para su modernización y normalización”, en *Revista Española de Lingüística*, 27/2, páx. 341-380. <<http://www.uned.es/sel/pdf/jul-dic-97/27-2-Etxebarria.pdf>>

González Salgado, José Antonio (2009): “El lenguaje jurídico del siglo XXI”, en *Diario La Ley*, núm. 7209, 2009. <<http://www.uria.com/docs/O69salgado.pdf>>

Lázaro Carreter, Fernando (1997): *El dardo en la palabra*. Barcelona: Galaxia Gutenberg/Círculo de Lectores.

Mattila, Heikki E. S. (2009): “Los cambios del lenguaje administrativo y jurídico en el mundo de hoy. Un balance comparativo de los últimos veinticinco años”, en *Revista de Llengua i Dret*, 51, páx. 17-37. <http://www10.gencat.net/eapc_rld/revistes/revista.2008-12-02.1415701122/Los_cambios_del_lenguaje_administrativo_en_el_mundo_de_hoy.Un_balance_comparativo_de_los_ultimos_veinticinco_anos/ca>

Nagore Laín, Francho (2009): “El proceso modernizador del lenguaje administrativo español: hitos en su historia externa”, en *Revista de Llengua i Dret*, 52, páx. 13-37. <http://www10.gencat.net/eapc_rld/revistes/revista.2008-12-02.9570890038/El_proceso_modernizador_del_lenguaje_administrativo_espanol_hitos_en_su_historia_externa/ca>

Prieto de Pedro (1991): *Lenguas, Lenguaje y derecho*. Madrid: Civitas.

Rivas Cid, Xoán (coord.) (2010): *Manual básico de documentación administrativa e xurídica*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. <<http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/manualxuridico2010.pdf>>

ÍNDICE

7	Prologos
19	Clodio González Pérez "Fermín Bouza Brey e Trillo: Xuíz e Maxistrado"
75	Cen documentos
159	Xesús Palmou Lorenzo "Fermín Bouza Brey o xuíz da Estrada"
187	Antonio Platas Tasende "Fermin Bouza Brey Xuíz, Avogado, Poeta, Erudito..."
195	Anxos Sobriño Pérez "A modernización da linguaxe xurídica galega"

Este traballo inédito sobre Fermín Bouza Brey publícase cando se cumpren 110 anos do seu nacemento e cincuenta da obrigada renuncia ao seu cargo xudicial polas insidiosas presións motivadas polo seu afervoadado galeguismo.
A Irmandade Xurídica Galega, co gallo da celebración da súa IV Asemblea en Pontevedra, o día 2 de xullo de 2011, na que se incorporan ao proceso de galeguización da xustiza 25 novos membros, quere tributarlle homenaxe de gratitude a un xuíz dos bos e xenerosos.

